



2004

interesa 2004

DEPUTACION

 **interesa** 2004

A  
formación  
na  
acción  
cultural  
local

1 e 2 de  
decembro  
Residencia “Rialta”  
Culleredo (A Coruña)



 DEPUTACION DA CORUÑA

Documentos da Cultura

**ACTAS**

**interea** 2004  
A Formación na Acción Cultural Local

**ACTAS**


Colección  
*Documentos da Cultura*  
Deputación da Coruña

© Editorial:  
Deputación Provincial de A Coruña  
Alférez Provisional, s/n.  
15006 A Coruña

Corrección Lingüística: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Depósito Legal: C-420/05  
ISBN: 84-9812-003-9

Imprenta Provincial  
A Coruña, 2005



Tense afirmado reiteradamente que a cultura é o espazo das ideas. Mais non é menos certo que as ideas precisan de equipamentos, recursos, métodos e profesionais axeitados para as desenvolver con criterios e accións de calidade. Cómpre entendelo así, e outorgarlle o debido valor ao voluntarismo carente de medios ou de cualificación, así como tamén á xenerosidade que anima o labor de moitos profesionais. As potencialidades da cultura como factor de desenvolvemento local, de atractivo económico, de cohesión social, xeradora de identidade e posibilitadora de relacións gratificantes cos demais, son plusvalías que convén xestionar e rendibilizar debidamente.

Estes obxectivos pasan, inescusablemente, por repensar varias cuestións. En primeiro lugar, aqueles que supoñen asumir que tales virtudes da acción cultural, especialmente desde a administración local, son verosímiles. Ou, expresado noutros termos: resulta posible fornecer a identidade dun territorio, desde a súa singularidade, con propostas culturais. É mesmo rendible xerar emprego e resulta un factor suxestivo cara ao alleo situar esa singularidade na centralidade das políticas locais. Por outra parte esta convértese en imprescindible, como elemento facilitador de procesos participativos, creativos e integradores.

En segundo termo, nestas reflexións insírense novos modos de proceder, sustentados por actitudes que deveñan en renovadas iniciativas municipais cara á cultura que deseñamos tomando como referencia as necesidades e expectativas dos ciudadáns. Porque a cultura construímola entre todos e todas, facendo partícipes a diversas administracións públicas, entidades de base de diferentes características, industrias privadas, etc., axentes dinamizadores do comunitario que deben unir sinerxías para multiplicar os resultados positivos dos seus esforzos. O sentido relacional da acción cultural, con certeza, semella un dos compoñentes vitais dela hoxe en día.

E, en terceiro lugar, traducir en obxectivos de política cultural municipal tales virtudes provoca unhas necesidades en termos de infraestruturas e dotacións equipamentais, recursos humanos cualificados, labor en rede interprofesional e entre concellos, apoios de entidades supramunicipais... a que a Deputación da Coruña non é aldea. Baseándose nas súas competencias e atribucións normativas, desde esta entidade que presido procuramos asistir, asesorar e apoiar os municipios da provincia no deseño e implementación das políticas culturais respectivas.

A estabilidade e segura permanencia futura do proxecto Interea, coparticipado coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, é un claro exemplo desta nova actitude que demando para a acción cultural local. A celebración da segunda edición de *Interea Foro*, congregando a responsables políticos e técnicos municipais dunha ampla representación dos concellos da provincia, a investigadores e empresas de servizos socioeducativos e culturais, redonda no dito: un espazo e tempo que sume coñecemento acumulado, vontade política, reflexión e visión prospectiva para o logro dunha maior e mellor intervención no noso territorio.

Salvador Fernández Moreira  
Presidente da Deputación da Coruña

Desde a Deputación da Coruña existe a convicción de que esta debe impulsar e colaborar en múltiples tarefas que afectan aos concellos que a integran, posibilitando que disponan das ferramentas e infraestruturas necesarias para a acción cultural, posto que aqueles son os principais -mais non únicos- actores das políticas culturais implementadas na provincia.

A convocatoria da segunda edición de *Interea Foro*, concretada nun programa temático que se desenvolveu na Residencia "Rialta" no municipio de Culleredo (A Coruña) en decembro de 2004, a que asistiron cerca de cento cincuenta persoas procedentes de máis de sesenta concellos da provincia, serviu para constatar a importancia de celebrar encontros desta natureza. Na Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación provincial somos conscientes da necesidade de activar e celebrar encontros deste tipo entre os responsables políticos e técnicos municipais, onde o diálogo, a análise, o intercambio de experiencias entre municipios, o debate e o esforzo de pensar en clave proactiva o devir da acción cultural local, redunde en beneficios comúns. Neste sentido, desexo salientar a implicación na súa organización, coordinación e execución destas xornadas, así como doutras iniciativas, tanto da Área que teño a ben presidir como do equipo multidisciplinar configurando no seo das Facultades de Ciencias da Educación das Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, coa vontade expresa de contrastar os criterios que guían a reflexión teórica co exercicio da praxe cotiá no labor cultural dos nosos concellos.

Entendemos prioritario abordar o tema da formación, presentando para iso unha proposta de *Plano Formativo*, deseñado polo *Equipo Interea* e sometelo á validación dos seus potenciais destinatarios. Contar con dirixentes políticos das áreas afins á acción cultural, o máis capacitados posible para deseñar as políticas culturais locais, así como cuns recursos humanos que as implementen debidamente, require planificar procesos, actividades e tempos que o permitan. Desde a Deputación da Coruña, asumimos o compromiso de, unha vez consensuado este plano, desenvolvélo nas súas diversas fases. Ademais, reafirmándonos na nosa teima de apoio e asesoramento a edis e técnicos culturais, seguiremos elaborando e propoñendo materiais, información e espazos de encontro e debate para mellorar a eficacia social da acción cultural dos municipios.

Por estes motivos, considero esta publicación de vital utilidade como un instrumento máis de reflexión para políticos, profesionais, investigadores e outros axentes socioculturais da nosa provincia. Nela preténdese deixar constancia escrita da pluralidade e diversidade das accións desenvolvidas e das contribucións realizadas tanto por expertos como polos participantes nas diferentes conferencias, mesas redondas, grupos de traballo e experiencias que conformaron *Interea Foro 2004*.

Por último, subliño a miña satisfacción ao constatar a excelente resposta e acollida desta iniciativa que, de seguro, terá sucesivas edicións, o que contribuirá, con certeza, a incrementar as oportunidades de participación e humanización que depara a convivencia nas nosas aldeas, vilas e cidades.

Celestino Poza Domínguez  
Deputado Provincial de Educación, Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico

A comezos de decembro do pasado 2004, tivo lugar a segunda edición de *Interea Foro* baixo o lema "*A formación na acción cultural local*". Foron convidados a asistir pola Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación da Coruña, os responsables políticos e técnicos das concellarías de cultura de máis de sesenta municipios da provincia e participaron activamente nesta nova convocatoria. A publicación que tedes nas vosas mans é froito dessa celebración e vén aumentar o caudal de información derivado do proxecto *Interea*, iniciado en 2001 e desenvolvido ininterrompidamente ata o momento a través de distintos convenios subscritos polo organismo provincial e as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela, coordinado polo profesor José Antonio Caride.

Ao longo de case dous intensos días, os alí convocados coñeceron e debateron arredor das propostas xurdidas no seo do equipo científico multidisciplinar que coordina o propio foro. O programa, non sen certo risco, trataba de facilitar o encontro e o intercambio de coñecementos, de achegar a través do diálogo as novas realidades que están a xurdir e que inciden de cheo no día a día do labor sociocultural desenvolvido polos municipios. En definitiva, pretendíase pór a disposición duns dos principais axentes do desenvolvemento cultural local un tempo e unhas reflexións, uns instrumentos cara a súa formación e unha serie de materiais complementarios para mellorar no posible tales actuacións.

Agradezo tanto a presenza como a implicación das persoas participantes, dos diversos relatores, así como a boa disposición tanto do persoal do ente provincial como a inestimable colaboración dos demais compoñentes do *Equipo Interea*. Os resultados acadados en termos de asistencia, participación activa nos diversos grupos de traballo e coordinación das mesas redondas e organización en xeral son froito dese quefacer colectivo de todos e todas.

Sendo xa pasado, o que agora presentamos é unha nova mirada ao futuro. Deberá comezar pola lectura pausada dos documentos resultantes, que se inclúen nesta publicación e terá que seguir na convocatoria e desenvolvemento de novas edicións. Para unha e outra ficamos emprazados.

Héctor M. Pose  
Coordinador *Interea Foro 2004*

# ÍNDICE

## RELATORIOS

- *Sobre o contexto, os contidos e os desafíos da Axenda 21 da cultura.* Jordi Pascual i Ruiz ..... 12
- *Deseño e propostas de actuación do Plano formativo na ÁREA de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico.* José Antonio Caride e Carmen Morán (coord.). Belén Caballo, María Dolores Candedo, Raúl Fraguela, Rita Gradaílle, Héctor Pose, Manuel P. Rúa, María Salcines, Araceli Serantes. .... 38
- *Políticos e técnicos municipais: metodoloxías e linguaxes para unha acción común.* Roberto Gómez de la Iglesia ..... 68
- *Políticos e técnicos municipais: metodoloxías e linguaxes para unha acción cultural.* Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez ..... 74
- *A sociedade actual entre o local e o global: posibles implicacións na acción e na cooperación cultural municipal. Apuntamentos para o diálogo con Luis Álvarez Pousa.* Aina Calvo ..... 82
- *Cultura e comunicación na dialéctica da subversión.* Luís Álvarez Pousa ... 88

## EXPERIENCIAS E INICIATIVAS

- *As Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional, como acción de desenvolvemento local.* Mª Isabel Longueira Mira e Francisco X. Fernández Naval ..... 100
- *Mostra das Culturas.* Alberto García ..... 106
- *Planet.club\_pontedeume.* Milagros Herida ..... 114
- *O Programa De @Lfabetización Dixital Nas Bibliotecas Municipais da Coruña.* Julio Pesquero Murillo ..... 118

## AVALIACIÓN

- *Avaliación de Interea 2004* ..... 128
- *Ficha evaluativa* ..... 140

## ASISTENTES

- *Asistentes* ..... 142

*interea*

2004

R E L A T O R I O S

## Sobre o contexto, os contidos e os desafíos da Axenda 21 da cultura

JORDI PASCUAL I RUIZ  
[jpascual@pangea.org](mailto:jpascual@pangea.org)

### INTRODUCIÓN

O documento "Axenda 21 da cultura", foi aprobado por máis de 300 cidades e gobernos locais no IV Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre, reunido en Barcelona os pasados 7 e 8 de maio de 2004, "como documento orientador das políticas públicas de cultura e como contribución ao desenvolvimento cultural da humanidade". O documento é un dos principais legados do Forum Universal das Culturas – Barcelona 2004. Nos próximos anos, o seguimento do documento vaise realizar no marco da nova asociación mundial "Cidades e Gobernos Locais Unidos". Nas próximas páxinas preséntase (1) o contexto de elaboración do documento, (2) o proceso que conduciu á súa aprobación e á dos seus contidos, e (3) os principais retos na continuidade do proceso.

### CONTEXTO

#### 1.1. Sobre os documentos orientadores das políticas culturais locais

Nunca as cidades e os gobernos locais do mundo se puxeran de acordo, nun movemento ascendente, de abaxo-arriba (*bottom-up*) para acordar un marco orientador das súas políticas culturais. Poden trazarse precedentes de documentos de referencia das políticas culturais das cidades europeas, como a *Declaración de Bremen* (1983), declaración tamén "ascendente", é dicir, pactada por delegados de concellos e ratificada por unha instancia internacional, aprobada baixo o paraugas institucional do Consello de Europa e como culminación do proxecto 5 (1978-1982) desta organización internacional e actualizada dez anos máis tarde en Praga. Tamén se pode citar como precedente a *Declaración de dereitos humanos culturais*, promovida pola norteamericana Alliance for Cultural Democracy (1996).

#### 1.2. Sobre os debates pola diversidade cultural

A Axenda 21 da cultura aparece nunha convención marcada polos debates a escala mundial sobre a "diversidade cultural", cuxos axentes principais son os estados. Cabe destacar a complementariedade da Axenda 21 da cultura a respecto destes debates. De feito, estes debates son "sobriños" políticos dos traballos realizados pola UNESCO sobre cultura e desenvolvemento, desde México 1982 (Conferencia Mundial sobre Políticas Culturais ou Mondiacult), pasando polo Decenio Mundial sobre Cultura e Desenvolvemento (1988-1997) culminado coa publicación do informe *A nosa diversidade creativa* (1995), até chegar á Conferencia Intergovernamental de

Políticas Culturais para o Desenvolvimento celebrada en Estocolmo en 1998 e o seu Plano de acción (véxase Vendrol, 2003 para unha análise dos conceptos artelladores neste período). Os contidos do informe e o Plano de acción de Estocolmo, aínda que ambos foron aprobados polos estados membros, non foron implementados con potencia. As circunstancias políticas (especialmente, a ausencia dos Estados Unidos, mais tamén a renuncia dos estados membros en todo aquilo que faga interrogar a súa identidade cultural) impedíronlle á UNESCO unha capacidade de incidencia transversal no goberno mundial e conducírona á adopción dun perfil institucional baixo.

En 2001, porén, as circunstancias cambian. Só dous meses despois dos atentados do 11 de setembro, a UNESCO aproba na súa 31ª Conferencia Xeral, a "Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural", un documento sen forza xurídica (é só unha declaración, non un tratado ou unha convención) mais cunha enorme forza moral e, como se ten demostrado, cunha gran capacidade para reactivar os debates sobre a cultura no mundo (se ben as palabras chave deixan de ser "cultura e desenvolvemento" e pasan a ser "diversidade cultural", un cambio non menor).

O perfil baixo da UNESCO contrastou cunha forte mobilizaciónalgúns estados e moitas instancias non-oficiais, especialmente no último decenio. En primeiro lugar, varios estados contrarios á inclusión dos bens e servizos culturais nas roldas de negociación da Organización Mundial de Comercio, coordinaron as súas accións e crearon a RIPC (Rede Internacional de Políticas Culturais), cuxa primeira reunión informal tivo lugar en Ottawa en xuño de 1998. Francia e Canadá, estaban por suposto dentro deste grupo de estados, aínda que cabe notar que Senegal, Croacia ou Marrocos xogaron tamén un papel impulsor, así como a Organización Internacional da Francofonía. A RIPC defínese como "un foro informal e internacional en que os ministros nacionais responsables da cultura poden analizar e intercambiar puntos de vista sobre asuntos culturais novos e incipientes, ao igual que elaborar estratexias para promoveren a diversidade cultural (...) A RIPC propone fortalecer as políticas culturais de tal maneira que os gobernos, en convención coa sociedade civil, poidan crear un contorno internacional que valore a diversidade, a creatividade, a facilidade de acceso e a liberdade" (RIPC, 2004). Esta rede abandona definitivamente a utilización do concepto "excepción cultural", eminentemente francófono e connotado cunha posición resistencialista, e asume a "diversidade cultural" como palabra estratégica.

A sociedade civil, por outra parte, xogou tamén un papel moi destacado. O mesmo mes de xuño de 1998 e tamén en Ottawa, a Conferencia Canadense das Artes (CCA), en colaboración co Comité Conxunto de Profesionais de Arte e Literatura de Suecia (KLES) organizaron unha conferencia non gubernamental paralela. Aparecía a Rede Internacional pola Diversidade Cultural ou RIDC como "rede mundial de artistas e grupos culturais dedicados a contrarrestar os efectos homoxeneizadores da mundialización sobre a cultura. A RIDC representa artistas individuais e activistas culturais, organizacións culturais e industrias. Vimos de todos os continentes, sectores e disciplinas da comunidade cultural, que vai desde artistas dos medios de comunicación até artesáns tradicionais. Pertencen á nosa rede organizacións de máis de cincuenta países." No mes de marzo de 1998, KLES tiña organizado un foro alternativo en paralelo á Conferencia Intergubernamental de Estocolmo, cuxo título era "Towards a cultural Agenda 21" (véxase KLES, 1998).

Desde 1998, cada ano, RIPC e RIDC coordinaron a realización das súas conferencias na mesma cidade. A última tivo lugar en Shanghai (China) a mediados do mes de outubro de 2004. Ambas

as redes redactaron entre 2001 e 2003 varios borradores dun documento xuridicamente vinculante –a convención sobre a diversidade cultural- co obxectivo de que fose aprobado polas instancias internacionais, é dicir, pola UNESCO.

A actuación combinada de ambas as redes obtivo os seus froitos. A 32ª Conferencia Xeral da UNESCO, celebrada en 2003, recollendo a petición de varios estados membros (moitos dos cales pertencían á RIPC) emprazou ao director xeral Matsuura para que dese inicio aos traballos preparatorios para a eventual aprobación de tal convención na conferencia xeral seguinte, que se celebraría no outono de 2005. No mesmo decembro de 2003, unha comisión de expertos empezou os traballos técnicos, os cales concluíron en xuño de 2004. Os días 20 a 25 de setembro de 2004 os representantes dos estados analizaron o primeiro borrador de tal convención, que leva agora o título "Convención da UNESCO sobre a Protección e a Promoción da Diversidade dos Contidos Culturais e Expresións Artísticas". Nos próximos meses prevense novas reunións intergovernamentais (Bouchenaki, 2004).

España incorporouse tardíamente, mais con forza, ao grupo de estados que promoven unha convención sobre a diversidade cultural. Así, a Carta de São Paulo, asinada o 1 de xullo de 2004 no Foro Cultural Mundial polos ministros de cultura (ou polos seus representantes) do Brasil, España, Malí, Angola, México e Austria, constitúe a principal manifestación da nova posición do goberno de España neste ámbito. (A anterior fundamentábase na afirmación seguinte: "a excepción cultural é propia das culturas derrotadas").

Os documentos de estados e redes de artistas, a RIPC e a RIDC respectivamente, artéllanse arredor da mundialización e das súas consecuencias no eixe identidade -diversidade, o tratamento dos bens e dos servizos culturais no comercio mundial, as conseguintes cotas de mercado e a garantía dos dereitos.

As cidades e os gobernos locais non podían ficar ausentes do debate sobre o papel da cultura na mundialización, mais son outras as súas preocupacións. Os gobernos locais saben que boa parte do futuro da democracia e do benestar xógase na existencia de espazos e esferas públicas, e na capacidade dos cidadáns de participaren nelas. A vida cultural é unha destas esferas públicas fundamentais, e boa parte desta vida cultural realiza-se en contextos locais e de proximidade, relacionando o local e o global nunha negociación creativa. Así, a relación entre cultura, democracia, cidadanía, convivencia e participación (practicamente ausente dos debates de estados e redes de artistas) son os conceptos que están no corazón da Axenda 21 da cultura. Un documento promovido por cidades e gobernos locais debía centrarse nas interseccións entre estes conceptos como fundamento das políticas culturais locais, rescatar a relación entre cultura e desenvolvemento e lexitimar o seu papel como axentes de primeira orde na esfera internacional, complementario ao papel dos estados.

Vexamos, nun contexto máis amplio, o papel que xoga a cultura nesta esfera internacional.

### 1.3. Sobre a instrumentalización da cultura

Eduard Miralles (2004) tense referido recentemente á relación inversa entre magnitud do proxecto cultural e participación dos xestores culturais: "A cultura comeza a ser xa demasiado importante como para que siga en mans das políticas culturais (...). Mentre que a presenza dos tradicionalmente considerados "xestores culturais" –con independencia, neste caso, do seu perfil

técnico, político ou politécnico— nos proxectos culturais “estratégicos” adoita ser inversamente proporcional á importancia destes proxectos, a presenza dos responsables de departamentos tradicionalmente considerados como “duros” –economía, urbanismo, etc.– en cambio dáse en proporción directa”.

A cultura converteuse en algo estratégico para a regulación do sistema económico vixente. Se antes a regulación era social, agora a regulación é “cultural”. Tíñao advertido Guy Debord (1967) en *A sociedade do espectáculo*, e ilustrado Neil Postman (1985) en *Divirtámonos até morrer*. Analizárono George Yúdice (2003) ou Alain Cambier (2004) nos seus últimos traballos. Desde a mesma “lóxica interna” do sistema económico esta regulación recoñécese (Jeromy Rifkin, 2002, fala do capitalismo cultural) ou enxálzase, como amosan, por exemplo, *Funky Business* ou *Karaoke capitalism*, títulos dos gurús dos negocios Jonas Ridderstrale e Kjol A. Nordström. A creatividade, arguméntase, é esencial en todas as etapas do ciclo produtivo e forma parte das estratexias empresariais. Os axentes culturais, incluíndo os artistas, son simples provedores de contidos. Neo forma parte de Matrix.

A cultura tamén aparece asociada aos retos sociais. A cultura é utilizada unha e outra vez para mediatizar a identidade, un concepto non estático, individual mais instrumentalizable e instrumentalizado por dogmatismos e fundamentalismos, relixiosos ou políticos, ao fin e ao cabo instancias colectivas baseadas no poder e na forza. Non sempre foi así, esta instrumentalización é histórica. O concepto “cultura” evolucionou nos dous últimos séculos desde unha orixinaria acepción como “cultivo persoal” cara a concepcións baseadas en “fronteiras”. Como analiza Kate Crehan (2002, 54ss), as “culturas” aparecen como (1) sistemas “completos”, (2) entidades acoutadas e (3) artelladas na oposición entre tradición e modernidade. A concepción de cultura que a UNESCO promulga non é allea a estas características. Esta traslación conceptual explica en boa parte a instrumentalización da cultura. A saída deste beco implica, seguramente, fazer un punto de inflexión político multilateral cuxos pasos se albiscan mais non son firmes (a Unión Europea non se atreve aínda a facelo, véxase Sloterdijk 1994), poñer o individuo no centro da reflexión e da acción e traballar, como Manuo Castols (1997) propón, polas identidades-proxecto como alternativa ás identidades-refuxio.

A instrumentalización económica ou social constitúen as auténticas ameazas para os axentes culturais, tanto para os creadores como para os usuarios activos das experiencias culturais. En medio de todo isto, destas fortísimas tensións estamos nós, os círculos de axentes vinculados á creación, á xestión e ás políticas en cultura. Sufrimos estas tensións. Frente a esta instrumentalización... que debemos facer? Cales deben ser as estratexias dos axentes culturais? Cales as iniciativas das instancias públicas, como depositarios dos dereitos humanos e garantes da súa realización? Atrévome a suxerir que a fortaleza conceptual e mais unha tradución viable dos conceptos en accións. Investigar sobre a dimensión cultural da nosa sociedade e propor accións coerentes. Se non temos un corpo teórico forte e unhas perspectivas de utilizar este corpo teórico na nosa práctica diaria, imos dando bandazos. A Axenda 21 da cultura constitúe un intento de reforzar, desde os sectores culturais públicos, a reflexión e a acción desde a cultura e para a cultura,<sup>1</sup> unha reflexión que debe seguir con atención a consolidación dos dereitos culturais como parte integrante dos dereitos humanos.

#### 1.4. Sobre os dereitos culturais

A instrumentalización da cultura debeuse tamén ao baixo desenvolvemento dos dereitos culturais. Se ben “os dereitos culturais forman parte dos dereitos humanos, que son universais, indisolubles e interdependentes” (Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural, artigo 5), a súa análise e a súa posta en práctica foi moi limitada.

Os dereitos culturais son dereitos de “segunda xeración” e están recollidos no Pacto Internacional sobre Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966), documento xuridicamente vinculante para os estados, aprobado xunto co pacto que recolle os chamados Dereitos de primeira xeración ou Pacto internacional sobre dereitos civís e políticos (1966). Ambos os pactos forman parte integrante dos dereitos humanos e o seu cumprimento está garantido polas instancias intergovernamentais encargadas para o seu seguimento (Nacións Unidas, Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos).

O debate sobre os dereitos culturais é hoxe de gran transcendencia. Desde o ano 2002 a Comisión de dereitos económicos, sociais e culturais de Nacións Unidas está traballando na redacción dun “comentario xeral” ao artigo 15.1 do Pacto internacional sobre dereitos económicos, sociais e culturais, que recolle o dereito de participar na vida cultural. Este comentario xeral, de se chegar a aprobar, constituirá o principal documento internacional orientador dos dereitos culturais. Anteriormente, o chamado Grupo de Friburgo (1995), coa UNESCO e o Consello de Europa, tiña preparado un borrador de Declaración sobre os Dereitos Culturais que non foi aprobado.

A tradución dos dereitos humanos ao ámbito local ou urbano foi obxecto de atención nos últimos anos. Así, foron aprobadas varias Cartas sobre os dereitos humanos na cidade, ora en cidades específicas (Carta de salvagarda dos dereitos humanos na cidade de Barcelona en 1998, Carta dos dereitos veciñais de Montevideo en 2003), ora por redes de cidades (por exemplo, Carta europea dos dereitos humanos na cidade en 2000, Carta brasileira dos dereitos humanos na cidade en 2002). Porén, ningún destes documentos desenvolve con potencia unha análise sobre a significación dos dereitos culturais dentro do ámbito urbano, nin coloca a cultura no centro dos dereitos cidadáns.

Cabe reseñar a existencia dun proxecto de Carta de dereitos culturais na cidade de Cádiz no ano 1999 e a iniciativa do Concello de Barcelona e da Fundación Interarts de realizar unha “Carta de dereitos e compromisos culturais dos cidadáns e das cidadás de Barcelona”. Este proxecto aparecía xa no Plano estratégico de cultura desta cidade (1999); un primeiro borrador do documento presentouse no seminario sobre “O dereito a participar na vida cultural”, coorganizado co grupo de traballo de Nacións Unidas para a redacción dun “comentario xeral” ao artigo 15.1 do Pacto Internacional sobre Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. A aprobación da “Carta de dereitos e compromisos culturais dos cidadáns e das cidadás de Barcelona” aparece no programa 2004-2007 do Instituto de Cultura de Barcelona (2004).

Unha explicación detallada da relación entre dereitos humanos e dereitos culturais, e dos documentos vixentes no panorama internacional pódese atopar no documento preparado pola Fundación Interarts (2002).

Se algo teñen en común estas análises é a consideración que moitos dos dereitos que máis teñen

<sup>1</sup> Hai autores que anuncian a inevitable instrumentalización da cultura. Medi Bohaj Kacem (2004) entende a cultura como o inevitable “exceso de representación” daquilo “presente” ou “real”, daquilo que existe. Continuar este debate, porén, levaríanos cara ás esferas da ontología e non semella oportuno que sexa esta a oportunidade axeitada para emprender este camiño.

a ver coa cidadanía, ou ben son dereitos culturais, ou ben teñen unha dimensión cultural (expresión, memoria, asociación, conciencia...). A Axenda 21 da cultura intentou responder, nos seus principios e nos seus compromisos, á necesidade de formular correctamente os dereitos culturais e de proponer accións para permitir a súa maior implementación nos ámbitos urbanos.

### 1.5. Sobre a sustentabilidade e a cultura

Un elemento decisivo no contexto de aparición da Axenda 21 da cultura é a escasa análise da relación entre sustentabilidade e cultura. Hai moi pouca comunicación entre ambos os ámbitos e aquí as responsabilidades son compartidas. Por unha parte, os ambientalistas (utilizo este concepto xenérico para designar a quien defende a necesidade de incorporar parámetros de sustentabilidade ambiental á sociedade), activistas, científicos ou políticos, non incorporaron a dimensión cultural ás súas análises nin aos seus planos de acción. Os modelos de sociedade futura propostos polos ambientalistas non inclúen a cultura, senón que están sobre todo preocupados por alcanzaren un "equilibrio" (que os axentes culturais xulgamos imposible en sociedades contemporáneas). Por outra parte, os axentes culturais desenvolveron as súas análises e os seus planos de acción desde a lóxica da excepcionalidade ou da autonomía da cultura, como ámbito "separado" das dinámicas económicas, sociais ou ambientais, e non como resultado, expresión e símbolo de tales dinámicas. Estas estratexias que non facilitaron a relación da cultura cun dos eixes más importantes da análise e da acción nas últimas décadas.

En Río de Xaneiro, no ano 1992, en ocasión da conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, ou Cumio da Terra, foi aprobada unha declaración e un programa de acción chamado "Axenda 21", como documento que fixaba os desafíos e asignaba as responsabilidades para as sociedades do mundo acadaren a sustentabilidade no século XXI, de aí o nome do documento "Axenda" ou -como conviría designar nas linguas latinas- "Programa" 21. En 1992 fixérase evidente que os modelos de desenvolvemento vixentes entón eran excesivamente depredadores dos recursos e dos ecosistemas naturais, a opinión pública mundial, os gobernos e numerosas entidades internacionais mobilizáronse para acordaren os principios e os compromisos da sustentabilidade. Os primeiros sinais de alarma a escala global foran emitidos polo club de Roma nos inicios dos anos setenta (desde a primeira mobilización até a aprobación dun documento de bases transcorrerán máis de vinte anos). Cabe sinalar a importancia dunha sociedade civil, cohesionada e madura nesta etapa previa aos acordos políticos.

O documento aprobado en Río de Xaneiro apenas fai mencións marxinais ao papel da cultura na sustentabilidade. O documento contén capítulos sociais, capítulos, participativos (de gobernabilidade ou gobernanza), capítulos económicos e, por suposto capítulos medioambientais, mais non hai ningún capítulo dedicado á cultura. Vale a pena fixarse que o capítulo 35 fai referencia á ciencia e o capítulo 36 á educación, e os dous son coordinados pola UNESCO (como axencia de Nacións Unidas para a Educación e a Ciencia), mais non existe ningún capítulo dedicado á cultura e á sustentabilidade.

Só dous anos máis tarde, a Carta das Cidades Europeas cara á Sustentabilidade ou Carta de Aalborg, aprobada o 27 de maio de 1994, traducía os retos e as solucións á esfera local, dando natureza á Axenda 21 Local, que se convertía no documento básico das estratexias de sustentabilidade de municipios e gobernos locais. Este documento realizaba unha única e breve mención á cultura, ao se referir (artigo I.1) ás cidades como "gardiás da cultura, do patrimonio e da tradición". Ningunha mención á cultura nos compromisos locais para a sustentabilidade.

A partir destes documentos orientadores, era de esperar que moi poucos foran os municipios que incluíran a cultura nas súas análises e planos de acción para a sustentabilidade. O investigador australiano Jon Hawkes (2001, 47), principal ideólogo da "cultura como cuarto pilar do desenvolvemento", citaba datos do IISD – International Institute of Sustainable Development, referentes ás iniciativas locais pola sustentabilidade recompiladas por este instituto: "de entre máis de mil iniciativas só 68 facían algúns referencia á cultura e 42 ás artes". Así, foron poucas as cidades e os gobernos locais que incluíron a dimensión cultural nas súas Axendas 21 Locais. Sen dúbida, atoparíamos cifras similares noutros contextos xeográficos.

Se os primeiros documentos foron decepcionantes desde a óptica cultural, a recente actualización de ambos (nas conferencias Río +10 e Aalborg +10) significaron pequenos pasos para o mundo da cultura.

Así, na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento Sustentable (Johannesburgo, 2002), tamén coñecida como Río +10, a UNESCO, o PNUE (Programa de nacións unidas para o medio ambiente) e o goberno francés organizaron o simposio "Diversidade Cultural e Biodiversidade para o Desenvolvemento Sustentable", no cal a cultura foi promovida como a "cuarta columna" do desenvolvemento, xunto ás columnas económica, social e ambiental (aínda que esta vontade non foi recollida na declaración ou no informe final).

Na recente conferencia Aalborg +10, (9-11 de xuño de 2004) fanse mencións más detalladas. O documento consta dun preámbulo e dez compromisos.

- No preámbulo, e como un dos retos das cidades, aparece a "diversidade cultural". Tamén no preámbulo se salienta a necesidade dunha aproximación integrada nos planos locais de acción, coa "harmonización dos obxectivos ambientais, sociais, culturais e económicos". A cultura aparece, así, como o cuarto esteo do desenvolvemento.
- No 9º compromiso "equidade social e xustiza" aparece a mención ao acceso equitativo aos servizos públicos detallando "educación, creación de emprego, formación, información e actividades culturais".

Desde os círculos culturais, vale a pena citar os traballos de varios investigadores, que intentaron reconceptualizar as políticas culturais a partir dos parámetros da sustentabilidade. O australiano Jon Hawkes (2001) merece un lugar destacado ao ser o primeiro en propor que as políticas de desenvolvemento local incorporen un "cuarto pilar", a cultura, en pé de igualdade co económico, o social e o ambiental. A cuarta columna, afirma Hawkes, non debe ser só sectorial, estratexia que leva á excepcionalidade da cultura, senón transversal, interactuando e condicionando as políticas realizadas baixo os outros tres esteos do desenvolvemento.<sup>2</sup> Simon Munde (2001), sen se distanciar demasiado da aproximación sectorial, propón cinco eixes ou "requerimentos" para as políticas culturais seren sustentables: equilibrio político, dotación orzamentaria, marcos lexislativos, apoio industrial e educación. A canadense Nancy Duxbury (2003) analiza os indicadores de calidade de vida, comunidade e sustentabilidade para propor a renovación destes conceptos coa incorporación de indicadores culturais.<sup>3</sup>

<sup>2</sup> Nun artigo anterior, "Bastint el quart pilar", intentamos explicar este construto con maior detalle, véxase Pascual i Ruiz (2002).

<sup>3</sup> As escolas australianas e canadenses son quizais os dous ámbitos de maior innovación na análise e na implementación de políticas culturais locais, incluíndo a relación entre cultura, convivencia, calidade de vida e sustentabilidade. As federacións de municipios e as universidades xogan un papel fundamental.

Estas análises realizanse desde o chamado primeiro mundo. O debate entre sustentabilidade e cultura resulta moito más evidente, se ben con complexidades diferentes, nas terras dos pobos chamados primeiros, orixinarios ou indíxenas. As súas concepcións do mundo e as súas prácticas sociais están intimamente relacionadas co seu contorno ambiental. Sustentabilidade "cultural" e sustentabilidade "ambiental" van da man nestes territorios. Na Axenda 21 aprobada en Río, por exemplo, o capítulo 26 dedícase integralmente ás "poboacións indíxenas e ás súas comunidades". Debemos deixar para outra ocasión un maior afondamento nesta cuestión.

No seu artigo "Planificación cultural contra espacio público", Eduard Delgado (2001) suxería oito "áreas de interese axiolóxico en relación ás políticas culturais e á súa implementación": sustentabilidade, memoria, diversidade, conectividade, creatividade, autonomía, solidariedade e dereitos culturais. Delgado cre que a sustentabilidade "debería abracer unha visión harmoniosa dos proxectos e políticas culturais, profundamente enraizada na noción de sustentabilidade ambiental, en que a enerxía dedicada ao proxecto fose congruente cos resultados esperados. A sustentabilidade é tamén unha función de contribucións (*inputs*) intensas en traballo ou ideas que estean ao mesmo nivel que outras achegas a un proxecto, incluíndo os recursos materiais. Porén as inquietudes medioambientais non deberían relacionarse só coas limitacións materiais senón tamén coa relación inmaterial entre os proxectos artísticos e o seu contorno local. Paisaxe, idioma, dialecto e fitos culturais deben dalgunha maneira ter relevancia para o proxecto artístico, por moi abstracto ou universal que este sexa" (2001, 57). Sustentabilidade sería, por tanto, a coherencia, nun proxecto cultural, entre entradas e saídas, e entre universal e local.

### 1.6. Sobre as cidades como novos axentes internacionais

As cidades son hoxe os espazos onde as "contradiccións" da mundialización actual se manifestan con máis claridade. Cidades e Gobernos Locais Unidos (2004) afirma na declaración final do seu congreso constituyente: "Os efectos da globalización son particularmente visibles a nivel local. A actual orde mundial acelera os intercambios e as comunicacions entre os seres humanos, mentres que incrementa a relación entre os problemas locais e globais. Ao mesmo tempo, agudiza as desigualdades, desestabilizando os equilibrios mundiais e as institucións internacionais como nunca antes no pasado. Neste contexto, os gobernos locais poden xogar un papel esencial a favor do desenvolvemento sustentable" (artigo 20).

As dinámicas identitaristas impiden a miúdo unha percepción completa da historia da mundialización. En calquera territorio (...) se pode seguir "a tensión histórica entre homogeneización e diferencia", como menciona Manuel Borja-Villo, director do Museu d'Art Contemporani de Barcelona - MACBA. Ao final, as nosas cartografías, más ou menos laterais na historia do mundo, semellanse moito, no esencial, ás doutros territorios. Entender esta lateralidade permítenos actuar no mundo tanto coa fórmula "pensa globalmente, actúa localmente", como coa súa complementaria "pensa localmente, actúa globalmente" (Pascual i Ruiz, 2003).

Alfredo Sánchez Monteseirín, alcalde de Sevilla, declaraba no cumio das cidades organizada os días 18 e 19 de outubro de 2004 en Noordwijk (Países Baixos): "Os estados teñen dificultades (cara arriba) para xestionar a globalización e (cara abaixo) para implicar aos cidadáns (...). O sentimento de pertenza da cidadanía estará asociado nun futuro sobre todo á cidade, ao territorio local, e non tanto a outro ámbito, sexa este rexional, nacional o supranacional (...). Hoxe en día as administracións locais son fundamentais, pois nas cidades xógase, xogámonos, a batalla da cidadanía, a convivencia e o afondamento democrático."

Neste duplo movemento, ascendente e descendente, como resposta local á mundialización, as redes de cidades teñen un papel de primeira orde, como elementos de democratización e de eficiencia. En definitiva, a mundialización pide uns gobernos próximos á cidadanía, responsables e eficientes nos seus servizos e dispostos a traballaren en rede, compartindo información, facendo lobby para que as súas demandas sexan escotadas e actuando como unha "diplomacia de segundo nivel" en situacións de conflito.

Os gobernos locais non eran recoñecidos como axentes relevantes no panorama político internacional, en todo o caso, a súa participación nas instancias internacionais era assimilada á das organizacións non-gobernamentais. Porén, nos últimos anos, "progresivamente acéptase a lexitimidade e o dereito das cidades e en especial dos seus gobernos democráticos de actuaren na vida política, económica e cultural internacional. O recoñecemento deste dereito é hoxe un factor de democratización das relacións internacionais e é indispensable para dar eficiencia aos acordos e aos programas das conferencias e dos organismos internacionais" (Borja e Castells, 1997, 374).

En 2004 produciuse a unificación do movemento municipalista mundial, coa fundación de Cidades e Gobernos Locais Unidos, coa fusión de dúas organizacións pre-existentes, a *International Union of Local Authorities* – IUA e a *Fédération Mondiale de Cités Unies* – FMCU. Esta unificación, moito tempo reclamada desde as instancias de Nacións Unidas, reforzará a voz dos gobernos locais na escena internacional.

Cidades e Gobernos Locais Unidos (2004a) destaca na súa declaración fundacional a necesidade de traballar:

- Pola autonomía local: "Os gobernos locais e as súas asociacións interviñeron nos procesos de reforma da administración pública en defensa da descentralización e da autonomía local. A adopción da Carta Mundial da Autonomía Local segue a ser un obxectivo esencial da organización mundial Cidades e Gobernos Locais Unidos" (artigo 30).
- Polos recursos a disposición dos gobernos locais: "Un dos fundamentos da descentralización é a implementación dunha política axeitada de transferencia de recursos financeiros entre os diferentes niveis da administración. As autoridades locais requieren de medios financeiros axeitados para poderen asumir os seus compromisos, desenvolveren os servizos, dispoñeren de recursos humanos cualificados para responderen ás necesidades dos cidadáns. Cómpre que os gobernos locais sexan directamente responsables das decisións relacionadas cos seus recursos" (artigo 33).
- Pola cooperación: "Na súa calidade de representante das cidades e dos gobernos locais e das súas asociacións, Cidades e Gobernos Locais Unidos está convencida de que a cooperación descentralizada, a cooperación municipal internacional e as relacións entre cidades contribúen a transformar as relacións internacionais, favorecendo as relacións directas entre os pobos, entre e para os cidadáns do mundo" (parágrafo final, a negra está no orixinal).

O recente informe sobre as relacións das Nacións Unidas coa sociedade civil, coñecido como Informe Cardoso (2004), recoñece que as cidades asumen un papel fundamental "na identificación de prioridades locais, na posta en práctica de solucións e na creación de conexións más próximas aos cidadáns" e propón medidas para o recoñecemento dos gobernos locais como

interlocutores de Naciones Unidas (Cidades e Gobiernos Locais Unidos como órgano consultivo sobre asuntos de gobernabilidad). Así mesmo, o informe propón a adopción dunha resolución en que se presente a autonomía local como un principio universal, algo que foi defendido polos alcaldes durante moitos anos (Cidades e Gobiernos Locais Unidos, 2004b).

Cidades e Gobiernos Locais Unidos nace tamén co compromiso de incorporar a importancia da cultura ao desenvolvimento sustentable das cidades. Así, o artigo 25 da declaración final do seu congreso fundador sinala: "As cidades do século XXI son espazos multiculturais. Da diversidade de linguas, relixións e tradicións xorden culturas orixinais que enriquecen o patrimonio das nosas cidades. Esta realidade pode igualmente xerar tensións que os gobiernos locais non poden ignorar e ás que deben dar respuestas. Valorizar a diversidade cultural, no marco do respecto das regras da democracia, debe ser un dos eixes da acción das autoridades locais. É no nivel local onde os novos residentes deben poder acceder ao voto para incidir nos asuntos que atinxen á construción do seu novo fogar. Os gobiernos locais comprométense a desenvolveren a Axenda Local 21 da Cultura que será aprobada polo Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social e presentada no Foro Urbano Mundial en setembro de 2004 en Barcelona".

## 2. A AXENDA 21 DA CULTURA

### 2.1. Sobre o proceso

A Axenda 21 da cultura foi aprobada o 8 de maio de 2004 polas cidades e os gobiernos locais participantes no IV Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre para a Inclusión Social ou FAL. Este foro reuniuse por primeira vez na cidade gaucha en xaneiro do ano 2001, como foro de encontro de alcaldes e concelleiros "para formular novas propostas fronte aos problemas cos que o mundo globalizado se enfrenta, tales como o aumento da pobreza, o incumprimento dos dereitos humanos e o incremento da inxustiza social (...). "Desde a perspectiva do novo escenario mundial que vén sendo discutido e deseñado polos movementos sociais no marco do Foro Social Mundial de Porto Alegre, os gobiernos locais debaten en paralelo" (Marx, 2004, 15). O FAL considera que "as cidades son un instrumento importante para frear os procesos de exclusión, desenvolver políticas de inclusión social e dar resposta aos problemas da cidadanía. Constitúen un marco decisivo para promover e consolidar procesos de democracia participativa e de control público sobre o estado, xeradores de conciencia cidadá solidaria. As cidades constitúen un espazo fundamental para restablecer a esperanza de construír un mundo máis xusto e humano" (Carta de Porto Alegre, 2001). Se ben o FAL é unha iniciativa autónoma que "dialoga co Foro Social Mundial e cos seus participantes", pois este "artella soamente entidades e movementos da sociedade civil" (FSM, 2003), o FAL defínese a miúdo como "o irmán municipalista do FSM" (Cabannes, 2004).

Se ben nas convocatorias dos anos 2001, 2002 e 2003, FAL e FSM reuníronse na mesma cidade, Porto Alegre, a convocatoria de 2004 realizouse por separado: o FSM reuniuse en Mumbai (India) no mes de xaneiro, mentres que o FAL se reuniu en Barcelona os días 7 e 8 de maio. Entre as razóns que explican a celebración por separado entre FAL e FSM cabe destacar a realización en Barcelona do Foro Universal das Culturas e o compromiso do concello desta cidade de ampliar o número e a procedencia xeográfica de gobiernos locais participantes no FAL. No ano 2005, está

previsto que Porto Alegre volva a acoller, a finais de xaneiro, tanto o FAL como o FSM.

A cultura apareceu por primeira vez no II FAL, como tema que os gobiernos locais consideraban que debía ser analizado, tanto polas súas relacións coa inclusión social (tema central "oficial" do FAL) dentro do governo dunha cidade, como pola súa crecente relevancia no marco da mundialización. No mesmo ano 2002, no mes de setembro, o concello de Porto Alegre convoca a primeira Reunión Pública Mundial de Cultura (encontro do concelleiro de cultura das cidades e dos gobiernos locais vinculados co FAL), onde Jordi Martí, director xerente do Instituto de Cultura do Concello de Barcelona, lanza a idea de redactar unha "axenda 21 da cultura", como documento que definira os principios e os compromisos en política cultural das cidades e dos gobiernos locais do mundo.

En xaneiro de 2003, a declaración final do III FAL establece o encargo ás cidades de Porto Alegre e Barcelona de coordinar o proceso de redacción da "Axenda 21 da cultura". A partir dese momento sucedense os borradores e os encontros, entre os cales cabe destacar:

- II Forum de Autoridades Locais Europeas, novembro de 2003, en Saint Denis, onde se discuten os principios que deben artellar o documento, en especial no encontro "A cultura, Ben Común da Humanidade".
- Campus Euroamericano de Cooperación Cultural, Sevilla, decembro de 2003.
- Foro Latinoamericano da Axenda 21 de Cidades para a Cultura, Porto Alegre, 15-19 de xaneiro de 2004.
- Interlocal, Rede Iberoamericana de Cidades para a Cultura, co apoio da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), Montevideo, 25-28 de marzo de 2003, e Barcelona, 3 de maio de 2004.
- Sigma, Rede Europea de Administracións Intermedias para a Cultura e a Proximidade, Pisa, febreiro de 2004.
- Eurocidades, Comité Cultura, Helsinqui, setembro de 2003, e Praga, marzo de 2004.
- Interacció 2004. Este Encontro Bienal das Políticas e da Xestión Cultural organizado pola Deputación de Barcelona na súa edición de 2004 (Barcelona, 4-6 de maio de 2004) convértese no preámbulo do Foro Universal das Culturas e do IV FAL e dedícase ás análises e discussóns do último borrador do documento.

Finalmente, desde xaneiro de 2004, o servizo de participación interactiva Delibera (<http://www.delibera.info>) levou a cabo un foro virtual de debate, para valorar e comentar cada un dos artigos dos sucesivos borradores.<sup>4</sup>

Durante este período de tempo realizanse varias consultas coa UNESCO - Departamento de Avaliación e Prospectiva do Sector da Cultura.

<sup>4</sup> Nas seguintes cidades celebráronse reunións específicas para debater o documento:  
 • Cultura Nova Iguaçu na Axenda 21 global, Nova Iguaçu (RJ, Brasil), 10 de xaneiro de 2004.  
 • Encontro e festival de culturas, La Paz (Bolivia), 21-24 de abril de 2004.  
 • Programa Montevideo Siglo XXI, Montevideo (Uruguay), 23 de abril de 2004.

O documento apróbase o 8 de maio de 2004 por aclamación dos representantes e delegados de máis de trescentas cidades e gobernos locais, participantes no IV Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre para a Inclusión Social.

O 15 de setembro de 2004, o II Foro Urbano Mundial organiza un simposio sobre a Axenda 21 da cultura, presidido por Joan Clos e João Verle, alcaldes de Barcelona e Porto Alegre, e conta coa presenza de varias das outras cidades participantes no proceso. Os concelleiros de cultura, Ferran Mascarell e Vitor Ortiz, presentan o documento a Anna K. Tibaijuka, directora executiva de HABITAT – ONU, Mounir Bouchenaki, director xeral adxunto para a cultura da UNESCO e Elisabeth Gateau, secretaria xeral de Cidades e Gobernos Locais Unidos.

## 2.2. Sobre os borradores

No proceso de redacción do documento debatérónse en profundidade o nome e o alcance do documento. Con referencia ao nome, existían propostas para precisar o ámbito territorial do documento, como "Axenda 21 das Cidades para a Cultura" ou ben "Axenda 21 da Cultura nas Cidades". Estes nomes permitían unha maior precisión, mais desmarcaban os gobernos locais de menor poboación (aínda que é ben sabido que o nome "cidade" non responde ao mesmo concepto en todo o mundo) e impedían (ou dificultaban) a implicación dos gobernos locais de segundo nivel, como as deputacións no Estado español.

Tamén houbo propostas que apostaban por un nome máis acorde coa coxuntura internacional, como "Declaración universal das cidades pola diversidade cultural", parafraseando o título do documento da UNESCO de 2001. Esta proposta incorporaba o concepto artellador dos actuais debates (a "diversidade cultural"), mais a maioría das cidades participantes afirmaban unha maior proximidade ao concepto de "desenvolvimento cultural". Así mesmo, con este título perdiase o impacto que certamente ten "referenciarse" coa axenda 21.

Incorporar o concepto de "axenda 21" ao título do documento foi considerado, finalmente, un elemento chave:

- Trátase dun título que ten un importante prestixio por ter conseguido mobilizar a atención de amplas capas da sociedade. Este título ou "marca" permite unha inmediata referenciação.
- Ademais, a Axenda 21 Local conseguira ter un prestixio moi importante a escala internacional. No cumio de Johannesburgo (Río + 10) sinalouse que cidades e gobernos locais tiñan conseguido, mediante a Axenda 21 Local, o más importante avance pola sensibilización e a implantación de acordos para a sustentabilidade.
- Permitía intentar, con novos argumentos, posicionar a cultura como unha dimensión más central das políticas urbanas e locais, chegar más rapidamente ao centro desde as marxes (*in from the margins*).

Finalmente, no transcurso dos debates tamén se abordou o "alcance" do documento. Era viable apostar por unha "axenda 21 da cultura" para todos os axentes culturais (instancias internacionais, estados, empresas e sector privado, asociacións e movementos sociais, sectores profesionais), como a axenda 21 tivera sido para os sectores ambientalistas? Ou ben era oportuno comprometer e reforzar especificamente un sector social? Ante a existencia de numerosas iniciativas, algunas

xa consolidadas, outras en curso, sobre o papel da cultura na mundialización, ou más especificamente, sobre as políticas culturais no governo mundial, promovidas pola UNESCO, as redes de estados e as redes da sociedade civil, estimouse prudente tomar a segunda opción, más realista: redactar un documento de compromiso das cidades e dos gobernos locais. Ningunha das iniciativas en curso estaba liderada polas cidades nin se abordaba con forza a relación entre cultura, cidadanía, participación e democracia. Existía un baleiro que só as cidades podían encher. Esta decisión conduciu a lle limitar os "compromisos" do documento ás cidades e aos gobernos locais e incorporar, en forma de "recomendacións", as peticións que as cidades e os gobernos locais lle realizaban a outras instancias.

Ao final consensuouse un título "Axenda 21 da cultura" e un subtítulo do mesmo rango "Unha proposta das cidades e dos gobernos locais para o desenvolvemento cultural", que permitía incluír tanto o nome "Axenda 21" como a incorporación dos gobernos locais, e a mención ao seu anhelo "xeral" ao incorporar a palabra "desenvolvemento".

O documento significa, sobre todo, unha declaración política de primeira orde e responde, con certa ambición, a un mandato político expresado polos concellos que lideran a iniciativa. Esta dimensión política "expresa a aposta dos gobernos locais a favor dunha realidade cultural forte como un dos mellores antídotos para fazer fronte a moitos dos deseiquilibrios sociais existentes nas nosas sociedades (...), aos grandes retos do presente e todo parece indicar que do futuro: máis liberdade, máis creatividade, mellor democracia, mellor desenvolvemento, máis xustiza social, máxima inclusión, máis participación que asegure unha cidade activa e non só contemplativa. A loita pola liberdade e a xustiza, o desenvolvemento e a inclusión é, e nunca debe deixar de ser, a loita pola cultura. E a loita da cultura ten de ser, antes que nada, a loita pola liberdade, a xustiza e un desenvolvemento a escala humana solidaria" (Mascarell, 2004).

## 2.3. Sobre o documento final

A Axenda 21 da cultura é un documento con tres grandes apartados: principios, compromisos e recomendacións. O texto completo pódese descargar desde [www.agenda21cultura.net](http://www.agenda21cultura.net).

No apartado de "principios" aparecen até 16 capítulos, con énfase na relación entre a cultura e os dereitos humanos, a diversidade, a sustentabilidade, a democracia participativa e a xeración de condicións para a paz. Quizais merecen mención destacada os seguintes:

- "A cultura adopta formas diferentes" que sempre responden a modelos dinámicos de relación entre sociedades e territorios" (artigo 1).
- "A diversidade cultural é tan necesaria para o xénero humano como a biodiversidade para os seres vivos" (artigo 2).
- "Ningunha persoa pode invocar a diversidade cultural para atentar contra os dereitos humanos garantidos polo dereito internacional nin para limitar o seu alcance" (artigo 3).
- "Os principios dun bo governo inclúen a transparencia informativa e a participación cidadá na concepción das políticas culturais, nos procesos de toma de decisións e na avaliación de programas e proxectos" (artigo 5).

- “A indispensable necesidade de crear as condicións para a paz debe camiñar xunto ás estratexias de desenvolvemento cultural” (artigo 6).
- “A convivencia nas cidades implica un acordo de responsabilidade conxunta entre cidadanía, sociedade civil e gobernos locais” (artigo 8).
- A vida cultural contén simultaneamente a riqueza das tradicións e a oportunidade da creación contemporánea e da innovación (artigo 9).
- “A calidade do desenvolvemento local require a imbricación entre as políticas culturais e demais políticas públicas -sociais, económicas, educativas, ambientais e urbanísticas” (artigo 10). A centralidade das políticas culturais é unha esixencia nas sociedades actuais.
- “As políticas culturais deben encontrar un punto de equilibrio entre interese público e privado, vocación pública e institucionalización da cultura (...) A iniciativa autónoma dos cidadáns, individualmente ou reunidos en entidades e movementos sociais, é a base da liberdade cultural” (artigo 11).
- “A identidade cultural de todo o individuo é dinámica” (artigo 13).

No apartado de “compromisos” destaca a demanda de centralidade para as políticas culturais e os programas para garantir o acceso á cidadanía; entre os 29 artigos, quizais destaca:

- “Garantir a amplitude da oferta” cultural en cada cidade ou territorio (artigo 17).
- “Promover (...) a ampliación da capacidade creativa de todos os cidadáns, (...) a esixencia artística, a busca de novas formas de expresividade e a experimentación coas novas linguaxes, a reformulación e a interacción das tradicións, os mecanismos de xestión cultural que detecten os novos movementos culturais” (artigo 18).
- “A xeración e ampliación de públicos e a participación cultural como elementos dunha cidadanía plena” (artigo 18).
- A “participación democrática dos cidadáns na formulación, no exercicio e na avaliación das políticas públicas de cultura” (artigo 19).
- O financiamento da cultura a partir de diversas fontes (artigo 20).
- A loita contra calquera forma de exclusión por razóns de xénero, de idade, de etnia, de minusvalía, de pobreza ou calquera outra discriminación que imposibilite o pleno exercicio da liberdade (artigo 22).
- “A continuidade e o desenvolvemento das culturas locais orixinarias, portadoras dunha relación histórica e interactiva co territorio” (artigo 23).
- O diálogo, a convivencia e a interculturalidade como principios básicos das relacións culturais entre cidadáns (artigos 21 a 24).

- A implementación de formas de “avaliación do impacto cultural” para considerar as iniciativas públicas ou privadas que impliquen cambios significativos na vida cultural das cidades e a introdución de parámetros culturais nos procesos de planificación urbana (artigos 25 e 26).<sup>5</sup>
- Os espazos públicos como lugares culturais de relación, convivencia e creatividade (artigo 27).
- A coordinación entre municipios, os distritos (ou outras entidades inframunicipais) e a coordinación supramunicipal (artigos 28 e 29).
- “O papel estratégico das industrias culturais e dos medios de comunicación locais, pola súa contribución á identidade local, á continuidade creativa e á creación de emprego” (artigo 30).
- “As tecnoloxías da información e da comunicación débense utilizar como ferramentas capaces de poñer o coñecemento cultural ao alcance de todos os cidadáns” e os medios de comunicación públicos xestionados “de acordo cos intereses da comunidade seguindo os principios de pluralidade, transparencia e responsabilidade” (artigos 31 e 32).
- Os mecanismos para garantir a liberdade de expresión, así como de respecto e garantía dos dereitos morais e económicos dos autores e dos artistas. Tamén a convidar os creadores e artistas a un maior compromiso cos retos das cidades (artigos 33 a 35).
- O fomento da lectura e das manifestacións culturais que facilitan a convivencia. Tamén a potenciar a dimensión cultural das entidades que traballan co coñecemento, e a fomentar os programas dirixidos a divulgar a cultura científica e a tecnoloxía entre todos os cidadáns. Tamén a protexer o patrimonio cultural e a establecer relacións fecundas cun turismo respectuoso coas culturas e cos costumes (artigos 36 a 44).
- O impulso á cooperación cultural internacional<sup>6</sup> a partir dos principios da reciprocidade e da multilateralidade, de tal modo que a cooperación cultural internacional constitúa “unha ferramenta indispensable para a constitución dunha comunidade humana solidaria”, baseada no “diálogo entre os pobos, para a superación dos desequilíbrios provocados polo colonialismo e para a integración interrexional” (artigo 45).

O documento conclúe con “recomendacións” aos distintos niveis de goberno, en 22 artigos dedicados a:

- Gobernos locais.
- Gobernos de estados e nacións.
- Organizacións internacionais (organizacións de cidades, axencias e programas de Nacións Unidas, e organizacións intergobernamentais e supranacionais).

<sup>5</sup> Este concepto aparecía xa na Carta de dereitos veciños de Montevideo (1998) e en Mundy (2001, 115), quen propón requerir que os planos de desenvolvemento urbano, públicos ou privados, cun orzamento superior aos 250.000 \$ (a prezos do ano 2000) deban probar a súa utilidade cultural (*prove cultural benefit*).

<sup>6</sup> A cooperación cultural toma carta de natureza en 1966, ao aprobar Nacións Unidas a Declaración sobre os principios da cooperación cultural.

A seguir destácanse tan só algunas delas.

- Recoméndaselle aos gobernos nacionais ou estatais "estableceren os instrumentos de intervención pública no campo cultural tendo en conta o aumento das necesidades cidadás relacionadas con este campo, a insuficiencia de programas e recursos actualmente existentes, e a importancia da desconcentración territorial nas asignacións orzamentarias. Así mesmo, é preciso traballar para asignar un mínimo dun 1% do orzamento nacional para a cultura" (artigo 50).
- "Establecer mecanismos de consulta e concertación cos gobernos locais, directamente, ou mediante as súas redes e federacións, no establecemento de novas lexislacións, regulamentacións e sistemas de financiamento no campo cultural" (artigo 51).
- Tamén se recomenda que bens e servizos culturais, por seren portadores de identidade, de valores e de sentido, non deben ser considerados mercadorías ou bens de consumo como os demais (artigos 52 e 64).
- "Aprobar disposicións legais para evitar a concentración das industrias da cultura e da comunicación, e promover a colaboración, especialmente no ámbito da producción, coas instancias locais e rexionais (artigo 53).
- Realízase a petición a Cidades e Gobernos Locais Unidos, a que adopte esta Axenda 21 da cultura como documento de referencia dos seus programas culturais e asuma un papel de coordinación do proceso posterior á súa aprobación (artigo 56).
- Pídeselle á UNESCO que recoñeza esta Axenda 21 da cultura como documento de referencia nos traballos de preparación do instrumento xurídico internacional ou Convención sobre a Diversidade Cultural prevista para 2005 (artigo 58) e que estableza "mecanismos de participación dos gobernos locais nos seus programas", pois as cidades son "os territorios onde se traducen os principios da diversidade cultural, especialmente aqueles aspectos relacionados coa convivencia, a democracia e a participación" (artigo 59).
- Tamén se lle pide a Naciones Unidas – HABITAT, á División de Desenvolvimento Sustentable e de Naciones Unidas e ao Programa de Naciones Unidas para o Desenvolvimento (PNUD) que consideren a crecente importancia da dimensión cultural no desenvolvemento e plasmen esta importancia nos seus programas de acción (artigos 60 a 62).
- O documento menciona a necesidade de establecer políticas culturais nos procesos de integración continental (artigo 65).

Vale a pena analizar con maior detalle as recomendacións dirixidas aos gobernos locais. En primeiro lugar, o documento convida a todos os gobernos locais á aprobación desta Axenda 21 da cultura nos órganos de goberno, así como a realizar un debate o más amplio e participativo posible con cada unha das súas respectivas sociedades locais (artigo 46).

A Axenda 21 da cultura propón "asegurar a centralidade da cultura no conxunto das políticas locais, impulsando a redacción de Axendas 21 da cultura en cada cidade ou territorio, en coordinación estreita cos procesos de participación cidadá e planificación estratégica" (artigo 47).

Ademais, o documento obrígase a "realizar, antes do ano 2006, unha proposta de sistema de indicadores culturais que dea conta do despregamento desta Axenda 21 da Cultura, a partir de métodos xerais, de maneira que se poida facilitar o seguimento e a comparabilidade" (artigo 49).

En resumo, o documento:

- (1) Propón unha ferramenta nova, un modelo ou marco de referencia para analizar e fundamentar as políticas culturais locais, para considerar a cultura como dimensión transversal e participada no conxunto das políticas locais e para sensibilizar o facer *lobby* pola cultura; un modelo que se pretende "internacional" mais que só encontrará a súa implementación en espazos concretos (pensa globalmente, actúa localmente).
- (2) Implica a aparición ascendente dunha nova rede ou "comunidade de práctica" que aposte pola lexitimidade da acción internacional dos gobernos locais, especialmente daqueles que cren na internacionalización como unha dimensión básica das súas políticas locais e que apostan pola cultura como elemento emerxente no goberno mundial (pensa localmente, actúa globalmente).

### 3. OS DESAFÍOS

O documento aprobado en Barcelona é, sobre todo, unha oportunidade para os círculos culturais. É tamén un fito nun proceso que se condensa no período de redacción do documento, con precedentes e coa vontade de continuar sendo un proceso aberto a todas as cidades e gobernos locais que queiran participar. Nos seguintes parágrafos, intentaranse esbozar os desafíos, tanto a escala internacional como a escala local, que pretende a continuidade deste proceso.

#### 3.1. Sobre os desafíos internacionais

Debido á natureza do documento, non parecía aconseillable a configuración dunha entidade autónoma, de nova creación, reguladora ou emisora de protocolos estritos, certificacións nin avaliaciós. Era seguramente máis viable apostar por unha plataforma para a orientación estratégica, difusión e sensibilización, un punto de encontro para as cidades e os gobernos locais que apostan pola cultura.

Neste sentido, o documento realiza (artigo 56) a petición de que a nova asociación mundial Cidades e Gobernos Locais Unidos - CGLU, adopte "esta Axenda 21 da cultura como documento de referencia dos seus programas culturais" e asuma "un papel de coordinación do proceso posterior á súa aprobación".

Esta asociación recolleu esta petición na Declaración final do seu congreso fundador (5 de maio de 2004), no momento da aprobación do documento (FAL, 8 de maio de 2004) e na súa presentación "oficial" (Foro Urbano Mundial, 15 de setembro de 2004). Así, Cidades e Gobernos Locais Unidos, como máxima instancia municipalista mundial, dotaríase dun "programa cultural" forte, baseado en instancias políticas e técnicas, tal e como recollen os seus estatutos. Os axentes culturais (sobre todo as cidades e os gobernos locais, mais tamén a sociedade civil ou a

universidade) contarían cunha plataforma multilateral cuxos principais retos serían:

a) O desenvolvemento dun marco político completo, mediante, por exemplo:

- A creación dun comité de cultura dentro de Cidades e Gobernos Locais Unidos.
- A difusión do documento máis aló dos círculos euro-americanos, é dicir, en ámbitos rexionais como o anglosaxón (Gran Bretaña, Canadá, Estados Unidos, Australia...), a Europa oriental, Asia e África.

b) A continuidade da relación estratégica co Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre, e cos movementos sociais que participan do Foro Social Mundial.

- A implicación institucional que permita "federar" a Axenda 21 da cultura coas instances internacionais. Segundo as "recomendacións" do documento poderíase, por exemplo:

- Acordar con cidades e redes de cidades continentais (Eurocities, Interlocal, Mercociudades...) a difusión do documento e a organización de debates e encontros para ampliar a importancia da cultura nas políticas urbanas.

- Realizar acordos equivalentes coas federacións de municipios e provincias; por exemplo, as federacións de Canadá, España e Finlandia tomaron xa iniciativas neste sentido.

- Establecer acordos concretos coa UNESCO, ONU-Habitat, ONU-Departamento de Asuntos Económicos e Sociais (División de Desenvolvemento Sustentable) ou coas redes de cidades pola sustentabilidade (Aalborg).

- Organizar accións de sensibilización, difusión ou formación coas organizacións multilaterais establecidas a partir de afinidades culturais (Consello de Europa, Liga de Estados Árabes, Organización de Estados Iberoamericanos, Organización Internacional da Francofonía, Commonwealth, Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, Unión Latina), e coas organizacións de integración continental (Unión Europea, Mercosur, Unión Africana, Asociación de Nacións do Sueste Asiático).

- Sensibilizar as axencias de cooperación internacional dos Estados para que incorporen a cultura nos procesos de axuda ao desenvolvemento.

c) A posta en marcha de servizos ás cidades, como:

- Protocolos adaptados a cada contexto territorial para as cidades que queiran desenvolver un plano local de cultura baseado na Axenda 21 da cultura local.

- Bases de datos de cidades, boas prácticas e recursos (centros de investigación, páginas web, bibliografía...) sobre o papel da cultura no desenvolvemento urbano.

- Acordos con centros de investigación para a difusión do documento, o asesoramento técnico na implementación da Axenda 21 da cultura e a investigación do papel da cultura nos procesos de desenvolvemento, e especialmente naqueles temas como os indicadores

de desenvolvemento cultural ou a situación dos pobos primeiros, indíxenas ou orixinarios.

Desta maneira, Cidades Unidas convertírase nunha plataforma multilateral e aberta a todos aqueles gobiernos locais do mundo que queiran participar no reto de conseguir unha posición máis forte da cultura no desenvolvemento local e internacional.

### 3.2. Sobre os desafíos locais

a) É necesario remarcar que a Axenda 21 da cultura é un texto aberto, que pode dar lugar a traducións ou "encarnacións" locais diferentes. Cada cidade, cada goberno local, parte do seu marco xurídico, do seu contexto histórico e da realidade territorial (social, económica e cultural) específica. O sentido local do documento (sen prexuízos, ás veces a resposta será negativa, outras veces a resposta será positiva) pode ser analizado á luz da transversalidade e da participación.

b) A boa gobernabilidade aconsella tanto evitar a inflación de procesos de planificación como apostar pola inclusión da cultura en procesos xerais. Hoxe en día, nun mesmo municipio, poden coexistir planificación urbanística, planos estratégicos municipais, Axenda 21 local para a sustentabilidade, plano de desenvolvemento local, pacto territorial... A presenza da cultura nestes instrumentos non é a óptima. Algúns municipios dotáronse dun plano local de cultura cunha lóxica a miúdo sectorial e pouco transversal. A implementación da Axenda 21 da cultura pode ser o desencadeante dun proceso de estratexia transversal en que as concellarías de cultura se configuren como organizacións chave para o desenvolvemento local e para a "gobernanza".

A participación e a corresponsabilidade. Cabe analizar os obxectivos das instancias de participación cidadá. Existen metodoloxías probadas para estruturar os procesos de participación, que case sempre se dividen en tres fases: "estudo" (ou diagnose), fase de definición de propostas de acción e fase operativa (ou implementación). O resultado do proceso deberían ser tanto uns "compromisos do concello" como uns "compromisos cidadáns", traducidos en accións concretas que serán assumidas por cada un dos axentes, uns prazos de realización, uns indicadores de seguimento consensuados e unhas instancias de monitorización e avaliación sólidas (consellos municipais de cultura).

A implementación da Axenda 21 da cultura nun municipio debería considerar tanto a transversalidade e a participación como a dimensión do municipio. Así, o alcance específico desta implementación podería ser:

- A realización dunha Axenda 21 da cultura local, que inclúa tanto a cultura como sector como a súa dimensión transversal, e a creación de instancias participativas en cultura. Esta opción é quizais más adecuada en municipios con tradición de planificación cultural ou en contextos metropolitanos.

- O documento como base dun plano local de cultura (sectorial e transversal), e como oportunidade para a creación de instancias participativas en cultura.

- O documento como oportunidade para a incorporación da cultura (os seus axentes e programas) á Axenda 21 Local ou ao instrumento de planificación municipal de maior

relevancia. Quizais adecuada para municipios pequenos.

Nalgún momento do proceso (haberá municipios que queiran realizarlo ao comezo, outros ao final), cabe contemplar a adhesión do plenario municipal á Axenda 21 da cultura.

### 3.3. Coxuntura das políticas culturais no Estado español

O debate sobre as políticas culturais no Estado español atópase nun momento especialmente interesante, marcado tanto por variables esóxenas ao sistema cultural como por variables endóxenas, que afectan aos tres niveis da administración, o local, o autonómico e o central.

Por unha parte, a chegada da nova inmigración, as demandas de cohesión e inclusión social en barriadas periféricas, a búsqueda de novos modelos turísticos, a interrelación entre cultura e educación, o paradigma de democracia participativa ou as perspectivas dunha descentralización cara aos poderes locais (co necesario aumento das transferencias)... Por outra parte, a relación entre creación e industria, os retos da instrumentalización e a estetización da cultura, a necesidade de avaliação (e reinvención) periódica dos programas, a elaboración do paradigma da "diversidade cultural", os límites dunha política cultural soamente centrada nas infraestruturas, os desexos de configurar un verdadeiro "sistema público" da cultura...

Todo parece apuntar a un aumento da relevancia das políticas culturais no Estado español.

A modo de espello, parece oportuno analizar o que sucede noutros lares. O investigador anglo-australiano Colin Mercer (2004) sinalaba recentemente as chaves do incremento da relevancia das políticas culturais na axenda institucional británica. Mercer destacaba:

- O liderado político ao máis alto nivel, coa implicación de Tony Blair como voceiro da *Cool Britain*.
- Unha visión do papel fundamental que as industrias culturais teñen no sistema cultural. "Nin son todo o sistema nin son prescindibles."
- A creación dun sistema de estatísticas culturais, o establecemento dun sistema de indicadores de calidade de vida a escala local, rexional e estatal, e os (tímidos) programas de apoio á investigación en políticas culturais.
- Os programas públicos de "seguimento e inspección" dos fondos estatais dedicados aos gobiernos locais (desde 1998), a partir de:
  - *Best Value*, ou avaliação da calidade dos servizos ás persoas.
  - O financiamento de planos estratégicos de cultura aos concellos e entidades rexionais, a partir de parámetros proporcionados polo goberno central.<sup>7</sup>
- As estratexias ascendentes de traballo en rede, dos xestores culturais e das cidades (*core cities*, por exemplo), comparando as súas políticas culturais, exercendo de *lobby* perante o goberno, con declaracóns políticas ao máis alto nivel e como contrapeso da forza centrípeta de Londres.

<sup>7</sup> Unha estratexia similar seguiu o ministerio de cultura de Flandres (2002-2003) con *Cultuur Lokaal*.

Comparar a situación do Estado español coa de Gran Bretaña (así como coa doutras realidades) resulta edificante. Non podemos copiar modelos foráneos, mais si telos en conta, especialmente debido ás diferenzas que separan estes territorios (en Gran Bretaña existe maior proporción de poboación de orixe inmigrante, maior renda e unha distribución máis desigual, menores niveis de calidade de vida e de inclusión social, menor autonomía dos gobiernos locais (moita maior dependencia do goberno central), así como inexistencia de comunidades autónomas e forte "cultura" de proxecto con acordos público-privados).

Os municipios e as súas federacións son unha peza necesaria para impulsar unha renovación das políticas culturais no Estado español, definir unha axenda común, asignar as responsabilidades e establecer prazos viables. Segundo en boa parte a Miralles (2004), na actual coxuntura parece necesario:

- Estruturar a información cuantitativa existente e crear a información cuantitativa necesaria. Detectar os aínda escuros buracos "cualitativos". Convertir a información en coñecemento. Observatorios.
- Investigar e avaliar. Implicación das universidades. Avaliación de políticas públicas e privadas. Estandarizar a investigación aplicada e invertir en investigación punta. Conectar investigación e políticas. Laboratorios.
- Conectar. Os políticos culturais. Os xestores culturais. Traballar en rede. Identificar boas prácticas e adaptalas. Cohesionar o sistema dos axentes da cultura.
- Avogar. Por un debate social, o máis amplio posible, sobre o papel das políticas culturais na sociedade española, e sobre o papel da cultura na calidade de vida de cada cidadán.

Nesta coxuntura, a Axenda 21 da cultura pode contribuír a (1) reforzar a necesidade de políticas culturais locais, (2) impulsar a súa dimensión transversal e participativa, (3) avogar por maiores recursos, (4) desenvolver o traballo en rede entre os municipios españoles, e (5) internacionalizar e configurar a cooperación cultural como un obxectivo municipal estratégico.

Máis concretamente, a Federación Española de Municipios e Provincias – FEMP poderá xogar un papel fundamental en:

- A relación entre as cidades españolas e Cidades Unidas, participando no comité de cultura desta asociación.
- A difusión do documento nos municipios e nas deputacións españolas.
- O asesoramento dos concellos nas súas propostas de realización de planos locais de cultura ou Axendas 21 da cultura e a confección de manuais ou protocolos de intervención.
- O impulso á investigación nas políticas culturais e especialmente na relevancia da esfera local.
- O desenvolvemento dos debates sobre o papel das políticas culturais na sociedade española.

En definitiva, segundo a Miralles (2004, 8), trataríase, sobre todo, de contribuír a establecer unha

alianza para investir a cultura de significado estratégico e desenvolver un coñecemento compartido non sobre o que é, "senón sobre como se conecta e entra en relación cos nosos obxectivos de desenvolvemento e a nosa calidade de vida".

## REFERENCIAS

- Alliance for Cultural Democracy; 1996; **Declaration of cultural human rights**, [www.communityarts.net](http://www.communityarts.net), consultada o 14 de outubro de 2004.
- Belhaj Kacem, Medi; 2004; "Autour de l'«instrumentalisation de la culture»", **Les nouvelles d'Archimède**, spécial colloque "À propos de la culture", Lille, Université des Sciences & Technologies de Lille, pp. 22-23.
- Borja, Jordi; Castells, Manuel; 1997; **Local y global. La gestión de las ciudades en la era de la información**, Taurus, Madrid, 418 pp.
- Bouchenaki, Mounir; 2004; Relatorio no simposio "Agenda 21 de la cultura. Un compromiso de las ciudades y los gobiernos locales para el desarrollo cultural", Foro Urbano Mundial, Foro Universal das Culturas, Barcelona, 15 de setembro de 2004.
- Cabannes, Yves; 2004; "Perspectiva política y rol del FAL en el marco del nuevo escenario internacional: propuestas desde los participantes", pp. 25-39, en **Relatoria del Foro y propuestas**, IV Foro de autoridades locais pola inclusión social de Porto Alegre / Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga, Málaga, 94 pp.
- Cambier, Alain; 2004; "La culture comme ultime ressource", **Les nouvelles d'Archimède**, spécial colloque "À propos de la culture", Lille, Université des Sciences & Technologies de Lille, pp. 32-33.
- Cardoso, Fernando Henrique; 2004; **Informe del Grupo de Personas Eminentessobre las Relaciones de las Naciones Unidas con la Sociedad Civil**, Nacións Unidas, Nova York, [www.un.org/reform/panel.htm](http://www.un.org/reform/panel.htm), consultada o 12 de novembro de 2004.
- Carta dos dereitos veciñais de Montevideo; 2003; Intendencia de Municipal de Montevideo, [www.montevideo.gub.uy/descentral/cartavecinos.pdf](http://www.montevideo.gub.uy/descentral/cartavecinos.pdf), consultada o 12 de novembro de 2004.
- Carta de São Paulo; 2004; I Encontro de Ministros de Cultura no Foro Cultural Mundial, 1 de xullo de 2004, Mimeo.
- Carta de Porto Alegre; 2001; I Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social, Prefeitura de Porto Alegre, [www.autoridadeslocais.com.br](http://www.autoridadeslocais.com.br), consultada o 12 de novembro de 2004.
- Castells, Manuel; 1998; **La era de la información. Economía, sociedad y cultura, volume 2 El poder de la identidad**, Alianza, Madrid.
- Cidades e Gobernos Locais Unidos; 2004a; Declaración final do Congreso Fundador "Ciudades, Gobiernos Locales: el Futuro del Desarrollo", París, 5 de maio de 2004, [www.cities-localgovernments.org](http://www.cities-localgovernments.org), consultada o 12 de novembro de 2004.
- Cidades e Gobernos Locais Unidos, 2004b, "Ciudades y Gobiernos Locales Unidos como órgano asesor de Naciones Unidas", Barcelona, Mimeo.
- Comisión Mundial sobre Cultura e Desenvolvimento; 1995; **Our creative diversity. Report of the World Commission on Culture and Development**. Paris: UNESCO, 1995. Tradución española: *Nuestra diversidad creativa*; Madrid, UNESCO, Ed. SM., 1997, 202 pp.
- Consello de Europa; 1983; **Declaración de Bremen**, 8 pp.
- Crehan, Kate; 2002; **Gramsci, cultura y antropología**, ed. Bellaterra, Barcelona, 2004, 249 pp.
- Debord, Guy; 1967; **La sociedad del espectáculo**, Pre-Textos, Valencia, 2003, 176 pp.
- Delgado, Eduard; 2001; "Planificación cultural contra espacio público"; **Karis**; nº. 11, decembro 2001; Barcelona; Fundació Interarts; pp. 49-61.
- Duxbury, Nancy; 2003; "Cultural indicators and benchmarks in community indicators projects: performance measures for cultural investment?", en **Accounting for culture: Examining the building blocks of cultural citizenship**, Gatineau (Quebec), 13-15 novembro de 2003, [http://66.46.139.215/ccrndocs/library/3.Colloquium\\_Presentations/Duxbury - Cultural Indicators and Benchmarks r.pdf](http://66.46.139.215/ccrndocs/library/3.Colloquium_Presentations/Duxbury - Cultural Indicators and Benchmarks r.pdf), consultada o 12 de novembro de 2004.
- Foro Social Mundial; 2003; "Nota del Comité Organizador sobre los principios que orientan el FSM", 28/10/2003, [www.forumsocialmundial.org.br](http://www.forumsocialmundial.org.br), consultada o 22 de decembro de 2003.
- Gordon, Christopher; Mundy, Simon; 2001; **European perspectives on Cultural Policy**, UNESCO Publishing, Culture Development and Society Series, París, 117 pp.
- Grupo de Friburgo, 1995,
- Hawkes, Jon; 2001; **The fourth pillar of sustainability. Culture's essential role in public planning**, Cultural Development Network, Melbourne, 69 pp.
- Instituto de Cultura – Concello de Barcelona; 1999; **Plan estratégico del sector cultural**, Barcelona, 139 pp.
- Instituto de Cultura – Concello de Barcelona; 2004; **Ideas fuerza 2004-2007**, Barcelona, Concello de Barcelona, 32 pp.
- Interarts; 2002; **Drets i deures culturals a la ciutat. Text introductorí**, Barcelona, Fundació Interarts, 38 pp., Mimeo.
- KLYS; 1998; **Towards a cultural agenda 21**, Estocolmo, Hässelby Manor House.
- Marx, Vanessa; 2004; "Perspectiva histórica del Foro de Autoridades Locales por la Inclusión Social de Porto Alegre", pp. 15-18, en **Relatoria del Foro y propuestas**, IV Foro de autoridades locais

pola inclusión social de Porto Alegre e Centro de Edicións da Diputación de Málaga, Málaga, 94 pp.

Mascarell, Ferran; 2004; Relatorio de presentación da Axenda 21 da cultura no simposio organizado polo Foro Urbano Mundial da ONU – Habitat, Barcelona, 15 de setembro de 2004.

Mercer, Colin; 2002; **Towards cultural citizenship**; Swedish International Development Cooperation Agency; Gidlunds förlag, Upssala.

Mercer, Colin; 2004; "From data to wisdom: building the knowledge base for cultural policy", relatorio en **"Cultural policy research in the countries of South East Europe: setbacks and prospects, International workshop of the Policies for Culture Task Force for Cultural Policy Research"**, 2-3 outubro de 2004, Belgrado, mimeo.

Miralles i Ventimilla, Eduard; 2004; "Las diputaciones provinciales y la cultura", en **El sistema público de la cultura en España**, FEMP – Federación Española de Municipios y Provincias, Cáceres, 25-27 outubro de 2004, 8 pp., mimeo.

Mundy, Simon; 2001; "Requirements for a sustainable cultural policy", en *Gordon y Mundy*, 2001, pp. 57-117.

Nacións Unidas; 1966; **Declaración sobre os principios da cooperación cultural**, UNESCO, París.

Nacións Unidas; 2002; **Report of the World Summit on Sustainable Development, Johannesburg, 26 August – 4 September 2002**, Nacións Unidas, Nova York, 173 pp.

Pascual i Ruiz, Jordi; 2002; **"Bastint el quart pilar. Introducció bibliogràfica al seminari zero del CERC"**, Barcelona, Centre d'Estudis i Recursos Culturals – CERC, [www.diba.es/cerc](http://www.diba.es/cerc).

Pascual i Ruiz, Jordi; 2003; "Redes y conocimiento: estrategias territoriales para la cultura", en **Transversal, Revista de Cultura Contemporánea**; nº. 20; pp. 114-117; Ajuntament de Lleida e rede de ciudades "Transversal", Lleida, [www.revistatransversal.com](http://www.revistatransversal.com).

Postman, Neil; 1985; **Amusing ourselves to death: discourse in the age of show business**, Penguin Books, Nova York. Traducción en castelán: *Divertirse hasta morir*, Ed. "La Tempestad", Barcelona, 1991.

RIDC – Rede Internacional pola Diversidade Cultural; 2004; "Quiénes somos", [www.incd.net](http://www.incd.net), consultada o 10 de novembro de 2004.

Ridderstrale, Jonas; Nordström, Kjell A.; 2000; **Funky Business. Talent makes capital dance**, Pearson Education. Traducción en castelán: *Funky Business. El talento mueve al capital*, Prentice Hall-Expansión, Madrid, 2000.

Sánchez Monteseirín, Alfredo; 2004; Relatorio na mesa redonda "The European Union's political priorities and the role of cities", Cities Summit – European Union, Noordwijk (Países Baixos), 19 de outubro de 2004.

Sloterdijk, Peter; 1994; *Si Europa despierta. Reflexiones sobre el programa de una potencia mundial en el fin de la era de su ausencia política*, Valencia, Pre-Textos, 2004, 81 pp.

RIPC – Rede Internacional sobre as Políticas Culturais; 2004; "Quiénes somos", [www.incp-ipc.org](http://www.incp-ipc.org), consultada o 10 de novembro de 2004.

UNESCO; 2001; *Declaración Universal de la UNESCO sobre la Diversidad Cultural*; adoptada pola 31ª reunión da Conferencia Xeral da UNESCO, o 2 de novembro de 2001, París, [http://www.inst.at/kulturen/unesco/declaration\\_english.htm](http://www.inst.at/kulturen/unesco/declaration_english.htm) e [http://www.unesco.org/confgen/press\\_rel/021101\\_clt\\_diversity.shtml](http://www.unesco.org/confgen/press_rel/021101_clt_diversity.shtml).

Vendrell, Ester; 2003; *Conceptos articuladores del debate internacional sobre cultura y desarrollo*, informe previo á elaboración da Axenda 21 da cultura, Barcelona, non publicado, mimeo.

Yúdice, George; 2003; *El recurso de la cultura*, Gedisa, Barcelona.

## *Deseño e propostas de actuación do Plano formativo na ÁREA de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico\**

**JOSÉ ANTONIO CARIDE E CARMEN MORÁN (COORD.)  
BELÉN CABALLO, MARÍA DOLORES CANDEDO, RAÚL FRAGUELA, RITA GRADAÍLLE,  
HÉCTOR POSE, MANUEL P. RÚA, MARÍA SALCINES, ARACELI SERANTES.**

\* Debemos recoñecer e agradecer os distintos contributos, valoracións e comentarios realizados a este Plano formativo polos participantes na segunda edición de Interea Foro, celebrado en Culleredo (A Coruña) os días 1 e 2 de decembro de 2004. Os seus contributos permitiron ampliar e mellorar significativamente distintos epígrafes do mesmo, posibilitando unha maior contextualización e adecuación das súas propostas ás realidades institucionais, persoais e profesionais dos seus potenciais destinatarios. En particular, queremos salientar as exhaustivas e rígorosas "notas" que nos fixo chegar Fernando R. Lavandeira Suárez (Concello de Rianxo), das que procuramos deixar testemuño no texto que se presenta. A todos e todas, grazas por facérenos partícipes das súa expectativas, susxestións e inquietudes.

### 1. Contextualización, natureza e xustificación do plano

Na sociedade do coñecemento e da aprendizaxe, cunhas realidades sociais cada vez más interdependentes, complexas e globalizadas, a formación e cualificación dos cidadáns ten acrecentado significativamente a súa relevancia, requirindo das Administracións Públicas iniciativas e actuacións que incidan nunha dupla e complementaria tarefa: dunha banda, a que implica contribuír a mellorar a capacitación socioprofesional das persoas que desempeñan responsabilidades técnicas e/ou políticas no seu funcionamento cotiá; doutra, a que supón ampliar as oportunidades que habilitan os poderes públicos para a consecución dun maior e mellor desenvolvemento das comunidades locais.

Con este duplo propósito, deséñase o plano formativo que presentamos, a que cabe definir como integral na medida en que abrangue todos os campos da formación e do desenvolvemento (social, económico, educativo, ecolóxico, persoal, cultural, etc.) nas comunidades locais; e integrado, xa que se contemplan múltiplas accións, que no seu conxunto deben posibilitar a adaptación dos procesos de ensino-aprendizaxe ás necesidades das persoas e dos grupos interesados na formación. Ademais dunha formación ampla, diversificada e de calidade, deberá axustarse ás realidades municipais, provinciais e galega, favorecendo a adquisición de competencias teórico-conceptuais, instrumentais e aplicadas aos contornos socio-económicos, culturais, políticos e administrativos en que se desenvolve.

No fundamental, trátase dun plano formativo que se insire nun proceso de educación-formación continua, que ten como principais destinatarios os responsables políticos e os técnicos municipais nas Áreas de Educación e Cultura dos 94 concellos da provincia da Coruña. De aí que sexa un plano que pon énfase nos compromisos políticos e profesionais a favor dunha aprendizaxe permanente, sustentada na idea de que en todo quefacer público –sexa de alcance profesional ou político– se dan procesos que orixinan unha constante evolución nas formas de pensar, decidir, xulgar e actuar.

O plano sitúa a formación no marco da iniciativa política e do desempeño profesional, como resposta a necesidades sociais, institucionais e técnicas dos concellos da provincia, moitas delas recollidas no informe *A acción municipal en cultura, deportes e xuventude na provincia da Coruña* (2002), realizado por un equipo de profesores e investigadores universitarios, promovido pola Deputación Provincial en convenio coas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela.

No plano, e na vontade política que anima á Deputación Provincial da Coruña a promovelo, faise explícito o interese por integrar a formación dos políticos e técnicos municipais no seo dunha planificación estratéxica da institución, eludindo a súa simple equiparación a unha serie de accións

formativas puntuais (cursos, seminarios, obradoiros, xornadas, etc.). De aí que, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento, aludamos a unha formación que deberá participar plenamente das políticas provinciais, tanto a nivel organizativo coma orzamentario, xa que deberá constituir un elemento decisivo para a modernización e optimización da Administración Local na súa totalidade.

Na proposta deseñada dáse cabida a contidos e actividades de natureza teórica, práctica e aplicada, mesturando diferentes modalidades de ensino-aprendizaxe, favorecendo un traballo individualizado ao mesmo tempo que colectivo, sexa a través do estudo autónomo, de sesións presenciais ou mediante conexión en rede. De igual modo, contempla unha formación diversificada e diferenciada, polivalente ou especializada segundo os casos, en que se prevén actuacións no curto, medio e longo prazo, graduando a participación e implicación dos seus potenciais axentes-destinatarios. En consecuencia, e pretendendo unha decidida orientación interdisciplinar, intégranse, de xeito flexible e contextualizado, contidos de natureza:

- Teórico-conceptual, coa participación de diferentes ámbitos do saber e do coñecemento, sobre todo no ámbito das Ciencias Sociais e Humanas: Antropoloxía, Socioloxía, Economía, Psicoloxía, Ciencia Política, Dereito, Pedagogía, Informática, Ética, etc.
- Metodolóxica, tanto no que atinxer a unha formación orientada ao coñecemento das realidades sociais, comunitarias, institucionais, organizacionais, etc., como a unha acción-intervención nas mesmas: deseño, implementación e avaliación de planos, programas, proxectos ou actividades.
- Tecnolóxico-instrumental, sobre todo no ámbito das novas tecnoloxías e dos recursos mediáticos e informáticos.
- Praxiolóxica, no que supón de cualificación para a utilización de técnicas, instrumentos, soportes, recursos, materiais, etc., que son de uso frecuente no desempeño das responsabilidades políticas e/ou profesionais.
- Axiolóxica, incidindo na importancia dos valores que converxen no labor político e profesional, poñendo de relevo a súa natureza ética e moral respecto das responsabilidades e obrigacións que se contraen.

Nas súas coordenadas temporais articula distintas secuencias cronolóxicas en función dos curtos, medios e longos prazos, establecendo como horizonte o ano 2011, un tempo que estimamos razonable tanto desde a perspectiva da toma de decisións ligadas á programación como ás diversas fases en que deberá concretarse a súa implementación e avaliación, cos seus correspondentes procesos e resultados.

Polo demais, ao igual que acontece con todo plano formativo, no que aquí se deseña están integrados distintos elementos e circunstancias que toman en consideración, entre outros, os seguintes factores:

- O contexto institucional en que se vai desenvolver a formación (a Deputación Provincial da Coruña e os 94 concellos da provincia);

- Os obxectivos e finalidades que se pretenden satisfacer;
- As persoas destinatarias e/ou participantes (políticos e técnicos municipais das Áreas de Educación e Cultura);
- Os ámbitos temáticos en que se configuran os contidos "disciplinares";
- Os procesos metodolóxicos e as modalidades formativas que comportan;
- Os recursos dispoñibles (económicos, tecnolóxicos, didácticos, documentais, materiais, etc.) ao servizo da formación;
- O tipo de acción ou actividade formativa;
- A organización espacial e temporal das iniciativas;
- Os procesos avaliativos.

## 2. Finalidades e obxectivos

Os procesos formativos acostuman a identificarse con todas aquelas actividades orientadas á obtención de coñecementos, métodos, técnicas, destrezas, competencias e habilidades, así como á adquisición de actitudes e valores necesarios para o desempeño dunhas tarefas específicas de natureza política, profesional, cívica, etc.

O plano formativo concíbese, desde esta perspectiva, como unha iniciativa que se oferta aos responsables políticos e ós técnicos municipais nas Áreas de Educación e Cultura da provincia da Coruña coa finalidade de dar cobertura ás necesidades específicas que se asocian ó seu quefacer cotiá, procurando que do mesmo se beneficien –directa ou indirectamente– os cidadáns a través das diversas actuacións promovidas pola Administración Local.

Esta iniciativa sitúase nos parámetros dunha formación continuada, que deberá partir da formación inicial que teñen os seus potenciais destinatarios (políticos e técnicos). Para tal fin, trátase de ter en conta:

- A adecuación do plano a determinados principios sociopsicopedagógicos, coincidentes con criterios que se remiten á educación permanente, a formación-educación de adultos, etc.
- A experiencia formativa, política e/ou profesional dos destinatarios, valorando o seu potencial como suxeitos da aprendizaxe.
- O axuste das actividades formativas ás necesidades, niveis e expectativas dos participantes, así como das realidades locais en que se desenvolve o seu labor.
- A coherencia coa política global de formación que desenvolven outras instancias con fins similares, estando integrado nun plano estratéxico de amplio alcance institucional, enmarcado

no Proxecto Interea (Edicións, Visual, Foro, etc.) da Deputación Provincial.

- A corresponsabilidade institucional das administracións públicas e, máis especificamente, da Administración Local, xunto con outros axentes sociais (universidades, fundacións, asociacións, sindicatos, colexios profesionais, organizacións non gobernamentais, etc.) nos procesos formativos, propiciando a súa coparticipación arredor de obxectivos que poden ser comúns.

En coherencia con este enfoque, a estrutura curricular do plano e dos procesos de ensino-aprendizaxe terase que enraizar na Administración Local (os concellos), a fin de garantir a distribución diversificada e contextualizada das iniciativas que se emprendan, así como dos recursos formativos de que se dispoña. A súa planificación e desenvolvemento axustarse aos intereses e ás necesidades dos seus destinatarios, con especial énfase no logro dunha aprendizaxe significativa, a través da que se permita a adquisición de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais dun xeito contextualizado e funcional.

De aí que os obxectivos principais deste plano formativo se formulen nos seguintes termos:

- Dar resposta ás necesidades e/ou demandas que se suscitan na práctica cotiá do labor político e do traballo técnico-profesional municipal nas Áreas de Educación e Cultura na provincia da Coruña e nos seus concellos.
- Contribuír á innovación e mellora das competencias persoais e/ou profesionais dos responsables políticos e dos técnicos municipais nestas áreas, en que a calidade deberá ser un referente chave no quefacer da Administración Local.

Co desexo de abrir novas perspectivas no coñecemento, na reflexión ou na acción municipal, a estes obxectivos xerais vincúlanse outros de carácter máis específico:

- Ampliar as concepcións e representacións sociais que posúen os responsables políticos e os técnicos municipais acerca da acción cultural nos seus respectivos concellos, e tamén das políticas locais e das súas planificacións estratégicas.
- Habilitar canles para a difusión e o acceso a un coñecemento actualizado e renovado dos saberes científicos, metodolóxicos, instrumentais, etc. que permitan afrontar política e profesionalmente as problemáticas sociais que afectan á vida municipal, poñendo énfase no uso de competencias e recursos que incidan na súa mellora.
- Promover a aplicación dos fundamentos científicos, disciplinares e profesionais mais idóneos nos procesos de acción-intervención social en cada unha destas áreas, favorecendo o desempeño autónomo e innovador dos responsables políticos e dos técnicos municipais.
- Xerar e/ou consolidar unha perspectiva integral e integradora da acción educativa e cultural nos municipios da provincia, favorecendo a cooperación e o intercambio de ideas, así como a divulgación e promoción de "boas prácticas".
- Activar estratexias, procedementos e iniciativas que redunden no establecemento dun marco operativo profesional común, consonte unha mellora significativa nos servizos que se prestan aos cidadáns, a que cabe engadir unha mellor racionalización dos esforzos que emprenden as

Administracións Provincial e Municipal en materia educativa e cultural.

- Crear e manter un ambiente telemático de aprendizaxe (plataforma de formación *on-line* e un portal de coñecemento) que favoreza a interacción entre os responsables políticos, técnicos municipais e formadores.

A fin de garantir o cumprimento destes obxectivos, é necesario ampliar as tarefas de formación, asesoramento, participación, etc. dos distintos axentes municipais na cualificación e desempeño das súas competencias. Neste sentido, débese:

- Facilitar o traballo en equipo, a coordinación, o intercambio e a canalización de iniciativas, incidindo no coñecemento da realidade social desde unha perspectiva de investigación-acción, posibilitando procesos de autoaprendizaxe e a autoformación que se apoian en diversos materiais e formadores-tutores.
- Favorecer o desenvolvemento dos valores e actitudes que se precisan para conseguir unha eficaz planificación e xestión municipal na Administración Local.
- Desenvolver prácticas avaliativas que permitan xular os procesos e resultados vinculados á planificación e desenvolvemento de planos, programas e proxectos municipais en materia de cultura.
- Optimizar o uso dos equipamentos e infraestruturas municipais con fins formativos, entre os que se inclúen as novas tecnoloxías e as redes telemáticas.
- Impulsar unha formación crítica e analítica ligada a proxectos que teñan como soporte a vida cotiá dos municipios.

No seu conxunto, son obxectivos que inciden na actualización e consolidación das actuacións que se veñen desenvolvendo nos últimos anos por iniciativa da Deputación Provincial e/ou dun bo número dos concellos da provincia, a fin de crear e impulsar novas perspectivas de acción que sexan acordes coas necesidades e demandas da provincia e dos seus cidadáns. En todo caso, enténdese a formación como o instrumento para a mellora da cualificación dos responsables políticos e dos técnicos municipais, como unha canle fundamental para a construcción dunha vida municipal de calidade.

### 3. Modalidades, contidos e actuacións formativas

Nas súas modalidades e nas opcións que estas contemplan desde o punto de vista metodolóxico, consideramos que existe un amplo abano de posibilidades para afrontar o desenvolvemento deste plano formativo, tratando de compatibilizar as circunstancias persoais e profesionais dos seus destinatarios (responsables políticos e técnicos municipais) coa programación e realización das actuacións que se promovan en cada caso.

De aí que se contemplan actividades formativas que, en función do tempo e do espazo, permiten distinguir entre tres modalidades principais:

- Presencial: Baseada, principalmente, na comunicación oral e directa, nun espazo determinado e identificable previamente acordado para o desenvolvemento dunha ou varias accións formativas. Requiere a presenza física dos que participan nas mesmas. Con diferentes posibilidades de articulación dos procesos de ensino-aprendizaxe, deberán permitir a convocatoria e realización de encontros (xornadas, seminarios, simposios, etc.) en función de necesidades e demandas concretas, en diferentes ámbitos xeográficos e institucionais da provincia da Coruña
- Virtual ou a distancia: En que non é precisa a coincidencia no tempo e no espazo entre os formadores e os destinatarios da formación, posibilitando que os procesos de ensino-aprendizaxe sexan accesibles desde calquera lugar e en calquera momento a partir da conexión a unha rede telemática (*ambiente electrónico de aprendizaxe*), para o que é preciso habilitar distintos sistemas de elaboración e difusión de materiais, titorización e asesoramento dos participantes, creación e mantemento dun contorno virtual, desenvolvemento de competencias de auto-aprendizaxe, etc.
- Semi-presencial: Posibilita combinar as dúas modalidades anteriores, de modo que unha parte do proceso formativo se remite ao traballo individual dos participantes e outra parte se desenvolve –de xeito regular– en sesións colectivas e/ou en titorías individualizadas e de carácter presencial. Para iso, os procesos formativos que se programan deben contemplar a converxencia de catro factores chave: o deseño previo e explícito da formación presencial, a dispoñibilidade de material didáctico, a organización das titorías e a concreción na práctica de actuacións pedagógicas diferenciais, segundo as necesidades e circunstancias que concorran en cada persoa ou colectivo.

Diversas circunstancias (tempo dispoñible, desprazamentos, recursos existentes, etc.) aconsellan poñer énfase na modalidade semi-presencial, de xeito que se conxuge o traballo persoal e/ou grupal titorizado coa descentralización da presencialidade e a utilización das redes telemáticas, sempre e cando se habiliten as canles que permitan xeralizar e optimizar o seu uso polos potenciais destinatarios. Isto non obvia a necesidade de promover e desenvolver actuacións que requiran da confluencia no tempo e no espazo de distintos participantes (formadores, políticos, técnicos, etc.), a teor das variadas opcións e metodoloxías que cabe contemplar (xornadas, foros, simposios, etc.).

Polo que respecta aos contidos, e tratando de facer congruente a proposta do plano formativo coas recomendacións formuladas na Axenda 21 da Cultura –apartado 47–, no sentido de asegurar a centralidade da cultura no conxunto das políticas locais, “*impulsando a redacción de axendas 21 da cultura en cada cidade ou territorio, en coordinación estreita cos procesos de participación ciudadá e planificación estratégica*”, o conxunto destas iniciativas formativas deberá favorecer o coñecemento, implicación e responsabilización das persoas que participen nas mesmas (responsables políticos e técnicos da Área de Educación e Cultura, na provincia da Coruña) en actuacións vinculadas á toma de decisións e á adopción de medidas contempladas na devandita axenda. En calquera caso, contemplando a posibilidade de que poidan levarse a cabo procesos formativos que complementen (previa ou simultaneamente) os que se sinalan, coa intención de facer más rendibles os seus respectivos logros.

Na selección e configuración dos contidos contémplanse accións formativas que diferencian entre os que poden e mesmo deben ter unha caracterización “transversal” e os que responden a unha

orientación máis “específica”. Os primeiros estenden os seus contidos e propostas ao longo de todo o plano, en que constitúen un eixe vertebrador da actividade formativa programada. Os segundos tratan de dar resposta a algunas das necesidades formativas detectadas no estudio diagnóstico realizado nos anos 2001-02, en que tiveron un especial protagonismo os responsables políticos e técnicos dos concellos da provincia, así como as demandas que expresamente se formularon no Interea Foro celebrado no Pazo de Mariñán en decembro de 2002. Con esta articulación, a proposta resúmese en:

a) Temas e contidos de carácter transversal:

“*A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos Municipais*”.

Neste marco temático incluímos dúas liñas de actuación, no que se refire aos contidos, con especial énfase no *labor cultural municipal*:

- *Acción cultural e políticas integrais locais*.
- *A planificación estratégica na acción cultural local*. Con este título xenérico propomos que se poña énfase, prioritariamente, nos seguintes puntos:
  - *Análise diagnóstica das realidades socioculturais municipais*.
  - *Deseño e avaliación de programas socioculturais*.
  - *Xestión e planificación cultural*.
  - *Criterios, principios e políticas municipais de calidad*.

b) Temas e contidos de carácter específico:

- *Xestión e administración dos equipamentos culturais municipais*.
- *Asociacionismo e participación cidadá*.
- *O traballo en equipo nos departamentos e programas municipais*, con dúas liñas de actuación temáticas:
  - *Adquisición e desenvolvemento de habilidades sociais*.
  - *Técnicas de dinámica en grupo*.

Polo demais, lonxe de constituír actuacións puntuais, as diferentes iniciativas programadas deberán constituirse no punto de partida doutras propostas e accións formativas, en que adquiran un crecente protagonismo as persoas que participen no plano de formación. Só así pode garantirse a súa continuidade creando un verdadeiro e permanente contorno de aprendizaxes.

Nesta liña, tanto en canto sexa factible, coincidimos na necesidade de situar nos procesos formativos deste plano e das actuacións que contempla outros bloques de contido específico,

entre os que cabe nomear os relativos a patrimonio, patrocinio e mecenado, entidades non lucrativas, artes escénicas e musicais, artes plásticas e audiovisuais, edición e promoción da lectura pública, medios de comunicación social e novas tecnoloxías, turismo cultural, cultura e sectores específicos da poboación (infancia, muller, maiores, xuventude, etc.), industrias culturais, xestión e mediación en conflitos, etc.

Polo demais, na programación e consecuente desenvolvemento desta proposta, suxírense distintas actividades formativas que, no fundamental, se concretan no seguinte:

- Convocatoria e realización de cursos, seminarios, simposios e xornadas (entre os que se inclúe a convocatoria de *Interea Foro*) de carácter teórico-práctico, con temas monográficos ou miscelánea.
- Constitución e desenvolvemento de Grupos de Investigación-Acción con fins formativos, centrados preferentemente en problemas prácticos e en proxectos de innovación en que poderán integrarse diversos colectivos e axentes sociais.
- Deseño e mantemento de traballo en rede.
- Configuración de "bancos de boas prácticas" e desenvolvemento de obradoiros con contidos específicos.
- Elaboración e difusión de publicacións e diversos materiais didácticos, entre os que cabe mencionar expresamente a edición dos "*Cadernos Temáticos*" e de "*Interea Visual*".

No seu conxunto, a combinación das accións formativas, dos contidos temáticos e das actividades formativas programadas, móstrase no seguinte cadro:

Acción formativa	Contidos	Actividades formativas
Eixe transversal A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos planos estratégicos municipais	Acción cultural e políticas integrais locais  A planificación estratégica na acción cultural local	Seminario Grupos de Investigación-Acción Interea Foro 2006  Curso extensivo teórico-práctico: sesións presenciais e traballo en rede Grupos de Investigación-Acción
Temática específicas	Xestión e administración dos equipamentos culturais municipais	Banco de boas prácticas Xornada Monográfica Traballo en Rede
	Asociacionismo e participación ciudadá	Simposio Caderno Temático Banco de boas prácticas
	O traballo en equipo nos departamentos e programas municipais: habilidades sociais -técnicas de dinámica de grupo	Banco de boas prácticas Obradoiros

#### 4. Destinatarios e Formadores

Os potenciais destinatarios do plano formativo son os responsables políticos e os técnicos de cultura dos concellos da provincia da Coruña. Neste sentido, deberán contemplarse espazos e tempos de formación que sexan comúns para políticos e técnicos, sen menoscabo da necesaria e prioritaria diferenciación dos procesos e das prácticas formativas para cada un destes colectivos.

Cabe sinalar ao respecto que a formación continuada, do mesmo xeito que xa o está a facer a formación inicial (nos ciclos formativos, nas universidades, etc.), deberá contribuír a avanzar na definición dos perfís, roles e funcións dos profesionais que exercen o seu labor na Administración Local, valorizando e dignificando o seu labor técnico, competencial e laboral (condicións de acceso e contratación, retribucións, etc.).

Circunstancialmente, nas accións formativas que se deseñan tamén poderán participar outros responsables políticos e/ou a técnicos do sector público: concelleiros e técnicos municipais doutras áreas; directivos e traballadores de empresas públicas; persoal vinculado a diversos departamentos e institutos municipais, a organismos autónomos; dirixentes de asociacións que desenvolvan actuacións no ámbito cultural; persoal de apoio (administrativo, tecnolóxico, infraestrutural, etc.) Do mesmo xeito, a oferta poderá estenderse a persoas e colectivos que desenvolvan o seu labor no marco do que se nomea habitualmente como "sociedade civil".

Estas persoas, presentan un perfil colectivo con características específicas que merecen salientarse, entre outras:

- Acumulación de coñecementos e experiencias vitais que os capacitan para ser suxeitos activos da aprendizaxe.
- Madurez, capacidade de autovaloración e competencia para a toma de decisións.
- Capacidad de autoinstrucción ou autoformación.
- Relativa autonomía no uso do tempo e duns espazos determinados.

Nada disto diminúe a necesidade de insistir na sensibilización, motivación e implicación dos responsables políticos e dos técnicos municipais nos procesos formativos previstos, acometendo diversas actuacións encamiñadas a garantir e facilitar a súa participación nos mesmos. De xeito progresivo, considérase deseable que isto poida acompañarse de medidas que recoñezan a formación "en servizo" como unha dimensión relevante do desempeño laboral e profesional e que, entre outras, suxerimos que contemplen aspectos como os seguintes: asunción de custos ocasionados pola participación (desprazamento, dietas, etc.), concesión dos permisos e autorizacións correspondentes, vinculación da formación á concesión de axudas e subvencións, establecemento de convenios específicos entre a Deputación Provincial e os concellos, acreditación e validación académica da formación recibida mediante convenios coas universidades existentes na provincia, promoción profesional e asignación de complementos retributivos, etc.

Para desenvolver o plano formativo é necesario contar ademais cun equipo de profesores (formadores e docentes) variable, dependendo da acción ou proposta formativa que se pretenda

levar a cabo, que contará coa supervisión do coordinador do Proxecto Interea. A elección dos profesores responderá a un proceso selectivo adecuado ás accións formativas que se pretenden levar a cabo coa presenza de diferentes áreas de coñecemento, departamentos e centros universitarios; responsables políticos adscritos a diferentes niveis da administración pública; técnicos e profesionais pertencentes a distintos corpos e escalas da administración pública; profesionais de recoñecida experiencia nos ámbitos e temas abordados; responsables de diferentes institucións, organismos, entidades...

Considerando que na Comunidade Autónoma de Galicia existe un amplio colectivo de profesionais que poderán participar como profesores neste plano formativo, o deseable sería a súa integración en equipos de formadores ou docentes con responsabilidades no deseño, implementación e avaliación curricular do mesmo. Isto non obvia que, para determinadas accións, se recorra a especialistas doutros ámbitos e espazos xeográficos.

## 5. Calendario, horario e espazos de formación

O tempo e o espazo son dúas coordenadas esenciais na programación e desenvolvemento das actividades formativas, na medida en que se trata de "realidades" en que se insire e, simultaneamente, constrúe todo labor pedagóxico. Neste sentido, resulta fundamental adoptar criterios ou principios que optimicen a súa capacidade formativa, entre outros os de priorización, distribución, coordinación, racionalización e coherencia.

Estes criterios e principios deberán proxectarse no calendario e horarios, así como na utilización dos diferentes espazos formativos, contemplando situacións ou circunstancias como as seguintes:

### a) No que respecta aos espazos:

- Considerar a importancia dunha articulación harmónica e equilibrada da oferta formativa no territorio da provincia da Coruña, descentralizando os lugares de celebración dos encontros das distintas iniciativas. En todo caso, garantindo unha boa accesibilidade e unha adecuada dotación de recursos formativos (infraestruturais, materiais, didácticos, etc.), prestando unha especial atención á problemática dos concellos do medio rural.
- Combinar distintas modalidades e actividades formativas en función da disponibilidade e uso dos equipamentos requiridos, así como das dotacións existentes a nivel municipal, comarcal e provincial: salas de aula e de reunións para fins docentes, equipamentos informáticos e de novas tecnoloxías audiovisuais, condicións físicas e funcionalidade, desprazamento e aloxamento, prestacións e servizos complementarios (biblioteca, videoteca, reprografía, cafetaría-comedor, etc.), disponibilidade de persoal auxiliar de administración e servizos, etc.

### b) No que respecta aos tempos:

- Considerar a natureza e alcance das distintas modalidades formativas (presenciais, non presenciais e semipresenciais) e das actuacións de ensino-aprendizaxe que se programen en función das posibilidades que ofrecen para axustar o calendario e horario das mesmas ás circunstancias laborais dos destinatarios. Cómpre ter en conta que a realidade profesional da maioría dos técnicos municipais amosa períodos sensibles ao longo do calendario que adoitan cadrar con festas e celebracións cíclicas anuais (Entroido, Día das Letras Galegas, Verán e Nadal, fundamentalmente).
- Articular, pautar e acreditar as accións formativas (teóricas e prácticas) consonte a unha estrutura horaria tipo, segundo criterios que permitan a súa homologación a outros procesos formativos. Isto aconsella a súa regulación segundo "créditos", identificando esta expresión cunha carga horaria equivalente a 10 horas lectivas.
- Requirir que todas as actividades formativas que se deseñen fagan explícitas a súa previsión con relación aos tempos de difusión da convocatoria, a inscrición dos participantes, a realización e avaliación das actuacións, como expoñentes fundamentais da transparencia informativa, da procura de igualdade de oportunidades na asistencia e participación, da eficiencia na planificación e xestión, etc.
- Formalizar o calendario e horario do plano formativo combinando actuacións que teñan un alcance circunstancial, intensivo ou lineal (inicio e remate nunhas datas determinadas) con outras que teñan un sentido máis permanente, extensivo ou cílico (actividades que se convocan prevendo repetir a súa realización).

As iniciativas formativas que se propoñen, consideramos que deben contemplar tres secuencias ou fases principais na planificación e desenvolvemento das actuacións que se levan a cabo:

- Primeira fase: sitúa as propostas nos anos 2005 e 2006 (curto prazo), mesmo concibíndoas, nalgúns casos, cun sentido "experimental".
- Segunda fase: contempla a continuidade e/ou adaptación dalgunhas das propostas suxeridas na primeira das secuencias, incorporando outras novas, sexa por iniciativa dos responsables do programa formativo, sexa por demanda dos seus potenciais destinatarios, sexa en función das avaliacións realizadas na primeira fase. Consideramos que a súa concreción debería abranguer os anos 2007-2009.
- Terceira fase: debería concluir no ano 2011, momento en que, despois de sete anos e dúas legislaturas, debería posibilitar unha avaliación dos procesos e resultados obtidos, orientado á súa avaliación a unha nova toma de decisións con visión prospectiva.

2005	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	diciembre
A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos planos estratéxicos municipais												
				SEMINARIO Acción Cultural e Políticas Integrais Locais								CURSO A Planificación Estratéxica na Acción Local (continua 2006)
												GRUPOS DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN Constitución de tres grupos en función do tamaño dos concellos (continua 2006)
												Xestión e administración de equipamentos culturais
						XORNADA MONOGRÁFICA						Asociacionismo e Participación Ciudadá (desenvólvese en 2006, incluída a elaboración dun Caderno temático)
												O traballo en equipo nos departamentos e programas municipais
												OBRADOIRO Habilidades sociais
												OBRADOIRO Dinámica de grupos
												Banco de boas prácticas - (ensaio do traballo en rede) - Cadernos Temáticos
												Boas prácticas xestión e administración de equipamentos culturais

## 6. Recursos e infraestruturas

O desenvolvemento do plano formativo precisa da convención de diferentes recursos institucionais, económicos, materiais, tecnológicos e pedagógicos. Algunhas deles, de responsabilidade directa da Deputación Provincial da Coruña; outros, no entanto, precisan de acordos e/ou convenios de colaboración de duración variable ou continuada.

Entre os recursos propios ou de responsabilidade directa da administración provincial cabe citar ao conxunto de persoas, infraestructuras e medios que son propios ou están xestionados directamente polas seguintes institucións:

- Deputación Provincial
- Concellos da provincia da Coruña.

Outros recursos a disposición que precisarían un marco relacional previo son os seguintes:

- Universidades galegas: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Federación Española de Municipios e Provincias.
- Consellerías e Organismos da Xunta de Galicia.
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- Centro Galego das Artes da Imaxe.
- Centro Multimedia de Galicia.
- Compañía de Radio e Televisión de Galicia – CRTVG.
- Consello da Cultura Galega.
- Escola Galega da Función Pública.
- Fundación Galicia Europa.
- Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.
- Instituto Galego de Promoción Económica.
- Servizo Galego de Igualdade.
- Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- Turgalicia.
- Colexios e asociacións de diferentes colectivos profesionais, como son: educadores sociais, psicólogos, traballadores e asistentes sociais, sociólogos, bibliotecarios e documentalistas, etc.
- Outras entidades, institucións e organismos públicos e/ou privados con competencias e realizacións nos ámbitos de traballo formativo que se requiran (museos, centros de arte, conservatorios, clubs, medios de comunicación social, etc.).

No que atinxo aos recursos infraestruturais, contarase con aquelas que directamente dependan da Deputación da Coruña, así como outras que se convirtan nos espazos idóneos onde desenvolver as accións deseñadas no plano formativo; isto é, espazos universitarios (auditórios, salóns de actos, aulas, etc.), espazos doutras institucións (EGAP, FEMP, FEGAMP).

Especial mención, polo seu carácter público e pola súa dotación, merecen as infraestruturas da Escola Galega de Administración Pública, moi axeitada para o desenvolvemento dalgúns das

accións que se propoñen. Asemade, hai que considerar as posibilidades que ofrecen as instalacións dalgúns concellos da provincia (auditórios, salas de usos múltiples, de reunións, etc., dos centros comarcais, casas de cultura, centros cívicos, etc.).

Para o desenvolvemento do plano formativo, ademais dos recursos económicos ofrecidos pola Deputación da Coruña, recorrerase a subvencións e axudas de carácter estatal, autonómico e provincial. Ademais, débense contemplar outros recursos tamén externos, como é a posibilidade de establecer 'cotas mínimas' ou 'simbólicas' en concepto de matrícula para a asistencia e participación nas distintas accións.

## 7. Avaliación

A avaliación é unha práctica inherente a calquera actuación educativa, estreitamente vinculada á intencionalidade, sistematicidade e calidade que debe caracterizalas, neste caso coa vontade explícita de obter información respecto do deseño, desenvolvemento e logros do plano formativo que se propón, cunha dupla intencionalidade: por unha banda, valorar e xulgar o cumprimento dos obxectivos previamente establecidos a teor das actuacións previstas; por outra, orientar a toma de decisións, con criterios de mellora e calidade respecto do seu futuro.

Sendo certo que a avaliación debe incorporarse ás actividades formativas dun xeito natural e mesmo espontáneo, recorrendo a ela en todo momento para comprender e interpretar mellor o que se fai, por que se fai e como facelo mellor, consideramos necesario dotarse de procesos de avaliación sistemáticos e formalizados, coa finalidade de achegar evidencias críbeis e válidas sobre o plano formativo que se propón.

Nesa perspectiva entendemos a necesidade de que, no proceso avaliativo que se determine, se teñan en conta catro actuacións principais:

- Delimitar a finalidade e o alcance do proceso avaliativo, con carácter interno e externo, no marco das políticas de actuación que en materia de Educación e Cultura sexan adoptadas por parte da Deputación Provincial da Coruña.
- Deseñar un plano de avaliação *ad hoc*, congruente co plano formativo que finalmente se desenvolva.
- Determinar as estratexias e os procedementos de recollida, análise e interpretación das informacións obtidas.
- Elaborar o informe avaliativo, coa súa correspondente difusión de resultados.
- Na súa concepción mais integral, será unha avaliação que comprenda os seguintes aspectos:
  - A valoración da fundamentación e deseño do plano formativo (contextualización, obxectivos, modalidades, actuacións e procesos metodolóxicos previstos, recursos e materiais didácticos, etc.).
  - A valoración da implementación e seguimento das actividades formativas que se levan a cabo, de cada unha delas e do plano formativo no seu conxunto.
  - A valoración dos logros e resultados, sexa determinando os seus efectos na dinámica

institucional da propia Deputación, sexa en relación aos concellos e/ou ás persoas directamente afectadas.

De aí que cada actividade formativa programada e realizada sexa obxecto de avaliación (interna, externa ou de ambas; de procesos e de resultados), respecto das que Interea Foro poderá ser un tempo-espazo especialmente propicio para a presentación e debate das evaluacións realizadas ata ese momento, así como das decisións que deberán adoptarse cara o futuro, na deseñable procura dunha maior e mellor calidade das actuacións formativas que se emprendan. *Avaliar a formación e formar na avaliação* serán, inescusablemente, dous logros inherentes ao labor pedagóxico e avaliativo que deberá promoverse no seo do plano formativo deseñado.

#### **Anexo. Ficha das actividades propostas 2005-2006**

##### **Eixe transversal**

A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos municipais

Modalidade: Seminario

Duración: 20 horas (2 créditos)

Título: Acción cultural e políticas integrais locais

Natureza e xustificación

Na acción cultural que promoven e desenvolven as Administracións Públicas, a necesidade de articular os múltiples recursos humanos, técnicos, institucionais, materiais, financeiros, etc., disponíveis nun determinado territorio, require acomodar as actuacións políticas a unha visión transversal, global e integradora das iniciativas que emprenden, potenciando a planificación e coordinación intersectorial e interinstitucional do seu labor. Con esta finalidade, as políticas integrais na acción cultural deberán constituir un referente fundamental na vida municipal, implicando a diversas áreas, persoas e colectivos nun labor que sexa coherente coas necesidades, demandas e expectativas da cidadanía, con especial énfase na importancia do sector cultural como factor de desenvolvemento sustentable das comunidades, que eleva a calidade de vida e propicia un impacto positivo na convivencia social.

Destinatarios

Cargos electos, directivos, funcionarios e persoal ó servicio das entidades da Administración local, no ámbito de Cultura, con un número máximo de 60 participantes.

Obxectivos

- Propiciar unha lectura complexa e integradora do quefacer cultural na vida municipal, resaltando os significados que respecto da mesma teñen as políticas integrais na toma de decisións, no deseño, execución e xestión das iniciativas que se emprendan en materia sociocultural.
- Adquirir os coñecementos, destrezas e competencias que posibiliten un labor coordinado e integrado das políticas culturais municipais no marco das súas responsabilidades institucionais, proxectándose e involucrando ás comunidades directamente afectadas.

##### **Contidos**

- Natureza, caracterización e alcance das Políticas Integrais na acción municipal.
- A cultura como contido e referente estratégico das Políticas públicas municipais.
- Obxectivos, principios, orientacións e criterios para a formulación de Políticas Integrais na acción cultural municipal.
- Presentación e avaliação de experiencias.

##### **Metodoloxía**

Pola súa propia concepción, os seminarios constitúen un espacio privilexiado para a interacción entre a reflexión teórica e a experiencia práctica, a través dunha construcción colectiva do coñecemento baseada no traballo en grupo, baixo a supervisión (dirección, titorización, asesoramento, etc.) dun formador especialista.

Nesta perspectiva, a partir da selección e consecuente entrega dunha serie de materiais (documentos técnicos, publicacións, etc.) articularase unha dinámica de traballo en grupos, co propósito fundamental de coñecer, debater e formular conclusións (suxestións, liñas de actuación, etc.) respecto da temática abordada.

##### **Estructura organizativa**

Actividade semipresencial na que se combinarán sesións de traballo presenciais e virtuais, cun total de 20 horas (10 presenciais, tres sesións; 10 de traballo en rede), partindo dunha selección e distribución previa de documentos centrados na temática obxecto de estudio.

Temporalización Abril - Xuño 2005

##### **Eixe transversal**

A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos municipais

Modalidade: Investigación-Acción

Duración: indefinida

Título: A planificación estratégica na Administración local

Natureza e xustificación

Os problemas prácticos que emerxen na actividade cotiá que desenvolven os responsables políticos e técnicos da acción cultural municipal, constitúen unha fonte importante de coñecementos para a reflexión-acción con fins formativos, da que cabe agardar unha dobre e complementaria finalidade: dunha banda, conseguir que os implicados tomen conciencia do seu labor e das circunstancias nas que se leva a cabo; doutra, procurar unha maior e más activa implicación nos cambios que pretendan mellorala, con especial incidencia na propia praxe política e profesional. Ambas perspectivas son especialmente relevantes para a adopción dunhas políticas municipais de calidade, nas que a planificación estratégica da acción cultural se constrúa coa participación activa das persoas involucradas, comprometendo a súa propia experiencia con proxectos e actuacións innovadoras.

#### Destinatarios

Responsables políticos e técnicos municipais de Educación e Cultura, configurando 3 grupos de investigación-acción, con un máximo de 10 persoas por cada un deles.

#### Obxectivos

- Desenvolver capacidades individuais e colectivas de análise e resolución de problemas prácticos vinculados ó quefacer sociocultural municipal, de elaborar e realizar proxectos, que acrecenten a capacidade de coñecemento-reflexión-acción dos participantes nas situacións profesionais nas que está implicado.
- Constituír e desenvolver dinámicas de trabalho en grupo que adopten a metodoloxía da investigación-acción, con especial énfase en actitudes que propicien a participación, o diálogo e o traballo colaborativo.

#### Contidos

- A investigación-acción como estratexia metodolóxica nos procesos formativos (fase previa, orientada á constitución dos Grupos I-A).
- Estudio de casos e problemas prácticos, relativos ó quefacer político e técnico das realidades municipais dos participantes nos grupos de investigación-acción que se constitúan.

#### Metodoloxía

Segundo o enfoque teórico que se adopta, metodoloxicamente a investigación-acción supón un proceso progresivo de cambios a partir de diagnosticar situacións problemáticas, identificar prioridades asociadas ás mesmas, imaxinar solucións, planificar estratexias e poñer en práctica accións de mellora. De aí que, unha vez constituídos os grupos I-A, os obxectivos sexan consensuados; o deseño sexa flexible e modificable ó longo do proceso; os participantes se impliquen plenamente e as actuacións sexan decididas polas persoas afectadas por elas.

#### Estructura organizativa

Constituiranse 3 Grupos estables de Investigación-Acción (por proximidade xeográfica, concellos de características similares, etc.), con un máximo de 10 persoas por cada grupo (unha das cales actuará como coordinador), que desenvolverán a súa actividade autonomamente no seo do Plan Formativo Interea.

#### Temporalización

De abril 2005 a decembro 2006

#### Eixe transversal

#### A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos municipais

Modalidade: Curso

Duración: 70 horas (7 créditos)

Título: A planificación estratégica na acción cultural local

#### Natureza e xustificación

A planificación estratégica enténdese no ámbito da Administración Local como un proceso de reflexión e debate cidadán sobre o presente e o futuro do municipio, que surde da decisión política de liderar un proceso de cambio en clave de desenvolvemento endóxeno.

Concíbese como unha forma práctica de coñecer a realidade, ver e interpretar o seu futuro. Cristaliza nun proxecto global –planos económico, social e territorial– coa intención de dar resposta ás necesidades e demandas actuais e anticiparse ás que serán no futuro.

Co horizonte da Axenda 21 da Cultura, na que a metodoloxía da planificación estratégica é elemento central, propónse unha actividade formativa que tendo a Axenda como referente fundamental, permita ós asistentes a aprendizaxe dos elementos básicos para avanzar nesta liña de traballo que constitúe a actualidade máis relevante no ámbito da Cultura.

#### Destinatarios

Cargos electos, directivos, funcionarios e persoal ó servicio das entidades da Administración local, no ámbito de Cultura, con un máximo de 40 persoas.

#### Obxectivos

- Fortalecer a capacidade de xestión dos funcionários e técnicos municipais, a través da reflexión sobre política e accións previstas e a aplicación de ferramentas da planificación estratégica no marco do Desenvolvemento Local.
- Adquirir os coñecementos, destrezas e procedementos precisos, para empregar a planificación estratégica como metodoloxía para o diagnóstico da realidade social, e para a definición de plans globais de intervención realistas, estructurados, coerentes e ambiciosos.

#### Contidos

- Manexo da plataforma virtual
- Dirección, planificación estratégica e control da xestión
- Dirección estratéxica e planificación estratégica.
- A Planificación Estratégica como expresión do proxecto político.
- Funcionalidade da P. Estratégica na xestión da Admón. Local.
- A Axenda 21 da Cultura.
- Metodoloxía da planificación estratégica
  - Identificación e organización de temas críticos
  - Bases para o diagnóstico do territorio.
  - Definición do obxectivo central e liñas estratégicas
  - A participación cidadán na formulación e desenvolvemento dos Planes Estratégicos.
  - Instrumentos para a implementación da estratexia
  - Avaliación de resultados: o control da xestión e do impacto: instrumentos, áreas e obxecto de control
- Exposición e Análise de Plans Estratégicos. Axendas 21 Culturais.
- Elaboración dun proxecto de Planificación Estratégica de cara ás Axendas 21 da Cultura nos concellos de referencia dos participantes.
- Exposición e valoración de Proxectos.

#### Metodoloxía

Curso de carácter teórico-práctico, no que as sesións presenciais permitirán o marco xeneral de desenvolvemento conceptual, e do traballo compartido cara á cara, e as sesións virtuais facilitarán a aprendizaxe máis autónoma en canto a tempos e espazos, pero tamén

actividades grupais –foro, chat...– e tutorías personalizadas.

Os participantes elaborarán en grupo, ó longo do curso, un Proxecto de Plano Estratégico na área de Cultura, podendo configurarse os equipos atendendo ós seguintes criterios:

- Grupo de participantes dun mesmo concello
- Grupo de participantes dunha comarca
- Grupo de participantes de concellos de características similares: número de habitantes, condicións socioeconómicas...

#### Estructura organizativa

Actividade *semipresencial* combinando sesións de traballo presenciais e virtuais, cun total de 70 horas. (52 presenciais; 18 virtuais).

Mensualmente, agás nos últimos dous meses do curso, terían lugar dúas xornadas de traballo, sempre en venres pola tarde:

- Unha presencial (4 horas por venres en dúas sesións de 2 horas)
- Unha virtual (2 horas por venres)

Temporalización Outubro 2005 - Xuño 2006

#### Acción Formativa:

##### Xestión e administración dos equipamentos culturais

Modalidade: Xornada monográfica

Duración: 8 horas

Título: Recursos para a xestión e administración dos equipamentos culturais

#### Natureza e xustificación

As responsabilidades de xestión e administración de equipamentos culturais conlevan requirimentos de diversa índole, tales como atención a aspectos normativos, aspectos laborais do persoal que desenvolve alí a súa función, xestión económica, etc. que, en liñas xerais, non forman parte da formación inicial dos/as Técnicos/as de Cultura dos concellos. Sen esquecer que os municipios contan con persoal técnico responsable en asuntos legais, económicos..., a acción formativa que se propón atende á finalidade de presentar e reflexionar ó longo dunha xornada de traballo sobre o conxunto de variables desta índole que forman parte do labor cotiá dos técnicos municipais.

#### Destinatarios

- Responsables políticos e técnicos de Cultura que participen na xestión dun equipamento cultural.
- Persoas vinculadas coa acción cultural local –convenios cos concellos– interesadas na temática das xornadas.
- Número estimado de participantes: 100 persoas.

#### Obxectivos

- Explicitar as necesidades formativas dos responsables de equipamentos culturais municipais en materia económica, laboral e legislativa.
- Exemplificar a aplicación dos fundamentos técnicos das xornadas ós diferentes contextos

nos que os destinatarios desenvolven o seu labor profesional.

- Ofrecer recursos para optimizar a xestión dos equipamentos culturais municipais nos ámbitos sinalados.
- Fomentar e facilitar o intercambio de experiencias como punto de partida para a consolidación dun "banco de boas prácticas".

#### Contidos

- Xestión económica dun equipamento cultural:
  - Xestión económica dun equipamento atendendo á tipoloxía e modelo de xestión (directa, indirecta, mixta).
  - Documentación básica na xestión económica.
  - Contabilidade básica.
  - Captación de recursos económicos externos.
  - Control orzamentario.
  - Análise dos resultados económicos do equipamento.
  - Estudio de casos (exemplificación).
- Lexislación e relacións laborais na xestión dos equipamentos culturais:
  - Lexislación básica sobre equipamentos (Estatal, Autonómica, Local).
  - Aspectos legais na tipoloxía de xestión de equipamentos (cesión, arrendamentos, etc.).
  - Documentación e plans obligatorios segundo tipoloxía de equipamentos culturais.
  - Lexislación laboral básica.
  - Contratación.
  - Estudios de casos (exemplificación) .

#### Metodoloxía

A xornada monográfica ten como finalidade expor e debater aspectos xerais ou parciais do/s tema/s que a convoca. No seu desenvolvemento conxugaranse:

- Entrega de documentación básica
- Relatorios-marco por cada área temática
- Debates en grupo
- Presentación (en directo, paneis...) de experiencias.

#### Estructura organizativa

Xornada/s monográfica/s a celebrar en venres ou sábado que poderían organizarse coas dúas áreas temáticas sinaladas nos contidos, ou atendendo cada área en xornadas independentes.

En función da demanda poderían organizarse en tres zonas diferentes da provincia (por concretar) en datas distintas.

Temporalización Maio 2005

## Acción Formativa:

### Xestión e administración dos equipamentos culturais

Modalidade: Banco de boas prácticas

Duración: sen límite temporal

Título: Boas prácticas en xestión e administración de equipamentos culturais

Natureza e xustificación

Un *Banco de Boas Prácticas* é un complemento de alto labor formativo que achega información sobre a aplicación de coñecementos a contextos reais. Permite aproveitar a experiencia de concellos con resultados satisfactorios na xestión dos equipamentos culturais, para ofrecer referencias, exemplos ou guías a outros concellos. O tempo que se comparten iniciativas, serven para previr e/ou optimizar futuras situación, e como dinamizador de iniciativas novedosas.

### Destinatarios

Pessoas, grupos ou colectivos con experiencias positivas no ámbito da xestión de equipamentos culturais, acordes ós criterios de calidade que se definan na Banco de Boas Prácticas, e que desexen divulgar o seu traballo. Poden ser:

- Responsables políticos e técnicos de Cultura.
- Pessoas, colectivos ou entidades que participen na xestión de equipamentos culturais (xestión indirecta ou mixta).

### Obxectivos

- Divulgar experiencias realizadas con éxito en materia de xestión de equipamentos culturais locais que poidan servir de referencia a outros concellos.
- Estimular a posta en valor de iniciativas municipais neste ámbito.
- Consolidar un banco de recursos de experiencias innovadoras de fácil acceso e innumerables posibilidades formativas.

### Contidos

Boas Prácticas en soporte virtual e documental, seleccionadas segundo os criterios de calidade que se expliciten e que poden atender na súa descripción a unha estructura como a que segue:

- Denominación.
- Localización/territorio e contexto no que se desenvolve a iniciativa.
- Organización/institución promotora.
- Descripción da experiencia.
- Puntos clave/aspectos a destacar.
- Temporalización.
- Referencias para ampliar información (monografías, publicacións periódicas, páxinas web, etc.)
- Preguntas frecuentes.
- Debates.
- Contacto cos responsables da iniciativa.

### Metodoloxía

Servicio ou prestación a disposición permanente dos usuarios a través da páxina web que poden realizar consultas, en función das necesidades particulares, sen límite espacio-

temporal. Ten ademais a virtualidade de servir de soporte/referencia para o traballo en rede a partir da utilización dos apartados "preguntas frecuentes" e "debates".

### Estructura organizativa

Páxina web. Pódese pensar tamén nun soporte papel que a modo de ficheiro recóllese anualmente as experiencias colgadas no banco.

Temporalización Inicio: xuño 2005, despois da Xornada Monográfica arredor do tema.

## Acción formativa

### Asociacionismo e participación cidadá

Modalidade: Simposio

Duración: 8 horas

Título: Asociacionismo e participación cidadán

Natureza e xustificación

Un dos obxectivos das comunidades debe ser o de procurar unha identidade colectiva acorde coas novas dinámicas sociais, intentando conxugar as relacións e o poder institucional coas necesidades e demandas que presenta a sociedade.

A complexa realidade actual demanda novas formas de coñecer, de participar, de reivindicar informacións abertas e plurais. De aí que, o asociacionismo constitúa un dos instrumentos más eficaces a través do que se intente dar resposta ós retos e desafíos, abrindo canles de participación e integración social.

Desde esta perspectiva, os responsables políticos e técnicos da Administración Local deben desenvolver estratexias de sensibilización, de formación e de relación que favorezan a capacidade de comunicación, interacción e participación social.

### Obxectivos

- Constituír un espacio e lugar de encontro que contribúa á reflexión en torno ás prácticas asociativas e ás liñas estratégicas de intervención e participación social que teñen lugar nas diferentes realidades sociais da provincia da Coruña.
- Difundir, dar a coñecer e analizar as experiencias que a nivel asociativo se desenvolvan na provincia da Coruña.
- Adquirir os coñecementos, destrezas e estratexias metodolóxicas e de traballo adecuadas que permitan o desenvolvemento de dinámicas institucionais para promove-lo asociacionismo.
- Facilitar o intercambio de experiencias entre os diferentes profesionais e ofrecer os recursos idóneos para a planificación e xestión dos diferentes colectivos asociados.
- Promover plataformas a nivel local para reivindica-la participación social.

### Destinatarios

- Responsables políticos e técnicos de Cultura que participen na xestión e planificación do tecido asociativo local.
- Pessoas directamente vinculadas coa acción sociocultural da realidade local.
- Número estimado de participantes: 100-150 persoas.

#### Estructura organizativa

Desenvolverase nunha única xornada, en sesión de mañá e tarde.

#### Metodoloxía

Un grupo de persoas especialistas neste campo profesional da a coñece-lo seus puntos de vista sobre un tema ou problema desde o enfoque particular da súa especialidade, a fin de permití-la análise e reflexión conxunta arredor dos movementos asociativos e da participación cidadá no ámbito local, desde a experiencia dos propios participantes.

#### Contidos

- Relatorio: "Administración local e participación cidadán"
- Seccións temáticas:
  - "O asociacionismo".
  - "Estratexias de sensibilización para a participación cidadán"
- Presentación de experiencias: "Experiencias de carácter asociativo dos concellos da provincia de Coruña".
- Liñas estratéxicas para a promoción do asociacionismo e a participación na administración local.

Temporalización Febreiro 2006

#### Acción Formativa:

##### Asociacionismo e participación cidadán

Modalidade: Banco de boas prácticas

Duración: sen límite temporal

Título: Boas prácticas en asociacionismo e participación cidadán

Natureza e xustificación

Un *Banco de Boas Prácticas* é un complemento de alto labor formativo que achega información sobre a aplicación de coñecementos a contextos reais. Permite aproveitar a experiencia de concellos con resultados positivos na promoción do asociacionismo e da participación cidadán, para ofrecer referencias, exemplos ou guías a outros concellos. O tempo que se comparten iniciativas, serven para previr e/ou optimizar futuras situación, e como dinamizador de iniciativas novedosas.

#### Destinatarios

Persoas, grupos ou colectivos con experiencias satisfactorias no ámbito do asociacionismo e da participación cidadán, acordes ós criterios de calidade que se definan na Banco de Boas Prácticas, e que desexen divulgar o seu traballo. Poden ser:

- Responsables políticos e técnicos de Cultura.
- Persoas, colectivos ou entidades que participen na xestión de asociacións (xestión indirecta ou mixta).

#### Obxectivos

- Divulgar experiencias realizadas con éxito en materia de asociacionismo e participación cidadán que poidan servir de referencia a outros concellos.

- Estimular a posta en valor de iniciativas municipais neste ámbito.
- Consolidar un banco de recursos de experiencias innovadoras de fácil acceso e innumerables posibilidades formativas.

#### Contidos

Boas Prácticas en soporte virtual e documental, seleccionadas segundo os criterios de calidade que se expliciten e que poden atender na súa descripción a unha estructura como a que segue:

- Denominación.
- Localización/territorio e contexto no que se desenvolve a iniciativa.
- Organización/institución promotora.
- Descripción da experiencia.
- Puntos clave/aspectos a destacar.
- Temporalización.
- Referencias para ampliar información (monografías, publicacións periódicas, páginas web, etc.)
- Preguntas frecuentes.
- Debates.
- Contacto cos responsables da iniciativa.

#### Metodoloxía

Servicio ou prestación a disposición permanente dos usuarios a través da páxina web que poden realizar consultas, en función das necesidades particulares, sen límite espazo-temporal. Ten ademais a virtualidade de servir de soporte/referencia para o traballo en rede a partir da utilización dos apartados "preguntas frecuentes" e "debates".

#### Estructura organizativa

Páxina web. Pódese pensar tamén nun soporte papel que a modo de ficheiro recollese anualmente as experiencias colgadas no banco.

Temporalización Inicio marzo 2006 hasta outubro de 2006.

#### Acción Formativa:

##### Organización, coordinación e xestión do traballo en equipo

Modalidade: Obradoiro

Duración: 20 horas (2 créditos)

Título: Habilidades sociais

Natureza e xustificación

As responsabilidades políticas e técnicas na Administración Local requieren unha permanente mellora das competencias persoais e profesionais na adquisición e posta en práctica de coñecementos, habilidades, valores, actitudes, etc. que favorezan a capacidade de comunicación, interacción social, empatía, compromiso coa cidadanía e cos seus ambientes de traballo, ó tempo que se contribúe á propia formación humana.

#### Destinatarios

Cargos electos, directivos, funcionarios e persoal ó servicio das entidades da Administración local, no ámbito de Cultura, con un máximo de 30 persoas.

#### Obxectivos

- Analizar as relacións interpersoais e as actuacións persoais nos procesos comunicativos positivos e eficaces.
- Desenvolver habilidades e potencialidades comunicativas que contribúan á mellora do comportamento social.
- Coñecer, practicar e aprender habilidades de interacción que permitan manexar axeitadamente as relacións interpersoais en diferentes situacións e feitos cotiáns.
- Favorecer a confianza nas propias capacidades persoais.

#### Contidos

- Dimensión conductual das habilidades sociais
  - A comunicación verbal
  - A comunicación paralingüística
  - A comunicación non verbal
- A dimensión cognitiva das habilidades sociais
  - Competencia cognitiva
  - Estratexias de decodificación
- A dimensión ambiental das habilidades sociais
  - Variables situacionais na conducta social.

#### Metodoloxía

A estratexia didáctica dos obradoiros fundáméntase na aprendizaxe activa e compartida –“aprender facendo”– a partir da interacción e o diálogo dos participantes, coa finalidade de promover un coñecemento para a acción e a práctica de destrezas que permitan a aplicación a cuestións concretas e específicas do quefacer cotiá na Administración Local.

#### Estructura organizativa

Actividade *presencial* a desenvolver en cinco días (catro venres tarde e un sábado pola mañá) do mesmo mes en sesiós de 4 horas.

Temporalización Xuño 2005, Xuño 2006

#### Acción Formativa:

#### Organización, coordinación e xestión do traballo en equipo

*Modalidade:* Obradoiro

Duración: 20 horas (2 créditos)

Título: Dinámica de grupos

#### Natureza e xustificación

As responsabilidades políticas e técnicas na Administración Local requieren unha permanente mellora das competencias persoais e profesionais na adquisición e posta en práctica de

coñecementos, habilidades, valores, actitudes, etc. que favorezan a capacidade de comunicación, interacción social, empatía, compromiso coa cidadanía e cos seus ambientes de trabalho, ó tempo que se contribúe á propia formación humana.

#### Destinatarios

Cargos electos, directivos, funcionarios e persoal ó servicio das entidades da Administración local, no ámbito de Cultura, con un máximo de 30 persoas.

#### Obxectivos

- Valorar as posibilidades que as técnicas de dinámica de grupos ofrecen na mellora da función directiva en diferentes ámbitos da Administración local.
- Coñecer e practicar técnicas que permitan organizar, desenvolver e mellorar o funcionamento do grupos.
- Distinguir e seleccionar as técnicas más axeitadas e eficaces para diferentes contextos de acción grupal na Administración local.

#### Contidos

- Os grupos humanos
  - Características e funcionamento
  - Motivación persoal e grupal
- Técnicas de grupo dinamización de reunións
  - Técnicas para a dinamización de reunións
  - Técnicas para presentación de información
  - Técnicas para xestionar coñecemento
  - Técnicas para xerar ideas e solucionar problemas
  - Técnicas para a toma de decisións

#### Metodoloxía

A estratexia didáctica dos obradoiros fundáméntase na aprendizaxe activa e compartida –“aprender facendo”– a partir da interacción e o diálogo dos participantes, coa finalidade de promover un coñecemento para a acción, e a práctica de destrezas que permitan a aplicación a cuestións concretas e específicas do quefacer cotiá na Administración Local.

#### Estructura organizativa

Actividade *presencial* a desenvolver en cinco días (catro venres tarde e un sábado pola mañá) do mesmo mes en sesiós de 4 horas.

Temporalización Outubro 2005, Outubro 2006

Observacións Obradoiro de iniciación

## Eixe transversal

### A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos Planos Estratégicos municipais

Modalidade: Foro

Duración: 12 horas

Título: Interea Foro 2006: A axenda 21 cultural

#### Natureza e xustificación

Terceira convocatoria da iniciativa Interea Foro que consolida unha actividade formativa baseada no encontro, debate, información e reflexión entre os principais actores da acción cultural pública no ámbito da Administración Local. Por outra parte enténdese como actividade culminatoria da primeira fase do Plan Integral de Formación e Desenvolvemento da Acción Sociocultural Municipal na provincia da Coruña, e punto de partida para a segunda.

Esta edición centra o seu traballo na Axenda 21 da Cultura, de acordo ás recomendacións nela contidas de favorecer o coñecemento, implicación e responsabilización de políticos e técnicos culturais así coma a doutros axentes locais, en actuacións vinculadas á toma de decisións e á adopción de medidas contempladas na devandita Axenda.

#### Destinatarios

Cargos electos, directivos, funcionarios e persoal ó servicio das entidades da Administración local, no ámbito de Cultura, con un máximo de 200 persoas.

#### Obxectivos

- Dar continuidade a unha plataforma de encontro entre diversos axentes, articuladora de saberes sobre as realidades municipais.
- Coñecer e valorar o estado da cuestión arredor da planificación estratégica en materia cultural na provincia da Coruña no horizonte da Axenda 21 da Cultura.
- Intercambiar pareceres, experiencias e saberes derivados do estudio e o exercicio da acción política e técnica no ámbito da cultura e do municipio.
- Difundir a valoración da primeira fase do Plan Integral de Formación e Desenvolvemento da Acción Sociocultural Municipal na provincia.
- Expoñer e debater a segunda fase do mesmo.
- Divulgar as novas liñas programáticas e iniciativas en materia cultural promovidas pola Deputación Provincial.

#### Contidos

- Relatorio: "Os Plans de Acción Cultural como instrumentos de planificación coparticipada en pequenos municipios".
- Informes:
  - "Experiencias arredor da Axenda 21 da Cultura".
  - Valoración da primeira fase do Plan Formativo e exposición da segunda.
- Panel interactivo: "Outras miradas sobre a acción cultural municipal".
- Diálogo: "Os contextos da cultura: a acción cultural urbana".
- Presentacións:
  - Iniciativas da Deputación da Coruña no ámbito cultural
  - Iniciativas, proxectos e experiencias desde os concellos coruñeses.

- Mesa Redonda: "As achegas dos axentes locais á Axenda 21 cultural".

#### Metodoloxía

Os Foros enténdense como grupos de debate co obxectivo de coñecer, discutir e contrastar o tema central que reúne ós participantes, baixo os criterios da participación, expresión libre de ideas e fomento da implicación activa dos asistentes.

#### Estructura organizativa

Desenvolverase en dúas xornadas, unha de medio día e outra de día completo.

Temporalización Decembro 2006

## **Políticos e técnicos municipais: metodoloxías e linguaxes para unha acción común**

### **No comezo, os comezos**

Entender en que contorno traballamos. A cultura, a cidade..., e sobre todo a cidadanía emerxente.

E iso require definir un marco estratéxico de actuación en cultura. É dicir, primeiro a política, que non é facer, senón orientar a acción, para pasar despois á definición dun marco operativo.

Marco operativo que non pode nunca esquecer que estamos a falar de xestionar valores, expresións diversas, persoas, relacións... de xerar significados, experiencias... de fabricar emocións.

Todo iso tendo claro cal é a nosa razón de ser, que tipo de cidadanía queremos construír, que valores queremos promover, onde nos gustaría chegar como organización... para poder ter claro a que nos imos dedicar e a que non (a política implica tomar decisións "discriminatorias" na procura do interese xeral).

### **O público non é propiedade privada da Administración**

O espazo público e os axentes culturais (non estamos sós).

Efectivamente, o público é un espazo onde actúan cidadáns individuais, asociacións, fundacións e outras organizacións non lucrativas, ong's, empresas privadas, empresas públicas, e a propia Administración. O público é o espazo común, e é un espazo político, porque é o espazo de encontro -e desencontro-, de afirmación -e crítica-, dos asuntos da cidade, e por tanto, tamén, dos asuntos da vida cultural.

A política cultural non é unha cuestión exclusiva do concelleiro (a súa política debe practicar o feito de escutar e o contraste coas visións políticas doutros axentes), nin o técnico municipal de cultura é o único xestor posible (a cultura fana os cidadáns, non só os artistas, nin os programadores. As actividades son medios para un fin -no para que está a política-, non un fin en si mesmo).

### **ROBERTO GÓMEZ DE LA IGLESIA**

Conselleiro delegado de Grupo Xabide, Xestión Cultural e Comunicación Global. Economista e xestor cultural. Licenciado en Ciencias Económicas e Máster en Dirección de Empresas. É socio fundador (1987) de Xabide, grupo empresarial en que compatibilizou a xerencia coa dirección de numerosos proxectos culturais, de comunicación e de formación de axentes culturais.

## O poder non dá coñecemento

Entre a partitocraciá e a falta (áinda) dun corpus teórico en xestión e políticas culturais.

Case ningúén acredita, de verdade, niso que se chama sociedade civil, é dicir na sociedade, nos cidadáns e cidadás, nas súas organizacións –incluídas as comerciais, que o empresariado tamén é sociedade-. E en grande medida a responsabilidade é da propia sociedade que renunciou a falar directamente e delegou as súas responsabilidades cívicas nos partidos políticos e, tamén, en grande medida, nos medios de comunicación.

Hoxe parece que os únicos lexitimados para falaren do público son os partidos políticos e cuestiónase que outras organizacións privadas –ollo, os partidos son, á marxe de que se lles supoña que coadxuen no interese xeral-, poidan expresar e defender publicamente posturas que afectan a asuntos políticos máis alá dos seus membros. En fin, pediremos que os partidos políticos lles falen só aos seus militantes. E nos deixen falar. E se dean conta de que o cargo é público, non do partido, e de que o nomeamento non necesariamente presupón nin o coñecemento nin a idoneidade.

Desde o exercicio de poder pódese aprender moito, mais esta oportunidade a miúdo se desaproveita.

Certo tamén que se avanzou pouco en dotar as políticas e a xestión cultural dun entramado conceptual e técnico assumido polos profesionais que permita unificar métodos e linguaxes para saber de que estamos a falar en cada momento. Esta falta de referentes é caldo de cultivo ideal para xustificar todo tipo de discursos e actuacións, normalmente incoherentes entre si.

## A cultura non é unha guinda

O papel da política e o papel da xestión cultural na configuración da cidade.

De acordo, xa todo o mundo aprendeu o discurso da importancia da cultura para a rexeneración de cidades e territorios, puxo o exemplo do Guggenheim e o impulso de Bilbao, e exaltou o impacto económico na cultura (quen o diría hai unha década!). Mais moi poucos políticos e técnicos municipais, de cultura e sobre todo doutras áreas, acreditan niso de verdade, ou se acreditan non se atreven a dar un salto de coherencia e redefinir as políticas culturais locais en termos de proxecto de cidade, de interacción múltiple entre a cultura, as artes, a educación, a comunicación, a economía e o territorio.

A cultura non é consecuencia do desenvolvemento, é causa. E esta reflexión, a miúdo pon en cuestión unha política baseada só en accións, en programación (eu tamén fago o que fan outros), e na cultura como escaparate partidista (outra vez a reiterada partitocracia) ou dos santóns culturais do lugar.

A política cultural é unha política de cidade; a xestión cultural é a xestión de valores, expresións, persoas, relacións... en/desde a cidade (repito).

## Fai falta valor para xestionar por valores

O papel do representante político. O liderado.

Claro que non é doadoo definir políticas culturais. Hai pouca práctica e experiencia, e require alta capacidade de reflexión e de asunción de riscos, de apostar por ir na dirección que se pensa, áinda que non sexa a típica, habitual ou agardada como forza do costume.

Mais áinda é más difícil dirixir un equipo, unha organización dunha maneira diferente á do tradicional "ordeno e mando" (moi impregnado, a miúdo, polo "isto é así porque son o xefe, e son o que máis sabe" –vólvese ao punto 3-).

Se a xestión cultural supón xestionar valores, relacións, significados compartidos... temos que xestionar as organizacións da cultura tamén baixo ese prisma. E por iso fai falta valor. Valor político e técnico para cambiar, para facer da creatividade, da flexibilidade, da sustentabilidade e do espírito de risco marcos organizativos amigables para a acción cultural.

Para transformar culturalmente a sociedade temos que transformar a nosa cultura organizativa. E iso require liderado e autoridade moral, técnica e política. Dirixentes, non xefes.

## A cabeza no global e os pés no concreto

O papel do técnico. A profesionalidade.

Ao técnico supónselle coñecemento (ollo, o acceso á función pública parece asegurar un coñecemento e unhas habilidades axeitadas ao momento e á necesidade, mais non asegura a idoneidade nin a evolución no tempo). Mais o coñecemento que a miúdo se lle solicita, á marxe do marco lexislativo da Administración, é o considerado tradicionalmente acorde ao que foi a xestión cultural local ata o momento, a miúdo moi centrado na capacidade de programar o agardado e de manexar determinadas ferramentas de administración e xestión.

O técnico de cultura local non ten que definir a política, senón que ten que axudar os representantes públicos a definila, a cuestionar cal é o marco actual de intervención da política e a acción cultural na construcción de cidade. E para iso ten que adestrar a visión global en torno aos asuntos da cidadanía, para actuar cos pés no chan para facer da política cultural unha política realmente transversal, vertebradora do territorio. A profesionalidade do técnico hase de ver tamén no impulso á reflexión estratéxica, permanente, sobre o que ten entre mans.

## A organización é a estratexia

Novas organizacións en tempos culturalmente turbulentos. O cambio organizativo.

A realidade cambia a grande velocidade, diso estamos seguros mais, porén, agarrámonos con forza ás nosas cadeiras, para que nada nos mova. O mundo cultural está cheo de retórica

"progre", pero máis alá da linguaxe achamos, polo xeral, organizacións tremendamente conservadoras, e mesmo "carcas".

A sociedade muda profundamente, a velocidade de vertixe, e a nosa reflexión segue a se centrar en decidir que pequena adaptación lle facemos ao programa de entroido, que orquestra sinfónica protagonizará o concerto de ano novo...ou como subsistir con prorroga orzamentaria.

Para irmos más alá, para ser axentes activos no cambio cultural da cidade, habemos de propiciar novas estratexias, sabendo que estas tamén han de cambiar coa realidade. E para iso non hai mellor estratexia que unha boa organización, proactiva, dinámica, namorada da xente por riba dos proxectos... con visión global.

Quen se atreve a iniciar o cambio organizativo? Diso vai depender que no futuro signifiquemos algo para a cidadanía; vai depender a nosa propia existencia.

### **A difícil xestión do falso consenso**

A organización: espazo de diálogo (tamén de conflito) e aprendizaxe.

Neste país, complexo, terminamos por sublimar o consenso, e porén vivimos unha das peores épocas no que ao respecto democrático e á diversidade se refire.

As organizacións abertas e maduras, como as persoas, non temen as opinións diversas, nin as ideas aparentemente diverxentes; non só as toleran, senón que as promoven como forma de enriquecemento na procura de mellores solucións ante as necesidades internas e da cidadanía.

Por iso cómpre que políticos e técnicos se adestren na xestión produtiva do conflito, sen necesariamente teren que chegar a un consenso absoluto. Se este chega froito dun contraste real, benvido sexa, mais coidado con esas organizacións onde parece que todo o mundo está de acordo en todo e en todo momento... pode que estean circulando impunemente o medo, o desinterese, a falta de credibilidade na organización ou os seus dirixentes, etc.

A organización ten que ser un espazo activo de diálogo, intercambio e aprendizaxe (e, por tanto, tamén de desaprendizaxe) entre políticos, técnicos e cidadanía, sen falsos consensos (en que cada un rumia a discrepancia en silencio).

### **O futuro constrúese, non se predí**

Retos para políticos e técnicos municipais.

Non somos adiviños, aínda que é certo que unha organización rápida (alguén dixo que só hai dous tipos de organizacións: as rápidas e as mortas) ten capacidade de identificar necesidades, de as satisfacer, mais tamén de as prever, de as anticipar.

Mais o futuro, por definición, é imprevisible. Por iso quedan dúas alternativas. Unha é actuar de maneira reactiva, como resposta aos cambios externos. A outra é ser proactivos, construíndo o futuro, configurando o noso contorno acorde cos nosos principios e valores, acorde coa nosa visión da sociedade, coa sociedade.

E isto require un proxecto político, que necesariamente ha de ser xestionable, que sexa entendido de igual maneira, polo menos no fundamental, polos diferentes axentes implicados, desde a diferenza mais tamén desde a vontade conxunta de transformación.

Necesitamos un pouquiño máis de reflexión, de esforzo en plasmar nun papel conceptos-

-forza, de cuestionar o que facemos, o porqué e o para que... Precisamos falar menos de actividades e más de cara a onde queremos ir. Esta é unha responsabilidade tan política como técnica (a realidade é unha, a cidadanía é unha... e diversa).

### **O futuro é más das preguntas que das respostas**

As cuestións fundamentais que se dan por supostas e das que dá vergoña falar.

E voltamos ao principio, assumindo que todos estamos cheos de dúbidas. Mais, por aí se comeza, por facérmonos preguntas, por cuestionármonos o politicamente correcto, os tópicos do sector...

E por abandonar esa auréola de tecnócratas en que se ven cada vez más inmersos os políticos e técnicos culturais –para así parecer que o que se fai é serio-, e volver falar de que valores queremos fomentar, que papel queremos que teña a cidadanía na -súa- vida cultural, como imos xerar experiencias, relacións, emocións..., ou é que nos dá vergoña, agora que somos maiores e moi profesionais, falar de sentimientos?

E aínda que pareza paradoxal, é para podermos falarmos dos conceptos fundamentais polo que debemos fazer un maior esforzo en centrar e compartir métodos, e en unificar unha linguaxe profesional.

Mans á obra!

## Políticos e técnicos municipais: metodoloxías e linguaxes para unha acción cultural

XOSÉ M. RODRÍGUEZ-ABELLA GÓMEZ

Pedagogo. Departamento de Educación e Mocidade  
Concello de Santiago de Compostela

74

Faise necesario o debate e a reflexión como resultado do camiño percorrido realizado a través das actuacións postas en práctica polos responsables políticos e tamén polos técnicos. Botando unha ollada cara a atrás, tense avanzado moito desde que iniciamos esta andaina, mais chama a atención a urxencia, a inmediatez, a presión coa que se segue a traballar no ámbito da administración local. É necesario incorporar unha nova actitude no traballo.

Con todo, a partir de actuacións concretas, nun progresivo nivel de complexidade nas actuacións, é raro o concello, a través dos seus representantes, que non cite entre as súas políticas novos mecanismos para dinamizar a participación cidadá e planos de actuación en calquera dos ámbitos a que nos imos referir ao longo deste relatorio, con denominacións moi variadas: un plano integral, un plano estratégico, un mapa cultural ou educativo, así como equipamentos e programas. Mais na realidade, aínda con demasiada frecuencia, estas actuacións permanecen no ámbito do estritamente teórico, debedoras de metodoloxías e linguaxes doutras disciplinas sociais. Temos que ser conscientes de que non abonda con redactar un bo plano, senón que ademais hai que dotalo dos recursos humanos e económicos necesarios para levalo á práctica e poder acadar os obxectivos formulados, e que o reto da implicación dos individuos nos asuntos públicos ten que ir más alá da elección periódica dos seus representantes.

A realidade municipal de Galicia amosa que non temos consolidadas as políticas sociais de cultura, de educación, de muller, de mocidade, de deporte, de tempo libre, de servizos sociais, de participación, de desenvolvemento económico-social, de medio ambiente, por citar as más próximas a nós. Son moitos os aspectos en que debemos afondar, e temos que facelo nas dúas direccións, política e técnica, e iso hai que asumilo, esixe debate e reflexión. Benvida sexa pois esta proposición innovadora, e que cunda. Interea, como espazo común, e o labor dinamizador dos seus directivos coa cobertura da institución provincial pode cumplir un bo servizo á causa, como xa se ten experimentado noutros territorios do Estado, dando apoio aos concellos, avanzando nunha liña de traballo concertado e cooperativo, establecendo o traballo en rede para a mellora da calidade dos servizos locais.

Entrando en materia, creo que podemos coincidir nalgúns dos aspectos básicos que caracterizan a situación para podermos dar o salto cualitativo que desexamos:

O primeiro é dar o paso imprescindible da democracia representativa á democracia participativa, promovendo a participación real e efectiva dos distintos sectores cidadáns, assumindo o reto que supón dialogar cos diferentes axentes sociais e coas súas organizacións, abertos a dar respuestas creativas ás propostas formuladas por todos eles. Son diversos os indicadores que nos sinalan a escasa participación dos cidadáns na causa pública, non só pola redución de participación nas consultas electorais, senón tamén polo progresivo desinterese noutros xeitos de participación que

75

teñen que ver cos diferentes sectores do tecido asociativo e que presenta, entre outras manifestacións, o cuestionamento do funcionamento das estruturas xerárquicas e un maior protagonismo na definición de novos xeitos de participación. Este é un reto importante para o exercicio e a rexeneración política a día de hoxe, mais tamén para os técnicos responsables de executar e xerar sinerxias que axuden a vencer moitas prevencións e desconfianzas, porque é un reto ineludible que ten que ver co futuro e a credibilidade das institucións.

Aínda que escasas, comeza a abrir novas expectativas un conxunto de mecanismos innovadores en prol da efectiva implicación dos veciños nas decisións públicas, como poden ser: a intervención oral de ciudadáns e de organizacións de afectados nas sesións públicas dos órganos de goberno locais, como plenos e comisións; nos consellos ciudadáns ou núcleos de intervención participativa; nas enquisas; nas audiencias públicas; a través da petición; nos planos estratégicos de cidade ou nos planos de desenvolvemento comunitario; a realización de referendos, por citarmos algúns.

En segundo lugar cómpre asumir que as políticas sociais só poden ser eficaces se abordan a realidade desde a transversalidade das actuacións da administración: por iso é tamén moi importante que desde o inicio se conte cun marco de actuación xeral, calquera que sexa o modelo adoptado, que guíe a acción dos responsables políticos e técnicos das administracións públicas. Agora ben, as persoas que desenvolvemos e acreditamos na importancia da administración local para a organización da vida social e a satisfacción das necesidades cotiás, sabemos da contradición en que desenvolve as súas funcións, co conseguinte escepticismo dos responsables políticos municipais, cansos de asumir competencias que non lles corresponden e sen os recursos necesarios para prestar os servizos que os veciños reclaman. É urgente definir e ampliar o marco competencial dos concellos, convertendo en legal o que xa é real, começando pola elevación da participación na porcentaxe dos concellos no gasto público que polo de agora é dun 13%, que dará a medida do rigor e da calidade das actuacións municipais, e determinando as normas xurídicas que correspondan á administración local para cada sector da acción pública e o desenvolvemento das leis sectoriais de posta en práctica da lexislación básica que comprometan as actuacións administrativas e xeren recursos para levalas adiante. A nova convivencia política, de que son boa mostra as declaracións de alcaldes de todas as formacións políticas, e o incremento dos debates entre administracións e os organismos de representación dos entes locais como a FEMP e as correspondentes organizacións territoriais, así como as deputacións más dinámicas e outros foros de debate local, sinalan unha tendencia renovada por non adiar máis a redefinición das funcións de cada administración, de acordo coa Carta Local Europea.

De acordo con isto, debemos dicir que o que máis ten que ver coa escaseza de políticas normalizadas desde os concellos é o baleiro legal ou, se se quere, o carácter residual dos entes locais (léanse os artigos 25 e 26 da Lei reguladora das bases do réxime local), en que se atopa a maioría das políticas sectoriais dos chamados servizos persoais exceptuando, se se quere ser optimista, algúns avances en educación e sanidade, caracterizados pola inexistencia de normativa legal e o solapamento de competencias nestes ámbitos entre as diferentes administracións. Pola contra, os cambios operados na sociedade, foron demandando cada vez máis respostas ás diferentes solicitudes de servizos á administración más próxima ao cidadán, e os concellos, conscientes das súas responsabilidades, aínda sen marco competencial que os amparese na toma de decisións e na dotación de recursos para a atención das novas necesidades sociais, foron desenvolvendo un conxunto de servizos, programas e infraestruturas; iso si, case sempre sen unha acción planificada e con pouca estabilidade.

En consecuencia, e á espera dunha necesaria clarificación normativa, segue a ser prioritaria a definición dunha estrutura tipo de servizos persoais por ámbitos e por tramos de poboación

(menos de 5.000 hb; entre 5.000 e 50.000 hb; e máis de 50.000 hb), para elaborar desde os concellos e en que resultaría determinante a tutela e asesoramento da Deputación. Neste sentido, resulta de interese ter en conta o artigo 2.1 da LRBRL, onde se deixa a porta aberta ao dereito de intervención dos concellos nos asuntos que resulten do seu interese, aínda que a experiencia de todos os días nos demostra a restritiva e tuteladora posición adoptada polas outras administracións na prestación de servizos das diferentes áreas sectoriais municipais. Con todo, non é o obxecto de reflexión central o tema competencial, e haberá que estar atentos á evolución do municipalismo, a través do discorrer do Pacto Local.

## NOVAS PERSPECTIVAS PARA A ÁREA DE SERVIZOS PERSOAIS

Nun contexto cambiante como o que se ten que producir, temos que avanzar novas metodoloxías e estruturas de funcionamento para as diferentes áreas competenciais. No caso que nos ocupa, as áreas sociais, xerando unha normativa que incida e delimita os servizos, as estruturas e os obxectivos das políticas sociais, e a cualificación dos profesionais dedicados á súa xestión.

Con esta perspectiva pasa a un primeiro plano a redefinición das funcións de políticos e técnicos. Polo que se refire aos políticos, a función de cada concelleiro ou concelleira ten que ser algo máis que aspirar a que se conte con el ou con ela noutras áreas, dependendo do interese puntual de cada actuación. Todas as propostas teñen que se constituír en eixes da actuación global do concello, que respondan a obxectivos sociais xerais. A política integral ten que constituírse nun instrumento, nun principio metodolóxico de actuación, nunha estratexia de traballo, nunha ferramenta que dea coherencia ás diferentes políticas que a realidade demande.

É necesario que os responsables políticos asuman as súas responsabilidades, deseñando unha política clara, realizando un seguimento e avaliación. E tamén que asuman a dirección na evolución das políticas sociais e o impulso das innovacións necesarias que conlevan os novos tempos.

Por estas dúas consideracións creio imprescindible que unha instancia con capacidade de liderado, con competencias, con orzamentos, xere un espazo de encontro e de reflexión para os responsables políticos e técnicos, que permita avanzar no consenso arredor das características básicas para un modelo actualizado das distintas áreas da política social a nivel municipal, con concrecións para cada política, para a clarificación de responsabilidades, para a cooperación entre as diversas administracións en materia de políticas sociais. Esta función ben a pode desempeñar a Deputación da Coruña, atendendo ao carácter de mancomunidade de municipios que lle corresponde e rendibilizando o esforzo e a confluencia de intereses.

Para avanzar na conformación dun modelo de actuación nas áreas de servizos persoais municipais, debemos:

- Consensuar as características básicas para un modelo actualizado da política sectorial de que se trate: educación, cultura, mocidade, muller, servizos sociais, promoción do emprego, sanidade, deporte...

- Establecer prioridades sobre os servizos que deben orientar a acción municipal de cada área.
- Dispoñer dun orzamento cun calendario establecido para as intervencións prioritarias.
- Dotar dun organograma de recursos humanos.

A acción política que vai procurar a dispoñibilidade de servizos de calidade nunha cidade ou vila precisa duns obxectivos claros, unha acción de goberno decidida e os recursos necesarios, sobre a base dun consenso permanente entre o maior número posible de implicados.

Con demasiada frecuencia, a dinámica técnica-política está instalada no bloqueo: os profesionais non explicamos suficientemente ben aos políticos os contidos dun programa de actuación. E os responsables políticos tampouco lles explican aos cidadáns o que lles ofrece o concello a respecto dos servizos públicos. Non se pode actuar sobre a base da improvisación; ánda valorando o esforzo que se poida facer en cada caso, os responsables políticos non teñen unha visión de planificación nin de programación no tocante á xestión e á divulgación dos servizos que se presta aos cidadáns desde os concellos, actuando as más das veces como técnicos, co previsible conflito á hora dunha lóxica distribución de funcións.

Pode resultar moi clarificador para analizar a concepción e a capacidade de xestión de calquera concello de Galicia preguntámonos cantos e cales dos nosos 315 concellos contan, por poñer un exemplo, cun plano director do patrimonio cultural local e a súa acción educadora neste apartado e, a partir disto, se teñen deseñado o correspondente plano estratéxico de xestión onde se contemple:

- A organización e o financiamento
- A conservación
- A divulgación
- A explotación
- A acción pedagólica

Por tanto, ánda a risco de ser reiterativo, debemos aproveitar a oportunidade deste foro para invocar a axuda da institución provincial, especialmente importante na promoción e na cobertura da acción social dos concellos, que incremente as posibilidades de encontro e de debate entre os diferentes intérpretes para explorar e definir novos territorios de actuación, como poderían ser:

- A elaboración de guías básicas de actuación para a xestión de servizos persoais de calidade, coa definición de modelos de xestión, que favoreza a unificación de linguaxes, técnicas e procedementos, co obxectivo de propor un modelo conceptual coherente coas necesidades que teñen os municipios, atendendo, así mesmo, ao tamaño dos concellos, ademais do orzamentario, técnico e territorial.

A elaboración de materiais didácticos e propostas de formación, entre outras, que poidan axudar na reflexión e no traballo, na construcción dun discurso lóxico e pragmático desde a Administración Local sobre a xestión de servizos e a acción educadora. Nesta perspectiva, poderíamos abrir un tempo e un espazo para a reflexión, á marxe da ineludible e asfixiante dinámica do día a día, coa creación dun seminario de técnicos e políticos en que ir avanzando propostas que a medio e longo prazo nos permitan dar o deseñable salto cualitativo en prol da calidade e credibilidade das actuacións municipais e do perfil de políticos de técnicos deste nivel da administración.

## POLÍTICOS E TÉCNICOS. CRITERIOS DE ACTUACIÓN NA XESTIÓN DOS SERVIZOS DE PROXIMIDADE

### Formación e información ao servizo das políticas públicas:

A planificación a medio e longo prazo representa o criterio básico de valoración na definición das políticas sociais, sendo o territorio de intersección para políticos e técnicos. Unha axeitada combinación na execución desta prioridade, dará a medida da entidade das actuacións da institución e do seu responsable político, garantindo a estabilidade e a razonable continuidade na acción política e centrando a actuación do equipo de técnicos, rendibilizando o traballo precedente e evitando a frustración de deitar recursos e do eterno volver a comezar. Este camiño hai que percorrelo, cada un desde a súa especificidade, e precisa de formación de ambas as dúas partes, de planificación, de consenso e de xestión.

Vén isto a conta pola importancia que ten, na dinámica de traballo técnica-política, o acordo arredor duns principios e unha metodoloxía de traballo, así como a definición dun programa de traballo previamente consensuado, que debe quedar escrito para a súa xeral aceptación en documentos que, en caso de tensión e desencontros, ou lóxicos cambios na responsabilidade política, mais tamén técnica, poidan actuar como regras de xogo básicas. Ben sabemos que, cando aparece o conflito, é difícil formular acordos, polo que, se dispoñemos de acordos aprobados e consensuados con anterioridade, quizais poidan funcionar no momento que se fagan necesarios.

Por este motivo, os responsables políticos deben ter presente desde o inicio da súa responsabilidade:

- Unha atención continua para coñecer as características e as especificidades técnicas da área de responsabilidade de que se trate, ademais do modelo de xestión sen que iso represente que as decisións políticas dependen só dos coñecementos técnicos, xa que hai que deixar claro que os criterios "técnicos" deben ter o seu peso mais non son os únicos que hai que considerar.
- Unha preocupación por participar e facilitar a formación e a reciclaxe nos temas da súa competencia.
- Non gobernar e tomar decisións sen o concurso da cidadanía, prestando atención ao espallismo do principio da eficiencia en toda situación e ao exceso de suficiencia, posicións que levan en demasiadas ocasións á negación da existencia de espazos para o debate e o encontro entre os cidadáns.

Con esta perspectiva, deberá contemplar ao longo do mandato accións de colaboración con diferentes institucións e entidades: Deputación, consellarías, FEGAMP, fundacións...

No tocante aos técnicos, temos que manter unha actitude aberta e de permanente innovación no ámbito da xestión das políticas públicas, participando na formulación de propostas e liñas de actuación e de resolución das novas demandas que se van xerando, cun carácter integrador e multidisciplinar, fuxindo do corporativismo, a burocratización e o illamento da cambiante realidade social. Para nós, como técnicos desta áreas marcadas pola diversidade e a pluralidade das dinámicas sociais, non hai un único lugar estándar nin unha única formación marcada pola transversalidade do sector: investigadores, pedagogos, educadores sociais, xestores culturais,

economistas, técnicos turísticos, avogados, artistas... convivendo como resultado dun proceso de converxencia pluridisciplinar en base a proxectos con metodoloxías de múltiplos formatos.

Tamén é moi importante contar con sistemas de transmisión do programa de actuación da delegación municipal de que se trate, para que os cidadáns e as organizacións e colectivos sexan coñecedores do programa de goberno. Os mecanismos son variados e dependen en cada momento da capacidade de actuación concertada entre o aparato técnico e político do concello e o tecido asociativo cidadán.

#### A definición do proxecto e a distribución de funcións no ámbito político- técnico:

Para a prestación de servizos desde a administración local, caracterizada pola súa proximidade ás demandas e necesidades dos cidadáns, hai que evitar as dinámicas da improvisación, optando polo contraste de opinións e o apoio da cidadanía mediante os mecanismos de participación axeitados, incorporando a planificación e utilizando os instrumentos de diagnóstico e de programación que se consideren oportunos.

Un aspecto especialmente controvertido ten que ver coa coordinación e o papel que deben xogar no desenvolvemento dun proxecto, o ámbito político e o técnico, un territorio que esixe un esforzo de reflexión entre as partes e que pide unha redefinición. Como principio xeral, e pola experiencia, poderíamos concordar na recomendable separación entre os dous ámbitos, coidando especialmente os solapamentos, e procurando acentuar as funcións políticas dos políticos e as actuacións técnicas dos profesionais.

Dando por sentado o bo entendemento e a coordinación nas actuacións, o político debe asumir e comprender a importancia de responsabilidades como:

- A definición dun programa xeral de goberno.
- A súa función de representación do sector.
- A súa capacidade de negociación e de liderado.
- A determinación para estruturar un equipo de traballo estable.
- A capacidade para determinar o financiamento e a xestión que garanta a viabilidade dos proxectos e servizos a medio e longo prazo.
- A función mediadora e impulsora da concorrencia das diferentes áreas de xestión municipal implicadas.
- A inclusión dunha perspectiva de transversalidade nas actuacións que garantan unhas condicións axeitadas de axilidade na xestión, como por exemplo as referidas á capacidade de decisión e fluidez dos procesos de tramitación administrativa e de contratación.

E o técnico, sen ánimo de pechar un catálogo de actuacións, debe centrar o seu territorio de actuación:

- No afondamento da súa condición de servidor público.
- Na súa condición de instrumento executor das políticas públicas da administración.
- En ser un incisivo coñecedor da realidade social e o contorno dos proxectos.
- Na súa capacidade de liderado e cualificación técnica para desenvolver a actividade interna e externa básica de cada servizo ou proxecto.

- No desenvolvemento das metodoloxías e dos instrumentos de control e avaliação sobre os diferentes aspectos que redunden na calidade do servizo que se preste.

Na promoción da investigación ao servizo dos proxectos das áreas sociais, en colaboración cos departamentos universitarios e os servizos correspondentes doutras administracións, institucións, organismos autónomos, fundacións, consorcio, e outros colectivos e profesionais do sector.

No desenvolvemento da capacidade de innovación e imaxinación na resposta da administración á demanda de prestación de servizos de calidade.

#### SERVIZOS PÚBLICOS E CIDADÁNS

Na prestación dos novos servizos públicos, o elemento de referencia que xustifica a diversidade de intervencións son os seus destinatarios finais, os cidadáns. Un elemento non precisamente secundario ten que ver co desenvolvemento e a posta en valor de estratexias de comunicación e de difusión das actuacións, accións que repercutirán nunha maior sensibilización e respecto cara a institución municipal e a diversidade de servizos e actuación que presta e, como consecuencia, nun incremento do nivel de satisfacción.

A maior complexidade e interrelación entre as políticas municipais debe facer, e este é un eixe director do traballo dos representantes políticos, que as accións de goberno municipal se planifiquen de maneira conxunta entre os delegados das áreas municipais, mais co acordo e na mesma liña polos técnicos dos servizos municipais, o que sen dúbida repercutirá moi positivamente no modelo de xestión e na tipoloxía dos equipamentos, independentemente da súa especificidade educativa, social, deportiva, lúdica, de cooperación,... asegurando unha maior integración e polivalencia.

Interesa salientar, así mesmo, que debemos tender a procurar que os servizos que se presten de tipo social, cultural, deportivo, educativo, de lecer, administrativos, entre outros, se estruturen de maneira integrada e coa perspectiva dunha eficaz compactación destes servizos, coñecidos como persoais e que tenden a concentrarse nun edificio público que despregue as súas funcións e actividades para un territorio concreto.

Nos últimos anos, desde a administración local e fundamentalmente por parte dos concellos, tense creado un conxunto diverso destes equipamentos, con denominacións diferentes dependendo en moitos casos do aspecto en que se fixese unha maior incidencia, mais en todo caso incorporando un novo concepto que debe ir estendéndose como unha rede en prol dunha coordinación e rendibilización das diversas tarefas que en todos eles concorren: a complementariedade das actuacións ao longo de todo o territorio. Esta rede incluirá servizos e equipamentos culturais, xuvenís, infantis, sociais, de maiores, da muller, equipamentos territoriais, espazos urbanos, zonas verdes, equipamentos docentes, sen esquecer a contribución que representan para o modelo as achegas á rede dos axentes privados e doutras organizacións cidadás.

Son, pois, estas algunas das reflexións que no amplio e difuso territorio da xestión das políticas culturais e, en xeral, da prestación de servizos persoais deben orientar a incorporación de programas de desenvolvemento local, a calidade de vida e o relanzamento da cidade, como consecuencia do desenvolvemento socioeconómico da sociedade.

## *A sociedade actual entre o local e o global: posibles implicacións na acción e na cooperación cultural municipal*

*Apuntamentos para o diálogo con Luis Álvarez Pousa*

Dialogar sobre as posibles implicacións da sociedade actual na acción e na cooperación cultural municipal supón, antes que nada, recoñecer o papel esencial que no noso país xogaron –e seguen facéndoos– os concellos, tanto na política cultural como na política de cooperación ao desenvolvemento.

É no contorno local onde se xeraron políticas que deron lugar á acción cultural máis comprometida e frutífera; crearon verdadeiros espazos de fomento da capacidade creativa; posibilitaron a circulación dos bens culturais e impulsaron a aparición de industrias culturais. Políticas que permitiron ensaiar fórmulas de intercambio cultural, de coñecemento mutuo e recoñecemento do outro, a partir da chegada doutras culturas que proveñen de máis alá das nosas fronteiras; ademais dun longo etcétera.

Tamén é dentro deste ámbito onde tiveron lugar múltiples experiencias de cooperación ao desenvolvemento: creación dos fondos municipais de cooperación; xornadas de debate; campañas de sensibilización cidadá; programas de cooperantes, etc.

E todo isto impulsou, en moitos casos, con poucos recursos e altas, moi altas doses de convicción e voluntarismo.

O ámbito municipal reúne unha experiencia e un coñecemento que lle conceden claras vantaxes á hora de abordar outros retos derivados do proceso de globalización imparable da nosa sociedade.

As implicacións do proceso de globalización na acción cultural e na cooperación cultural municipal son moitas e variadas. Sempre máis coa intención de convidar a reflexionar que non coa de facer unha clasificación exhaustiva, ocórreseme agrupar algunas delas en torno a catro grandes cuestións que aproveito para deixar sobre a mesa de debate: o fenómeno migratorio; o desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación; a cooperación cultural; e a acción cultural para o desenvolvemento. De entre todas elas, se se me permite, quixera estenderme sobre todo na última delas.

### **Cultura local e fenómeno migratorio**

O local e, especialmente, a cultura local viuse condicionada coa chegada de novos cidadáns e cidadás ás nosas vilas e cidades. O ámbito municipal transformouse no reflexo máis nítido do que

hoxe se coñece como diversidade cultural, un concepto que convoca os principais debates internacionais sobre políticas culturais nos nosos días. Bo exemplo diso, sen ir máis lonxe, é o *Informe sobre Desenvolvemento Humano 2004*, cuxo título reza así: "A libertade cultural no mundo diverso de hoxe", a el referireime máis adiante.

No espazo local é onde se perfila o reto do equilibrio entre quen somos, como nos manifestamos e como queremos que se nos recoñeza, en definitiva entre a nosa identidade e a universalidade cultural que se desprende ou debería desprenderse dunha sociedade globalizada como a nosa. Un reto que non pode perder de vista que a identidade cultural non é algo fixo, invariable, senón móbil, flutuante, dinámico e permeable.

### O impacto das TIC sobre a cultura local

Impoñen as TIC unha homoxeneización cultural? Sobran as denuncias, mais non son poucos os indicios que sinalan que non sempre é así, ou só así, é dicir, as TIC tamén poden ser utilizadas para lles dar voz ás culturas más desprotegidas; para recuperar sectores excluídos dos circuitos convencionais e darles saída ás manifestacións culturais más comprometidas e afastadas dos estándares predominantes... En definitiva, para conservar a diversidade nun mundo globalizado.

Neste contexto, o local ten máis posibilidades que nunca de acceso a información; de promoción nun mundo global, interconectado a través das TIC que lle permiten estar presente en circuitos difícilmente accesibles e darse a coñecer con obxectivos como, por exemplo, o da promoción que busca atraer o turismo cultural; permítelle tamén identificar posibles contrapartes para o intercambio de experiencias; acceder a recursos para o financiamento das súas actuacións; etc.

### A cooperación cultural

Os procesos de irmánamento entre municipios de árees xeográficas distintas, e en non poucas ocasións remotas; os intercambios de artistas e creadores; as experiencias interculturais, etc. son algúns dos exemplos de cooperación cultural liderados en moitos casos desde as instancias locais.

Baixo esta expresión –a cooperación cultural- encontramos un vehículo de intercambio e de enriquecemento mutuo; un conxunto de accións compartidas, de ida e volta, cuxa bidireccionalidade permite unha maior comprensión do outro e das relacións culturais entre as diversas sociedades civís. En definitiva, unha relación equitativa e igualitaria nas súas formas expresivas orientada, insistindo sobre o mesmo, cara ao recoñecemento do outro e, sobre todo, o enriquecemento mutuo.

Queda aínda moito por facer. Cada vez son máis persoas as que reclaman intensificar os esforzos neste sentido e recoñecen que, na base de moitos dos conflitos internacionais actuais, subxacen o desencontro cultural, a inseguranza xerada polo descoñecemento do outro, a afirmación da identidade cultural propia como negación da allea...

Sen obviar aquí tampouco o que ten de paradoxal, e unido ao comentado no apartado anterior, neste mundo global o local dispón de máis ferramentas e recursos que nunca para xerar complicidades e estreitar relacións culturais; para debilitar ao máximo os preconceptos, as imaxes preconcibidas froito do descoñecemento, para evitar, entre outras, condutas xenófobas que poñan en grave perigo a convivencia local e mundial.

### A acción cultural para o desenvolvemento

A cultura, en tanto que elemento básico e fundamental do desenvolvemento humano, é un compoñente esencial da loita contra a pobreza e a exclusión social. Ademais da súa contribución intrínseca ao proceso de formación e aprendizaxe permanentes do individuo, a vida cultural achégalle elementos á gobernabilidade e á cohesión social e contribúe ao desenvolvemento socioeconómico en múltiples formas: mediante a creación de empresas de emprego, a comercialización de produtos, o incentivo do turismo cultural... Contribúe tamén:

- á creación de capital social nos procesos de desenvolvemento local,
- ao aumento da renda,
- á defensa e promoción dos dereitos humanos,
- á recuperación, conservación, difusión e xestión do patrimonio,
- á definición e defensa da identidade propia, ameazada pola homoxeneización froito da globalización e polas relacións comerciais abusivas,
- etc.

O impacto demostrado da cultura sobre o desenvolvemento económico, social e ambiental abre unha nova liña de traballo dentro dos procesos de cooperación ao desenvolvemento que se sumá á experiencias de carácter científico-técnico, cunha tradición propia moi consolidada.

Aínda que o reto empeza a ser amplamente aceptado, a súa tradución en actuacións e proxectos concretos non será inmediata nin estará exenta de dificultades. Sen ir máis lonxe, ao repasar as actas dunha edición anterior deste mesmo encontro "Interea 2002", encontrábame coa seguinte afirmación:

"(...) el sector cultural no ha conseguido situarse en la centralidad de las denominadas políticas de desarrollo, es decir, no ha conseguido que se tenga en cuenta su función, y por otro lado, el sector cultural no ha podido influir significativamente con aportaciones intelectuales y respuestas a los problemas que las sociedades y los gobiernos tenían planteados en clave de desarrollo."

Sen dúbida, as palabras de Alfons Martinell recollían unha opinión se non xeral, si maioritaria. O que non contemplaban, en ningún caso, era a posibilidade de que quen as formulaba, tempo despois, tería a responsabilidade de tratar de cambiar esta situación.

O reforzo do papel da acción cultural para o desenvolvimento é unha das prioridades políticas do actual Goberno en materia de cooperación que queda reflectida dentro do Plano Director da Cooperación Española 2005-2008 de receente aprobación.

Por primeira vez na historia deste país, a cultura e o desenvolvimento aparecen con entidade propia dentro das prioridades horizontais do plano de acción e das estratexias e prioridades sectoriais.

Quere isto dicir que todos os actores da cooperación, entre os que se encontran os municipios, contarán con estoutro marco de actuación para o deseño e a posta en marcha de accións para o desenvolvimento vinculadas á cultura. Sen dúbida, un novo desafío para todos.

### Novos retos, novos discursos

Á par que a realidade reclama novas intervencións, hoxe ocúpanos as derivadas do proceso de globalización e do equilibrio entre o local e o global, o discurso en torno ás políticas culturais e a acción cultural incorpora novos elementos. Quixería mencionar sobre todo dúas: a idea da liberdade cultural fronte á exclusión cultural e, unido a isto, o debate e a reflexión en torno aos dereitos culturais.

Ningún destes novos elementos pasará inadvertido para as corporacións locais á hora de reorientar o seu quefacer na acción cultural local, a cooperación cultural e a acción cultural para o desenvolvimento.

O *Informe sobre Desenvolvemento Humano 2004* elaborado polo Programa de Nacións Unidas para o desenvolvemento define liberdade cultural como "a liberdade que teñen as persoas de escolheren a súa identidade (de ser quen son) e viviren sen perder o acceso a outras opcións que lles resultan importantes".

É violada, reza o mesmo documento, cando hai falta de respeito ou recoñecemento polos valores, as institucións ou os estilos de vida de grupos culturais e cando as persoas son discriminadas debido á súa identidade cultural.

A liberdade cultural, en tanto que permite elixir a identidade propia desde o respecto ao outro, atópase na base mesma do desenvolvemento humano. Esta é a tese fundamental do informe. Unha tese que se desenvolve a partir de moitos outros matices e achegas –por exemplo, en torno ao concepto de exclusión cultural- imposibles recoller nestas páxinas, cuxa recomendación de lectura se fai imprescindible.

De regreso ao outro dos discursos a que quería facer referencia, aínda que a súa definición vai moi por detrás doutros dereitos como os civís, políticos, económicos e sociais, os dereitos culturais comezan a ocupar un lugar destacado dentro do discurso arredor dos derechos humanos.

A aprobación en 1948 da Declaración Universal de Dereitos Humanos por parte da Asemblea da Organización de Nacións Unidas onde se lle recoñece por primeira vez ao individuo o dereito a non ser oprimido, constitúe o primeiro antecedente do que hoxe se reivindica como dereitos culturais.

Anos máis tarde, en 1966, asínase o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais seguido polo Pacto internacional de dereitos civís e políticos por parte de Nacións Unidas. Faise unha mención específica nos dous textos ao dereito da persoa a elixir a súa condición política e acceder libremente ao seu desenvolvemento económico, social e cultural, con referencia explícita a tres dereitos culturais específicos:

- a) participar na vida cultural
- b) gozar dos beneficios do progreso científico e as súas aplicacións
- c) gozar da protección dos intereses morais e materiais resultantes de toda producción científica, literaria ou artística de que a persoa sexa autora (dereitos de autor).

Teixeira Coleho (2004), para alén de nos ofrecer un repaso exhaustivo da evolución dos dereitos culturais, sitúanos fronte a un espléndido exercicio de reflexión e de elaboración conceptual en torno a este tema no texto que elaborou para a edición do catálogo dunha exposición sobre os dereitos culturais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

A reflexión que propón Coleho discorre entre a actualidade do dereito e o pasado da resistencia na cultura e pon de manifesto a relación asimétrica entre os dereitos culturais e os seus correspondentes deberes, "El derecho a la cultura existe, pero nadie tiene el deber de producir cultura, de fabricar cultura" sinala o autor, salientando o deber indiscutible da tolerancia polo que a dereitos culturais se refire.

Na súa elaboración conceptual diferencia dereitos e deberes nítidos, como o dereito á vida e á liberdade, de dereitos difusos que tamén deben ser respectados, como os dereitos culturais. Trátase, en definitiva, doutra lectura altamente recomendable.

Por último non quixería finalizar estas páxinas sen lembrar a aprobación dentro do IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social de Porto Alegre, no marco do Foro Universal das Culturas- Barcelona 2004, da "Axenda 21 da Cultura: Un compromiso das cidades e os gobernos locais para o desenvolvemento cultural". Un documento cuxo obxectivo principal é orientar as políticas públicas de cultura e contribuír ao desenvolvemento cultural da humanidade.

O reto queda sobre a mesa. Só desde a acción cultural dos axentes implicados nos procesos de desenvolvemento, como os municipios, poderá ser transformado nunha realidade.

### Referencias

- IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social de Porto Alegre (2004). *Axenda 21 da Cultura: Un compromiso das cidades e os gobernos locais para o desenvolvemento cultural*. Barcelona: Foro Universal das Culturas 2004.
- Coelho, T. (2004). *Y al final, ¿qué son los derechos culturales?* Texto do catálogo da Exposición *¿Cultura(s)? Alternativas, diversidade, dereitos*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.
- Martinell, A. (2002). *Interea 2002. A Accion Municipal en Cultura, Deporte e Xuventude*. A Coruña: Deputacion da Coruña -Universidade da Coruña- Universidade de Santiago de Compostela.
- PNUD (2004). *Informe sobre Desenvolvemento Humano 2004. A libertade cultural no mundo diverso de hoxe*. Madrid: PNUD- Edicións Mundi-Prensa.

## Cultura e comunicación na dialéctica da subversión

**LUÍS ÁLVAREZ POUSA**

Profesor de Xornalismo e director da revista Tempos Novos

### As tensións global-local.

Os procesos globalizadores correspóndense basicamente coa necesidade que ten o capitalismo de romper amarras e expandirse. Válense da converxencia entre tecnoloxías da comunicación e fluxos económicos para superar o esgotamento do modelo de producción industrial, e restabelecer ao tempo os seus obxectivos de sempre: facer realidade un mercado global, en que cubra as súas aspiracións unha sociedade de consumidores tamén global.

Enfróntanse así conceptos e realidades que imponen grandes interrogantes sobre a capacidade de resposta social que demanda unha estratexia que envorca todos os seus argumentos lexitimadores na *soberanía absoluta do consumidor*.

Porque non só aboca a unha sorte de determinismo tecnoeconómico –o mercado como única unidade de medida-, senón que ademais presupón unha total desideologización do sistema, *facendo difícilmente operativa calquera política pública* que puidese xurdir en defensa da soberanía do cidadán.

Teríamos que a *globalización tecnolólica*, que tende a xerar valores de cambio, dándolle todo o protagonismo ao consumidor, prodúcese a costa da *universalidade de valores* (dereitos humanos, liberdades, cultura, democracia..., e tanto se deriva deles en termos de diversidade e pluralismo), que lle dá todo o protagonismo ao cidadán.-

Non obstante, se ben é certo que as unidades e funcións dominantes da economía están en plena sintonía coas esixencias do mercado global, a maior parte da actividade económica prodúcese localmente (os fluxos económicos e financeiros que circulan en tempo real e a escala mundial non serán rendíbeis se as operacións económicas que promoven non as levan a cabo de maneira localizada).

Os ámbitos do local, o nacional e o internacional, que sempre se visualizaron como niveis impermeabilizados entre si, asócianse porque o novo sistema lles impón a interacción mútua. Calquera estratexia no mercado mundializado terá que ser á vez global e local.

Xa que logo, a revalorización económica do local, ou a descentralización operativa, fana posible paradoxicamente as mesmas tecnoloxías que transportan os fluxos homoxeneizadores da globalización económica.

Fronte ás lóxicas da desterritorialización –ou da fragmentación e segmentación social- en que se basea fundamentalmente a globalización, os novos eixes reforzan as lóxicas da reterritorialización ou relocalización.

Esa confrontación de lóxicas (desterritorialización fronte a reterritorialización ou relocalización) ten unha incidencia semellante no ámbito da CULTURA e no da COMUNICACIÓN. A rendibilidade dos produtos culturais e dos materiais simbólicos que teñen a súa razón de ser na información estará forzosamente ligada ao feito de que sempre van ser recibidos por individuos que se atopan en lugares espacial e temporalmente diferenciados e/ou localizados.

O poder de descentralización –e de reterritorialización ou relocalización- que facilitan as novas tecnoloxías da comunicación e da información dá pé para pensar que, malia os efectos homoxeneizadores e as ameazas de destrucción dos valores normativos, existen marxes para a subversión.

Velai a razón por que emerxen movementos cívicos que sustentan as súas esixencias relocalizadoras no sentido que teñen de pertenza a unha determinada comunidade ou a un determinado colectivo. Iso polo que respecta ao social, en sentido amplo. Mais tamén se está experimentando o que Mattelart definiu como *o desquite das culturas singulares*, co obxectivo de desactivar igualmente os efectos dos fluxos transnacionais que homoxeneízan.

### A revalorización da cultura na sociedade da globalización

Son moitos os atrancos que dificultan que se faga operativa a capacidade subversiva –ou a capacidade para o *desquite*- que se deriva do efecto descentralizador e relocalizador que producen as tecnoloxías da comunicación e da información. Teorizar sobre ese potencial é doado, mais facelo práctico ou desenvolvelo xa non o é tanto. Porque, malia constatar que a transnacionalización das culturas con poder non supuxo na práctica a temida homoxeneización, si que fixo posibel unha dislocación dos eixes que articulan o universo de cada cultura. A esa situación desequilibradora chegamos a través do que nós mesmos vimos experimentando desde hai anos, e que poderíamos concretar nos seguintes fenómenos:

- a producción de cruzamentos da simbólica popular tradicional cos circuitos da industria cultural
- a diminución da relación que aquellas culturas más indefensas e que más sufren eses cruzamentos viñan mantendo co territorio en que teñen a súa orixe, para entraren en relación con outras culturas (a mestizaxe, nesa perspectiva)
- a nova situación forza que a cultura –e con maior razón as culturas singulares ou locais que se senten más ameazadas- redefina o seu ámbito de incidencia, acomodando as súas funcións a un novo modelo de sociedade en formación
- véndose así mesmo obrigada a cultura –e especialmente as culturas singulares que carecen da estrutura e dun apoio estatal- a revalorizarse tanto no plano da influencia entre a poboación e os poderes establecidos, como no da prevalencia dos valores normativos sobre os valores de cambio.

A redefinición da cultura –e das culturas- terá que ter en conta necesariamente os cambios estruturais que se producen ao seu redor, e tamén os cambios que cada unha dasas culturas se ve forzada a asumir internamente sen verse abocada a un desgaste gradual que remate por esclerotizala, e por facela social e comunicacionalmente *improdutiva*. Xa que logo, comezará por

establecer novas canles de comunicación coa sociedade de orixe, desenvolvendo todo o seu potencial de socialización nesa dimensión proxectiva, até conseguir que se lle volva recoñecer a súa utilidade social.

Os actores culturais nas súas más diversas categorías –desde a creativa á sociocomunicacional- e mais os dinamizadores ou técnicos que asumen un papel de mediación personalizada entre os actores da cultura e a cidadanía, que teñan carácter asociativo ou institucional, non poden nesta situación colocarse á marxe dos procesos históricos que condicionan tanto a estrutura ideolóxica e polo mesmo normativa –os valores transformadores que lle dan consistencia e categoría sociopolítica á cultura, a calquera cultura-, como o sistema de producción, almacenamento, multiplicación e difusión tradicional.

Para delimitar os ámbitos de revalorización, será preciso facelo tendo en conta as diferentes acepcións –cada vez más interdependentes- de cultura que viñeron sendo asumidas tradicionalmente. Nunca máis vai estar a chamada *alta cultura* desconectada do popular e do masivo como até agora. Non poderá seguir manténdose á marxe dos valores de cambio, ou de mercado, na medida en que se ve forzada a convivir co popular –a *cultura etnolóxica*- e co efecto multiplicador xerado polos medios de comunicación –a *cultura de masas*- . E porque a cultura así conformada ten nas sociedades un papel que vai máis aló do puramente formal ou artístico, pois que interioriza valores, normas, ideoloxías, maneiras de sentir, de ser e de pensar, acabará incidindo na fortaleza e na calidade do noso sistema de convivencia, ou sexa, na democratización da comunidade social de referencia. A cultura revalorízase así na medida en que acade os efectos socializadores, vertebradores, identitarios, educativos, comunitarios e comunicacionais que se deriven desa progresiva interdependencia de acepcións, tan isoladas entre si até agora.

Esa é xa a realidade da cultura. De cada cultura, malia que existan grandes diferenzas no grao de afianzamento ou de asentamento desa súa dimensión social e democrática. Non será difícil entón entendela como proxecto emancipador, ou como a enerxía que o home e a muller de hoxe precisan para o seu desenvolvemento individual, como persoas que viven a tensión que supón neste tempo globalizador a desaparición de referentes ideolóxicos e das vellas ancoraxes sociocomunicacionais. E tampouco será difícil entendela á maneira dun contrafluxo, a contracorrente dos fluxos que globalizan e homoxeneízan canto tocan, o que é tanto como entendela como un *construtor* identitario, querese dicir, un factor que revaloriza canto veu dándolle vida propia e singular ao colectivo social con que se identifica –historia, lingua, territorio...-, sendo á vez permeábel a canto o contemporeíza en contacto con outras culturas e con outros actores que tamén viven nese estado de tensión permanente.

É polo que nunca máis será posibel identificar a cultura exclusivamente como goce estético, tanto na perspectiva do creador como na do receptor/consumidor. Porque non pode senón ser produto da tensión ambiental que envolve todos os procesos (políticos, sociais, económicos, propriamente culturais...) en que se expresa e manifesta a contemporaneidade, de que acaba sendo por certo o seu mellor intérprete. Porque se debe, inevitabelmente, ao seu tempo, e é por iso que transpira a tensión que ten fóra dela o seu epicentro. Refírome á revolución tecnocientífica e a canto, servíndose dela, acaba dándolle rostro á ideoloxía da globalización, que medirá en termos económicos todo canto cae baixo a súa altísima capacidade de absorción, provocando cambios estruturais de consecuencias impredicíbeis. É o que obriga a pensar nunha nova sociedade en formación, e por conseguinte, nunha nova cultura, independentemente de cal for a súa dimensión (a dos estados, as das nacións sen estado, as locais...).

Non hai lugar para o resistencialismo mecánico. Nin para o resistencialismo que puidese supoñer unha teimuda autodefensa de corte étnico. A dislocación dos eixes, seguramente a metáfora que mellor describe o maremoto que se está a producir no corpo das culturas tradicionais por mor dos cambios e transformacións a que dan lugar os fenómenos que van ligados á ideoloxía globalizadora –desterritorialización, homoxeneización...-, é sen dúbida o maior dos desafíos a que se ten que enfrentar a cultura –cada cultura-, que por iso mesmo non pode seguir sendo considerada á marxe do social. O papel que se lle destina, xa que logo, non pode limitarse ao que se lle encomendara desde a Ilustración. Debe, ademais e sobre todo, formar parte dun proxecto de emancipación fronte a canto está impoñéndose á marxe dos valores que afortalan a soberanía do cidadán en detrimento da soberanía do consumidor, que é a que os axentes da globalización económica reclaman e priorizan.

### O espazo do local e os retos no ámbito do glolocal

Esa concepción social da cultura comporta que a activemos en todo tipo de relacións sociocomunicacionais: na actuación política, nas dinámicas que forxan modos de vida e de pensamento en que esa nova sociedade –esa nova cultura- se fai visíbel, nos medios de comunicación, nos sistemas autoorganizativos que a sociedade civil vai experimentando na súa propia defensa fronte aos efectos da globalización.

O *local* asume así categoría subversora ou de choque, e haberá que darlle consistencia emancipadora, converxendo no seu ámbito de actuación –independentemente da extensión que teña: nacional, rexional, local...– todas as dinámicas que xera un sistema social equilibrado: a comunitaria ou política, a mediática, a cultural nas súas variadas acepcións, a ecolóxica... Para iso servirse de todos os recursos que as tecnoloxías puxeren á súa disposición. A actitude subversiva dos axentes do *local* –todos cantos poden constituír ou formar parte da sociedade civil nun ámbito de decisión autónomo, como pode ser o galego (nación sen estado) ou o territorial (mancomunidade, área metropolitana, comarca, concello...)-, e especificamente aqueles que participan nela achegando ideas, coñecementos e proxectos que requieren da interconexión cultura-cidadanía, atopa entón nesas tecnoloxías a complicitade necesaria. Velaí o paradoxo: as tecnoloxías que fan posibel a globalización que desterritorializa e homoxeneíza, permiten á súa vez, grazas ao seu poder descentralizador, que as forzas contrarias leven a cabo procesos reterritorializadores en defensa da diversidade e do que conforma espazos de resistencia creativa, que é nos que a ciudadanía se manifesta, individual e colectivamente, forte.

Xa que logo, unha colectividade de cidadáns que remarcan no espazo galego de resistencia creativa a súa soberanía fronte á que os fluxos de diñeiro e poder que propulsa a globalización unicamente lle outorgan como consumidores, terá que apropiarse daqueles procesos e fenómenos que xa forman parte da modernidade en que deu a revolución tecnocientífica do noso tempo, adiantándose a quen os tentan utilizar na súa contra. Botando man do que os expertos aducen a respecto deses retos, concretaremos os más decisivos.

O primeiro deles deriva do feito de se ter convertido a cultura nunha parte importante das economías de hoxe en día. As chamadas industrias culturais, e de entre elas, os medios de comunicación, poñen en contacto produtos e proxectos que para nada teñen en conta fronteiras e políticas de contención, e moito menos toman iniciativas cara á preservación da diversidade

cultural. Como facer para que as vantaxes que inicialmente reporta ese ancheamento operativo –para recibir o que se fai fóra e para exportar o que se fai dentro- non o sexan a expensas das desvantaxes que contraería, referíndoo en concreto a Galicia, o feito de sermos unha cultura que non dispón dos recursos nin tampouco do poder que si teñen as outras?

O segundo dos grandes retos estaría ligado ao primeiro dos expostos. Para facérmoslle fronte ao que se nos impón –a colonización buscada polos que manexan os produtos das industrias culturais- necesariamente hai que xogar coas leis do mercado, e iso desvaloriza a concepción emancipadora da cultura por que avogamos. Como facer para manter ese equilibrio necesario entre a dimensión económica, que valora en termos produtivos a nosa capacidade de resistencia creativa, e a dimensión normativa, que é a que permite que compartamos valores comúns e proxectos que refrendan a cohesión interna e avalan a capacidade de facer presente a nosa identidade cultural nun mundo sen fronteiras?

Non é menor o terceiro dos retos, pois que unha cultura non se entende sen os valores da comunicación. Toda cultura é comunicación en si mesma. Con maior razón cando a concebimos inevitabelmente vinculada ao social, e cando lle concedemos o poder de identificar por si misma espazos de rexeneración identitaria e de reforzamento do estado de benestar nun ámbito de decisión que as mesmas tecnoloxías contribúen a localizar, formando parte da diversidade de comunidades e culturas que están no cerne das reivindicacións altermundialistas. Son os medios de comunicación os más indicados na sociedade actual para posibilitar a existencia deses espazos, que tamén han ser considerados como conformadores de estados de opinión, sen os que difícilmente se pode entender a democracia participativa que demandamos.

Velaí polo que entedemos como un dos máis grandes desafíos o de contar cun sistema de medios –en todos os soportes e ámbitos de incidencia ou de recepción- que, por máis que non poida manterse á marxe do que unha economía de mercado impón na era da globalización –concentracións, competitividade salvaxe, criterios economicistas por enriba de criterios normativos...–, teñan selo propio, e ao tempo a cultura de masas que produzan se desenvolva baixo control social, de tal maneira que estean garantidos en todo momento as liberdades de expresión e de información, o pluralismo e canto redunde na producción de identidade. Uns medios, por outra parte, que redimensionen o local tanto no ámbito do global –nisto xa non hai diferenza entre os pequenos e os grandes medios, por mor das tecnoloxías- como na súa configuración comunitaria, por mor precisamente da súa maior accesibilidade e da súa capacidade para establecer relacións de proximidá e, por conseguinte, de converxencia para a toma de decisións sociais.

Isto último é moito máis decisivo cando o que se observa é que estamos pasando por un período sobrecargado de novedades tecnoloxicas, que o mercado utiliza e aproveita para darles categoría substantiva á marxe dos contidos que transportan, conseguindo o efecto desexado: que importe máis o fluxo e a cantidade que a calidade. Nas claves que traslada a posmodernidade está a lexitimación desa tendencia desnaturalizadora da cultura que producen os medios, a chamada cultura de masas, que se somete ás leis do mercado e busca por iso audiencias e usuarios pasivos antes que comunidades de individuos e antes tamén que cidadáns. A cultura do divertimento sobreponse á cultura cívica, que deberá ser o resultado das dinámicas de creatividade, das iniciativas sociais que recollen as expresións culturais para proyectar os seus valores na comunidade de pertenza e, valéndose das canles de difusión informativa e coprodución de identidade –todos os medios, os tradicionais e os novos medios-, desenvolver programas coparticipados que incentiven espazos de aprendizaxe e de debate, sen os que sería imposible avanzar na modernización e democratización ambicionadas.

## O espazo do local e as políticas culturais e de comunicación

A interacción entre os niveis do global e do local, até hai pouco tempo tan impermeabilizados entre si, grazas en boa medida á descentralización provocada pola revolución tecnolóxica e a necesidade que ten o capitalismo de rendibilizar a súa apostila globalizadora, afianza e reforza o sentido do *local*, que se ve ademais compensado por outros factores sociolóxicos, políticos e culturais.

En primeiro lugar, é preciso entender as políticas locais –teñan a dimensión que teñan os territorios que as deseñan e aplican- en defensa da diversidade –ou da identidade colectiva- e do pluralismo. Entendendo a identidade na súa dupla acepción: como identidade cultural colectiva –aquela que se afirma contra os factores que ameazan a perda de referentes no mar proceloso da globalización, e singularmente da información globalizada-, e como identidade que se constrúe interrelacionando as accións dos más variados axentes sociais a prol dos valores e realidades que a singularizan, o que poden conseguir se ademais poñen a proba a capacidade e a vontade cooperativa dos mesmos.

Neste proceso redimensionador, en boa medida forzado pola confluencia de factores externos á natureza e funcións tradicionais da cultura, o máis importante xa non é o feito cultural individualizado, aínda que tamén o sexa, senón a cultura entendida a partir dunha concepción máis real do participativo, do solidario e do comunicativo. É por iso que para interpretar o feito cultural correctamente, faise necesario partir dos profundos e acelerados cambios que están tendo lugar, o que comporta modificacións na técnica, nos procesos produtivos e nas relacións e comportamentos sociais. En consecuencia, o dereito á propia cultura non equivale sen máis á súa aceptación acrítica, á obriga de acatala segundo os canons fornecidos pola propia ortodoxia, senón ao dereito a participar, con voz crítica e singular, no debate plural da súa construcción. Unha perspectiva que deberá servir para romper coa maneira de programar proxectos de dinamización sociocultural, mesmo de programar actividades concretas, por parte dos axentes ou animadores que teñen ese cometido en centros de decisión, organismos institucionais ou privados.

Polo demais, os axentes de animación sociocultural e cantes teñen o deber de valorar por riba de todo a función cohesionadora e vertebradora da cultura –que é como a entendemos conformando ou coproducindo a identidade relacional e cooperativa-, así como o de contribuír a reforzar na converxencia de vontades e de iniciativas a comunidade de pertenza fronte aos perigos que representan os fluxos globalizadores e homoxeneizadores –a identidade cultural colectiva-, terán que ser conscientes igualmente da descolocación do feito cultural, e actuar en consecuencia a prol dos mentados obxectivos ou deberes. O feito cultural que antes se situaba no ámbito do público –malia ter moi limitada a súa accesibilidade, privilexio que só acadaban uns poucos-, ou no espazo comunicativo público, está a ser substituído polo produto cultural que é susceptíbel de ser consumido individualmente. Isto reforza a súa dimensión económica e comercial por riba da súa dimensión emancipadora, social. Asistimos a un proceso de apropiación do cultural pola mercadotecnia e a publicidade precisamente en función da súa rendibilidade económica.

Quedan confrontadas as dúas maneiras de entender a revalorización da cultura que se fai necesaria no tempo actual: por unha banda, aquela que vimos de expoñer, segundo a cal o que cobra valor é precisamente a dimensión mercantilista que os axentes da globalización tentan imponerlle á marxe do seu potencial social e politicamente transformador; pola outra, aquela que lle dá azos a ese potencial, tal e como quedou de manifesto na primeira parte deste traballo de

análise e reflexión en voz alta. E da mesma maneira que subliñamos os perigos que comporta a primacía da tendencia economicista sobre a que ten nos valores cívicos e na vontade de pertenza á comunidade de referencia, tamén o imos fazer respecto dos medios de comunicación, que son a outra cara da necesidade que unha comunidade diferenciada ten de poñer a proba todos os seus recursos subversivos nesta hora de sobresaltos globalizadores, deslexitimadores, homoxeneizadores.

## Os medios de comunicación e a cultura

Porque os medios non se escapan tampouco desa dinámica perversa. Nin os tradicionais, que cada vez interpoñen máis filtros ás iniciativas dos axentes socioculturais que non se limitan a poñer en marcha procesos de difusión e propagación cultural, nin os que se establecen na rede, en principio os máis incondicionais e por iso os que a sociedade civil pode utilizar sen as rixideces e censuras dos tradicionais (prensa escrita, radio, TV). No caso destes últimos, a súa tendencia natural está rifada igualmente con canto desde o ámbito da cultura e da sociedade a ela ligada se proxecta con espírito emancipador, o das ideas para o debate, o dos valores normativos (solidariedade, cooperación, socialización do coñecemento e do saber, información veraz, pluralismo...) que subvertan a realidade de poder que está detrás dos valores de cambio. Os factores da influencia *broadcast* confúndense cos valores da racionalidade, imponéndose o réxime *news on line*, que somete á velocidade e á instantaneidade canto toca, o que impide detectar as verdades contraditorias en que se manifesta a complexidade do mundo contemporáneo.

Téndoos en conta a todos, os tradicionais e os novos medios, é preciso ademais que a cidadanía visualice e asuma que é a ela a que lle corresponde controlar as súas tendencias actuais. Non só as que emerxen de non poderen manterse á marxe dos movementos de concentración e negocio que imperan en todos e cada un dos vectores de produtividade económica. Tamén as que en positivo se derivan da súa condición de instrumentos ao servizo do ben común. En dúas direcións: posicionándose na defensa do dereito á información que ten a cidadanía, e exercendo a función prioritaria de crearen un universo simbólico común a todos os membros que a configuran e integran. Porque esas han ser as esixencias básicas que se lles demanden.

Desa toma de conciencia, que deberá formar parte das políticas culturais que se poñan en marcha, vanse derivar actitudes cívicas que na práctica acaben articulando un sistema de control social sobre os medios, e sobre o poder que teñen de contribuír ao reforzamento tanto da identidade relacional como da identidade defensiva. Neste sentido, e como unha contribución concreta, a creación do *Observatorio Galego dos Medios*, que estará asociado ao de ámbito mundial que se acordou no Foro Social de Vista Alegre hai tres anos, pode facilitar na práctica diaria ese control. Porque se artella en base a unha alianza entre os profesionais da comunicación concienciados, os investigadores universitarios da comunicación e os colectivos sociais máis comprometidos. Mais nada impide que no ámbito do local se artellen outros observatorios de proximidade sobre os medios, non só con afán persuasivo, e mesmo denunciativo, senón tamén facendo deles uns cómplices sempre que se trate de concitar a participación da cidadanía nos procesos de democratización e socialización cultural.

A democratización dos medios convértese así nun obxectivo social, porque só desa maneira se poden poñer ao servizo da educación, da cultura e da información, e tamén ao servizo da

capacitación para a organización social. A relación cultura-comunicación, por outra parte, experiméntase precisamente nos diversos espazos de recoñecemento social, que é como se fan comprensíbeis as transformacións operadas polos medios de comunicación e polos seus usos.

### **As políticas culturais e comunicacionais, interrelacionadas**

Xa que logo, sobre que bases terán que formularse as políticas culturais e as políticas de comunicación, que inevitabelmente terán que estar e proxectarse interrelacionadas entre si? Enumerarei o que entendo que debe ser prioritario á hora de concretalas.

1. As políticas de comunicación non cumplirán os seus obxectivos se únicamente se poñen en marcha para regulamentar os medios de comunicación e controlar os seus efectos (que é como as entenden os gobernos), sen que nada neles apunte a estimular as experiencias colectivas, que en certos casos son experiencias de integración social con que inevitabelmente hai que enfrentar os problemas das identidades ameazadas.
2. As políticas culturais tampouco cumplirán os seus obxectivos se se limitan a contrarrestar o pernicioso influxo dos medios de comunicación coa difusión das súas obras, sen que nada active a experiencia creativa das comunidades, o seu recoñecemento como suxeitos sociais.
3. Toda política cultural inclúe un modelo de comunicación, mais o que domina é a idea de simple difusión, polo que comunicar cultura sería unha maneira de acelerar o movemento de propagación. As políticas culturais adoitan confundir a comunicación coa transmisión ou a comunicación coa lubrificación dos circuitos.
4. Existen, no entanto, outras formas de concebir as políticas culturais democráticas, que á vez son posíbeis grazas a que tamén existen outros modelos de comunicación. O eixo básico desta nova política é a *apropiación*, entendida como a activación da competencia cultural da xente, a socialización da experiencia creativa, o recoñecemento das diferenzas... Gañarlle á mercadotecnia a partida da apropiación. E para iso, as políticas culturais deben contar estratexicamente coa súa propia política comunicativa.
5. É así como se pode entender –e poñer en práctica- a inevitábel complementariedade e subsidiariedade entre a acción dos medios de comunicación e os pulos xerados e sostidos por outras partes do sistema social. Satisfarán entón o que buscan neles os cidadáns en función das súas actividades, das súas conviccións, da súa identidade.

*interea*

**EXPERIENCIAS E INICIATIVAS**



## *As Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional, como acción de desenvolvemento local*

M<sup>a</sup> ISABEL LONGUEIRA MIRA  
FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

### OS ANTECEDENTES

A Asociación Cultural Canle de Lira (Carnota), coa colaboración do concello, vén organizando dende o ano 2000 unhas Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional, que este ano 2004 cumplirán a quinta edición.

As xornadas son unha iniciativa que nace nunha parroquia con forte conciencia de identidade e pretenden dinamizar culturalmente a totalidade do ámbito parroquial e, a través delas, establecer vínculos de relación e comunicación coas asociacións doutras parroquias do propio concello, dos concellos limítrofes e de toda Galicia.

As xornadas xorden nun Concello que carece de infraestruturas, de programación e de recursos humanos para desenvolver programas integrais de ámbito cultural, así como de levar a cabo iniciativas desta natureza.

Na primeira edición, as xornadas estiveron dedicadas a estudar e difundir "O Hórreo e a Arquitectura do Pan". Na segunda e baixo o título "Andar ao Mar" tiveron como elemento de reflexión o patrimonio marítimo e a cultura mariñeira. Na terceira abordouse o tema da paisaxe como elemento común en que se inscribe a vida do home, baixo o título de "A Paisaxe, un Patrimonio Común". No ano 2003, o accidente do Prestige fixo cambiar o tema previsto, consciente a Asociación Cultural Canle da repercusión que este accidente tiña sobre as costas galegas, así como a súa incidencia sobre a cultura mariñeira. O programa abordou a incidencia da marea negra sobre a vida, os seus recursos e a destrucción da beiramar, o voluntariado e o papel das organizacións non gubernamentais. As V Xornadas do ano 2004, estiveron centradas na tradición oral, particularmente rica na Costa da Morte e na bisbarra de Carnota.

### A ORGANIZACIÓN

As xornadas son organizadas pola Asociación Cultural Canle de Lira, constituíndose unha comisión que inclúe dirección, secretaría e coordinación. Os traballos de secretaría desenvólvenos dúas funcionarias que o concello ofrece cada ano.

Colaboradores ata agora foron as Universidades de Santiago de Compostela e a da Coruña, a través dos departamentos de Socioloxía e Patrimonio; a Consellería de Cultura, Comunicación

Social e Turismo; a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos; o Consello da Cultura Galega e, nesta última, edición a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.

As xornadas teñen como patrocinadores a entidades públicas e privadas. Entre as públicas débense salientar as recollidas no parágrafo anterior. O concello ofrece toda a súa infraestrutura en locais e persoal e procura unha oferta económica variable, que está condicionada polas limitacións orzamentarias. Empresas radicadas no concello e fundacións vinculadas a entidades financeiras, completan o abano dos patrocinadores. Trátase de evitar a dependencia dun só patrocinador. Tamén a Deputación Provincial vén colaborando, directa ou indirectamente con elles.

#### AS REFERENCIAS

Cada ano e como elemento central de referencia, as xornadas buscan salientar un aspecto da cultura tradicional que se manteña vivo no contorno da parroquia ou do concello, procurando desa maneira implicar o maior número de persoas e entidades.

Arredor dese tema central incorpóranse outros elementos da cultura tradicional con vitalidade entre as xentes da parroquia (elaboración e degustación de empanadas de millo, sardiñada, teatro, música, danza, xogos populares, navegación a vela, roteiros polos lugares de interese dende o punto de vista patrimonial, etc) que incrementan a participación dos veciños e fan posible a incorporación ás xornadas de personas que nunca se involucrarían nun proxecto semellante de non ser pola valoración que se fai destes elementos complementarios.

As xornadas teñen unha vocación multidisciplinar procurando integrar os diferentes ámbitos da cultura: arquitectos e aparelladores, xeográfos, artesáns, mariñeiro, fotógrafos, biólogos, cantareiras, regueifeiros, deseñadores, mariscadoras, historiadores, escritores, pintores, artesáns, actores, antropólogos, etnógrafos, sociólogos, labregos, etc.

As xornadas, ademais das referencias á cultura tradicional e das linguaxes orais e escrita, teñen integrado cine, fotografía, danza, teatro, literatura, etc.

Nas xornadas sempre hai un espazo de participación, semellante ao de calquera relator especializado, reservado para a xente do concello. Así, e dependendo do tema en que cada ano se centran as xornadas, participaron mariñeiras e mariñeiro, redeiras, mariscadoras, labregas, regueifeiras, cantareiras, a Confraría de Pescadores de Lira, membros da asociación organizadora, traballadores de medio ambiente do concello, etc.



#### OS OBXECTIVOS

As xornadas fan súa a reflexión de Xoán Vicente Viqueira de que Galicia deixará de ser periferia cando se transforme en centro. Nese senso pretendan facer, sequera por tres días ao ano, que un territorio periférico, alíeo ao circuito cultural do país, se incorpore ao mesmo como referencia, convocando a cantes quixeran vir participar na reflexión que aquí se xera.

Como contributo básico a esta reflexión, cada ano preséntase o libro que recolle as comunicacións e relatorios do ano anterior.

Os profesores dos centros de ensino do concello, cada ano, veñen desenvolvendo co alumnado unha serie de actividades programadas por eles mesmos, tomando como referencia o tema que se vai tratar no ámbito das xornadas, e que son presentadas como parte do programa actividades complementarias. Nesta última edición traballouse na recollida de lendas de tradición oral, que serán incorporadas ao libro do ano próximo, así como na elaboración dun campo con xogos populares.

Como consecuencia de desenvolver actividades complementarias ao propio programa, as xornadas permiten a convivencia en espazos singulares, como a eira do hórreo de Lira ou o espazo natural de Mar de Lira, de relatores, participantes, organizadores e xentes da parroquia, feito que supón un aliciente importante, non só para os veciños senón, e moi particularmente, para os relatores e participantes, que así o teñen expresado felicitando á organización polo modelo plural, multidisciplinar e de convivencia das xornadas.

Consecuencia do anterior é o orgullo con que os veciños do concello viven e senten as xornadas, existindo expectativa pola organización de cada nova edición.

#### AS CONSECUENCIAS

O principal obxectivo das xornadas é o de xeraren dinámicas sociais no territorio do concello e noutros limítrofes.

A Confraría de Pescadores de Lira, o Proxecto Carnota formado por profesores de ensino secundario de Carnota e a Asociación Xurde Caldebarcos integráronse na organización das Xornadas, colaborando activamente coa Asociación Cultural Canle na organización das mesmas e desenvolvendo actividades que teñen como orixe as propias xornadas.

A Asociación realizou o inventario primeiro e, máis tarde, a catalogación de hórreos de todo o concello, por encargo da Dirección Xeral de Patrimonio.

Restauráronse un elevado número de hórreos que estaban deteriorados a partir da posta en valor que supuxo centrar as primeiras xornadas na arquitectura do pan e polo propio traballo de inventario e catalogación. O resultado do inventario supuxo descubrir que no concello de Carnota existe un número aproximado de mil hórreos.

A asociación elevou unha proposta á Dirección Xeral de Patrimonio que incluía a restauración dun conxunto de hórreos, pertencentes á parroquia de Lira, que forman un conxunto singular. Elaborado o proxecto, existe un compromiso por parte da Dirección Xeral para o levar a cabo.

As xornadas xeraron actividades de dinamización entre diferentes entidades, como a Confraría de Pescadores de Lira, a Comunidade de Montes, Proxecto Carnota, Xurde Caldebarcos, etc., ata o extremo de que existe o proxecto de elaborar un plano integral parroquial (a idea é que sexan os habitantes da parroquia os que definan que é e o que queren que esta sexa) elaborando os propios planos de infraestruturas, os proxectos de desenvolvemento locais, as iniciativas turísticas, etc.

A construcción duha lancha xeiteira, coa axuda da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, permitiu a relación da Asociación Cultural Canle de Lira con outras asociacións e organizacións parroquiais, así como con entidades, non só de Galicia, senón tamén de Francia e Portugal.

A asociación inscribiuse como membro activo na Federación Galega pola Cultura Marítima.

O proxecto actual de Turismo Pesqueiro liderado pola Confraría de Pescadores de Lira é consecuencia directa do encontro de persoas e intercambio de ideas propiciado polas xornadas.

A constitución doutras asociacións culturais dentro do concello seguindo o exemplo de Canle como "Xurde Caldebarcos".

As xornadas fixeron posible que en cinco anos, ademais de xente de toda Galicia, pasasen polo concello relatores procedentes de Noruega, Irlanda, Normandía, Alaska, Nazaré e Peñafiel -en Portugal-, Asturias, País Vasco, Asturias, León, Madrid, todos eles contribuíndo coa súa experiencia en relación a determinados aspectos da cultura tradicional.

En definitiva, as Xornadas de Cultura Tradicional de Carnota pretenden xerar dinámicas sociais e culturais ao longo do ano nun territorio que carece deste tipo de iniciativas.

## O FUTURO

O financiamento está a ser o lastre maior para garantir o futuro das xornadas.

Existe un programa de traballo, elaborado na última asemblea da asociación cultural que pretende garantir a pervivencia das xornadas na edición do ano 2005 e 2006, co obxecto de poder celebrar ese ano o aniversario do naufraxio do buque da armada Ariete, que se saldou sen ningunha víctima mortal grazas á actuación heroica dos veciños da parroquia de Lira. Iso suporía situar as xornadas na VII edición.



## mostra das culturas

festa de diversidade, tradición e futuro  
Boiro 3 a 7 de xullo [festas de verán]

**ALBERTO GARCÍA**

Concello de Boiro

**CULTURA DA RÍA / ASOCIACIÓNES, LETRAS, ARTESANÍA, ARTE**  
**CULTURA NA RÚA / MÚSICAS DO MUNDO, TEATRO, CLOWN, DANZA**  
**CULTURA FUTURA / MEDIO-AMBIENTE, DIVERSIDADE, PAZ**  
**CULTURA NO AMBIENTE / EXPOSICIÓNES, OBRADOIROS, MESAS REDONDAS**  
**CULTURA DO DENTE / DEGUSTACIÓNES, VIÑOS, MEXILLÓN**  
**CULTURAS DIFERENTES / GALICIA, PORTUGAL, LEVANTE, SENEGAL, ARXENTINA...**

### INTRODUCCIÓN

Boiro é un concello de máis de 18.000 habitantes situado na Ría de Arousa e caracterizado nestes últimos anos por unha continua expansión económica, urbanística e demográfica. No entanto non avanza ao mesmo ritmo en desenvolvemento cultural. Aínda que os investimentos en infraestruturas socio-culturais son notables, as cifras dínnos que:

- o número de boirenses que acceden á universidade diminuí nos últimos 4 anos (actualmente representa un 2% da poboación)
- o tecido asociativo segue a ser pequeno (1 asociación cultural por cada 2500 habitantes)
- a participación en actividades culturais non supera o 12% da poboación.
- A pesar dos esforzos de recuperación arqueolóxica e arquitectónica, a sensibilización cara aos referentes culturais propios é escasa.

Por todo isto, desde a área de cultura e xuventude vense actuando a través de programas de animación sociocultural, difusión cultural e intervención socioeducativa; no entanto avalíase negativamente a carencia dun programa integrador que proporcione unha maior identificación cultural co concello e que implique un alto índice de participación social.

### IDENTIFICACIÓN E PARTICIPACIÓN

Os niveis más altos de identificación propia e de participación popular danse nas festas de verán do concello, porén, nos últimos anos a festa estaba perdendo de vista os obxectivos que encabezan este texto en favor da lóxica do espectáculo: actuacións musicais altamente comerciais, potenciación das atraccións mecánicas e diminución das representacións culturais propias coa conseguinte merma de identificación e implicación social.

Na edición de 2002 intentouse recuperar o que hai anos significaban actividades como a representación da malla do trigo, os xogos populares, as actuacións de grupos locais, etc., actividades todas elas que viñan a fortalecer o

aspecto cultural da festa, o carácter representativo dunha comunidade a través dunha celebración. A cultura non deixa de ser a representación dun grupo social, e a festa é o momento idóneo para o mostrar.

## EDUCACIÓN SOCIAL

A identificación cultural tamén é un aspecto imprescindible para afrontar con garantías os procesos de integración transnacionais que estamos viviendo, pero ademais, para que estes procesos teñan un desenvolvemento adecuado será imprescindible que os diferentes pobos sexan socializados nun valor fundamental: o respecto.

Respecto por nós mesmos como culturas diferenciadas dentro da transnacionalización, respecto polas demais culturas a que nos ímos á achegar e respecto polo medio en que todos/as vivimos.

A transmisión de valores como o respeito, a cooperación, a non violencia, etc., son obxectivos importantísimos que desde o punto de vista socioeducativo, tamén deben ser abordados a través das actividades culturais.

A UNESCO fai fincapé nos vínculos entre a cultura e obxectivos más amplos das inquedanzas humanas, actividades que forman parte do seu mandato institucional básico: "a promoción por medio das relacións educativas, científicas e culturais dos pobos do mundo, dos obxectivos de paz internacional e de benestar común da humanidade"

## PROGRAMA TRADICIÓN E FUTURO

Pretendemos con este programa unha reflexión sociocultural sobre o futuro das sociedades occidentais: a intercultura. Partimos da identificación propia xa que, segundo a maioría das correntes teóricas, a integración europea e a globalización cultural en que estamos inmersos só será posible a partir dunha sólida e segura identidade propia. Facer un intento de fusión entre o respeito ao tradicional, á identidade e unha visión global e europeísta, representa un dos obxectivos do "Plan Xove 2000-2003" da Xunta de Galicia.

Nesta conjunción vemos representado perfectamente o noso Concello, entre a revaloración do patrimonio tradicional e o rápido avance cara á sociedade do século XXI.

Nesta transformación vertiginosa que estamos viviendo propoñemos unha reflexión sobre o que vén, a globalización que nós entendemos debe ser a positiva: a globalización da convivencia, do respeito polos outros e polo medio, a globalización da cooperación e a solidariedade entre os pobos.

Todo isto debe ser formulado desde unha visión socializante da administración local que persegue os seguintes obxectivos:

1. Amosar e potenciar o tecido cultural do concello
2. reivindicar "a cultura" como medio importante de desenvolvemento persoal e social.
3. conxugar referentes culturais tradicionais con novas tendencias
4. defender a diversidade cultural como unha riqueza para conservar.
5. xerar espazos alternativos de ocio
6. sensibilizar sobre a importancia dunha cultura de paz, diversidade e desenvolvemento sustentable.

## Obxectivo 7: promoción do concello a través da cultura

Este programa ademais deberá ter en conta a relación entre cultura e desenvolvemento local: turismo cultural, centralidade cultural, difusión de imaxe da vila, "situación no mapa", establecemento de activos e investimentos culturais na comarca, etc.

Hoxe en día as estratexias de acción cultural servíronlle a moitas cidades occidentais para promoveren dinámicas dunha gran trascendencia tanto a nivel da súa promoción como espazos atractivos para as novas demandas do turismo como de cara a servir de apoio á creación de infraestruturas culturais e incluso tecido empresarial relacionado. Por outra banda a cultura, e máis en particular o legado patrimonial e a memoria, están a evidenciar unha clara capacidade para inspirar e dar contido a algunas iniciativas relevantes e anovadoras no ámbito do desenvolvemento local e turístico das nosas comarcas e concellos.

"O máis interesante desde o punto de vista das cuestións tratadas aquí é recoñecer como se pasa do territorio, entendido en termos socioculturais, á economía. Algo que, precisamente, vai evidenciar o carácter patrimonial da cultura, a súa capacidade para producir obxectos económicos. Nese sentido falo dun proceso en que se parte da identificación co territorio ou tipismo dos produtos, pasando logo pola atribución dun carácter enxebre, dunha tradicionalidade que os presenta como resultado dun saber facer, dunha cultura produtiva ou material acumulada historicamente, calidades estas que redundan na diferencialidade deses productos, como elemento decisivo da súa calidade en termos de excelencia, do seu valor.

Esta operación, de que poderían citarse infinitos exemplos –sendo os máis obvios os dos produtos agroalimentarios con denominación de orixe-, fálanos de como os esforzos, nas novas orientacións económicas, desprázanse a cotío da producción material á producción cultural de imaxes. Isto é moi intenso nos chamados produtos inmateriais ou nos servizos. E é escusado dicir que o turismo é un sector destacado nese sentido."

Manuel González Fernández (Universidade de Vigo)

## ACTIVIDADES DO PROGRAMA

### Feira de artesanías do mundo

É unha experiencia que intenta achegar os oficios tradicionais galegos e foráneos ao público en xeral. Estes oficios non son unicamente maneiras de traballar artesanais e altamente manuais, senón que son testemuño e mostra dunha forma de vivir, dunha sociedade, dunha parte da historia que sería negativo esquecer.

- exposición, venda e información sobre artesanía galega
- exposición e venda de artesanía doutros lugares e países
- tertulias radiofónicas, mesas redondas e proxeccións de que se extraerán actas para unha pequena publicación.

### Mercado verde e feira da solidariedade

Espazo para a proxección e divulgación dos colectivos sociais que traballan en Galicia a favor da solidariedade e a producción ecolóxica sustentable.

Difusión das campañas e ofertas que o entramado do terceiro sector están a desenvolver na actualidade mediante casetas onde se mostre o seu material e realización de actividades paralelas (video-fórum, charlas, obradoiros, etc.)

- Feira de produtos ecológicos
- Obradoiros (tambores, refugallo...)
- Ludoteca dos mundos

### Festa das culturas

Esta actividade pretende fomentar determinados valores como o respecto, a tolerancia cara á inmigración, a solidariedade, etc., intentando erradicar razoamentos e posicións racistas que notamos aflorar na sociedade e que se ven favorecidos por determinadas posicións políticas e xurídicas. Pensamos que as administracións son axentes de socialización e deben transmitir a través de todas as súas actuacións valores cívicos e democráticos. Pensamos tamén que as áreas de Cultura e Educación teñen unha especial responsabilidade neste feito.

A forma de facelo entendemos que debe ser positiva, facilitando o coñecemento doutras culturas, recordando a nosa propia historia e desenmascarando a irracionalidade de determinadas formas de pensar.

Ademais da mostra no recinto pechado preténdese recuperar a rúa como espazo para a expresión, para a creación e para a dinamización social, xerando novas formas de interrelación entre a arte e o público.

A programación aséntase sobre a base da cultura da participación en canto ao social, e no artístico potenciar a proxección das expresións más innovadoras así como da creación local.

A mostra na rúa preséntase en definitiva como un evento cultural para a diversión e o ocio pero que persegue obxectivos claros:

- Acheitamento a outras culturas a través da arte
- Promocionar redes e proxectos culturais locais
- Promocionar o concello mediante a oferta cultural

### Actividades

- Concierto mestizo (música galega xunto con músicas do mundo)
- Pasarrúas
- Teatro de rúa
- Explosión Clown

### A pegada da mostra

Esta actividade debe deixar no concello unha pegada importante tanto en relación ao turismo cultural, como ao incremento da participación social e transmisión de valores como nun sentido concreto: a habilitación de espazos.

Ao xeito das grandes cidades, debemos aproveitar esta mostra para mellorar urbanisticamente a nosa vila, para isto propoñemos varios "campos de traballo" conveniados coas universidades galegas para que estudantes de Belas Artes, Arquitectura e Ciencias do Mar fagan os seguintes traballos:

- habilitación artística de espazos (Belas Artes)
- estudo urbanístico para o futuro do Concello de Boiro (Arquitectura)
- estudo do litoral para un desenvolvemento sustentable (Ciencias do Mar)

### MOSTRA das CULTURAS 2004

#### Programación

##### Sábado 3

- |       |  |
|-------|--|
| 11:30 | Presentación da festa do mexillón no vestíbulo da Casa da Cultura  |
| 12:00 | Explicación mostra das culturas "Tradición e Futuro"<br>Presentación mostra das culturas-caderno cultural "A Memoria Histórica" Cortés<br>Presentación libro "Boiro nos últimos días da II República" Gallardo e Grafoxo<br>Peche da presentación e apertura de toldos : Deira |
| 13:30 | Apertura da feira de artesanía e do mercado verde<br>Actuación de Ultreia, obradoiro de cultura tradicional<br>Degustación de mexillón   |
| 18:00 | Feira de artesanía e mercado verde na Cachada  |
| 21:30 | Baile tradicional- actuación de Amas de casa e grupo de Zaragoza   |

##### Domingo 4

- |       |  |
|-------|--|
| 11:00 | Feira de artesanía e mercado verde na Cachada  |
| 12:00 | Actuacións de baile tradicional na Praza de Galicia<br>Grupos Aroña de Escarabote e Axoúxere de Cespón |

- 13:00 Desfile da rafña
- 18:00 Feira de artesanía e mercado verde na Cachada
- 21:30 actuación de Xilbarbeira na Praza de Galicia + portugueses

#### **Luns 5**

- 11:00 Pasarrúas- grupo de gaitas
- 10:00 Obradoiro medioambiental para nenos/as na Cachada
- 12:00 Títeres para nenos/as na Cachada
- 12:00 Pasarrúas- "Percusión Latina", escola deggo
- 12:00 Entrevista Radio-Boiro: "A inmigración"
- 13:00 Teatro de rúa na "Porta do Mercado"
- 13:30 Tapeo cultural na mostra das culturas + actuación musical
- 18:00 Feira de artesanía e mercado verde
- 23:00 Concerto mestizo [na rúa da movida]  
Supersandwich (Galiza)  
Cheb Balowski (Romania-Catalunya)  
Compañía do Ruído (Galiza)

#### **Martes 6**

- 11:00 Pasarrúas- grupo de gaitas
- 11:00 Feira de artesanía e mercado verde
- 11:00 Actuación de malabares para nenos na Cachada
- 12:00 Pasarrúas- "Trópico de Grellos", percusión brasileira
- 12:00 Teatro de rúa: "U-la praia", dos Sete Magníficos+1
- 12:00 Entrevista en Radio-Boiro: "Desenvolvemento sostible"
- 13:00 Tapeo cultural na mostra das culturas + actuación musical
- 18:00 Feira de artesanía e mercado verde
- 23:00 Concerto folk  
Cempés + Arume + cantareiras do concello

#### **Mércores 7**

- 11:00 Pasarrúas grupo de gaitas
- 12:00 Pasarrúas- "Circo Galaico", percusión e malabares
- 12:00 Teatro de rúa: "Seguridade", de Teatro do Improvisado
- 13:00 Tapeo cultural na Mostra das Culturas + cantareiras do concello (?)
- 15:00 Clausura da mostra 2004 con sorpresa final (concentración+ xoaniñas)

## Planet.club\_pontedeume

### INTRODUCCIÓN

Planet Club é unha proposta de desenvolvemento comunitario baseado na participación da xuventude e na creación e xestión do seu espazo e tempo de ocio, amparado polo Plano Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Pontedeume e implementado na súa parte técnica por XENEME Intervención Social S.L.L.

Planet xéstase durante o ano 2002 vinculado fortemente aos obradoiros desenvolvidos nos IES nos meses de outubro a decembro . É no ano 2003 cando comeza a súa andaina durante seis meses (de xaneiro a xuño) dando paso ao Planet 500 (de outubro do 2003 a xuño do 2004).

O presente documento consta de dúas partes diferenciadas: unha inicial de fundamentación en que se basea este proxecto e unha segunda de descripción e valoración do Palnet Club.

### FUNDAMENTACIÓN

#### OCIO ALTERNATIVO COMO ESTRATEGIA DE PREVENCIÓN

A prevención é, na actualidade, unha actividade esencial na abordaxe do complexo fenómeno das drogodependencias. Logo dunha etapa en que se ten posta a énfase no tratamiento e no desenvolvemento das redes asistenciais, os programas de prevención comezan a verse como un campo prioritario de investigación e desenvolvemento.

No campo das drogodependencias, o punto de partida en que se fundamenta o deseño e a implantación dos programas de prevención do consumo de drogas é o estudo dos factores de risco e protección. Un dos principios básicos da prevención é que este tipo de programas deben ser deseñados para incrementar os factores protectores e reducir ou controlar os factores de risco.

Enténdense por factores de risco aquellas circunstancias ou características persoais ou ambientais que, combinadas entre si, poderían resultar predispoñentes ou facilitadoras para o inicio e/ou mantemento do uso e abuso de drogas. Os factores de protección defínense como aquellas variables que contribúen a modular, previr ou reducir o uso de drogas.

Un dos factores que teñen unha especial importancia é o uso do tempo de ocio ou tempo libre. Sábese que determinados hábitos de uso do tempo libre que están moi relacionados co emprego de drogas poden constituir un factor de risco que explique unha parte da multicausalidade implicada no inicio dos consumos. Por outra parte, tense comprobado que o desenvolvemento de actividades de ocio alternativas a eses hábitos de risco, que fomenten comportamentos saudables, supoñen un factor de protección importante. Tal afirmación é sobre todo certa para poboacións cun maior risco de inicio de consumo, como son os mozos e mozas de entre 12 e 20 anos, que vinculan sobre todo o ocio co consumo (ocio consumista) e en moitas ocasións utilizan como principais recursos para ocupar o seu tempo libre a asistencia a bares, salas de xogo, discotecas...

A implantación de programas que levan a cabo esas actividades de ocio alternativas é un feito cada vez más frecuente no noso país.

Estes programas caracterízanse por desenvolver un gran número de actividades deportivas, culturais e recreativas que captan a atención dos potenciais suxeitos de risco mediante unha oferta que sexa de fácil acceso, altamente diversificada para encaixar case con calquera posible afeción ou inclinación, e adecuada aos momentos de máxima demanda (tardes e noites das fins de semana). Usualmente encáixanse dentro do marco da prevención comunitaria e utilizan a estratexia de proponer alternativas para controlar, polo menos, tres factores de risco: disponibilidade, ausencia de alternativas e recursos e desorganización comunitaria.

### **PLANET CLUB\_PONTEDEUME**

O Planet Club xorde no marco da comunitade de Pontedeume e intégrase dentro das actuacións do Programa Municipal de Prevención e Inserción das drogodependencias que leva funcionando desde hai 13 anos. É unha estratexia de intervención en torno ao entramado comunitario de Pontedeume, que non perde de vista a idea do desenvolvemento comunitario.

Planet club é unha estratexia de prevención de consumos de drogas que pretende afondar nos factores de protección no tempo de ocio transmitindo unha serie de valores e actitudes que redunden na adopción de estilos de vida saudables. É un programa dirixido ao colectivo adolescente (de 13 a 18 anos) e que ten os seus esteos fundamentais no desenvolvemento comunitario e na participación desde a perspectiva da democracia cultural.

O programa xorde coa premisa inicial de procurar unha conexión efectiva entre o traballo en prevención de drogas realizado nos IES da comunitade e a posta en marcha de alternativas de ocio para a xuventude, xa que esta era unha demanda real e manifestada ao longo de moito tempo. Como en moitos outros lugares, en Pontedeume a xuventude sae as fins de semana e faino cada vez más tarde, polo que existía un baleiro de tempo nas tardes dos sábados. Foi neste espazo temporal onde se situou Planet (sábados de 18:00 a 22:00 horas) tentando que, sobre todo, fose propio da xuventude e que fose un lugar de creación e participación aberto a todos os mozos e mozas da comunitade.

Existen unha serie de bases en que se fundamenta o Planet Club desde a súa xestación e que pouco a pouco se vai ampliando segundo os procesos avaliativos:

- Traballo en rede entre todos os axentes da comunitade: Concello, IES, Asociacións, familias, comercio... xa que só traballando deste xeito se poderá converter Planet nun recurso social de prevención.
- A estratexia de comunicación baseada en criterios de mercadotecnia social e que pasa pola vinculación estreita aos IES.
- A casa de Cultura de Pontedeume, local céntrico e próximo a varias discotecas, como espazo de reunión da xuventude.
- Desvincular a idea do ocio ao consumo, favorecendo estímulos positivos que propicien a adopción de estilos de vida saudables.
- Que exista alternativa ao espazo temporal baleiro das tardes dos sábados.
- A participación activa das persoas usuarias, considerando o espazo como propio e exclusivo.
- As actividades deberán ser libres, interactivas, atractivas, atrevidas, creativas e motivadoras.
- A profesionalización dun equipo técnico da comunitade que chegue a responsabilizarse de determinados aspectos técnicos do programa.
- A vinculación de axentes da comunitade como mediadores e mediadoras sociais no propio espazo chegando a configurar un equipo de persoas colaboradoras de Planet Club.
- A avaliación constante que reflicta os logros e fracasos de esta estratexia de prevención

Logo da avaliación realizada en xuño do 2003 púidose constatar que o Planet se posicionou en moi pouco tempo como un espazo de referencia para un gran número de mozos e mozas nas tardes dos sábados e, logo da avaliación realizada a setembro do 2004, constatouse tamén unha moi boa consecución dos obxectivos previstos para este ano. Por un lado, déronse movementos de participación interna moi significativos que nos confirmán que esta é liña de traballo a seguir e, por outro lado, chegamos a ser 415 socios e socias, un 58% da poboación diana do programa.

## O Programa De @lfabetización Dixital Nas Bibliotecas Municipais da Coruña

*"A alfabetización informacional é necesaria para garantir a supervivencia das institucións democráticas. Todos os homes foron creados igual, mais os votantes con recursos de información están en situación de tomar decisións más acertadas que os que son analfabetos con respecto á información."*

Major Owens.

### PRESENTACIÓN

#### Contexto

O desenvolvemento e extensión das Tecnoloxías da Información e Comunicación<sup>1</sup> durante os últimos 10 anos vén revolucionar importantes sectores produtivos, culturais e sociais en España; o eco destes cambios estase a manifestar cada vez con máis forza na vida do cidadán que se atopa a cotío coa necesidade de manexar e entender as novas tecnoloxías ao seu servizo. Facer a compra, ler o xornal, vender ou mercar unha bicicleta, solicitar un certificado de nacemento, etc., son só unha minúscula mostra das posibilidades que as institucións e organizacións nos ofrecen tras un teclado de ordenador.

A importancia cultural e política das TIC queda subliñada polo interese das administracións culturais e educativas do noso país que veñen desenvolvendo diversos planos e programas tendentes á extensión do uso da Internet entre todos os cidadáns<sup>2</sup>.

É evidente que unha transformación social deste calado presenta perigos para as persoas que sexan alleas a todos estes cambios. O sistema educativo neste país pode atender as necesidades na poboación escolar; moitas persoas vense obrigadas polo seu traballo ou por afección a se incorporaren ás novas tecnoloxías, mais que ocorre con aqueles sectores sociais que por diferentes razóns se ven afastados da sociedade da información?

<sup>1</sup>A partir de agora TIC

<sup>2</sup>Dentro do ámbito que nos afecta máis directamente podemos citar "Internet en las Bibliotecas" que está dirixido a todas as bibliotecas públicas de España xa sexan de ámbito nacional, autonómico ou municipal e trata de proporcionar a estas institucións conectividade de banda ancha a Internet e convertelas en centros de acceso público á rede. O programa investirá aproximadamente 38 millóns euros nas máis de 4.000 bibliotecas públicas de España para levar a cabo, entre outras, as seguintes actuacións: conexións a Internet de banda ancha, redes locais sen fios, máis de 12.000 novos equipos con conexión pública a Internet, aplicacións gratuitas e mellorar da coordinación bibliotecaria.

JULIO PESQUERO MURILLO

Coordinador TiC nas Bibliotecas Municipais da Coruña

## As Bibliotecas Municipais da Coruña

Fronte a esta necesidade social as bibliotecas municipais da Coruña quérense converter nunha referencia social na extensión das TIC entre os seus usuarios e cidadáns en xeral. Non imos considerar a abundante bibliografía sobre o papel das bibliotecas na formación dos cidadáns nin tan sequera na longa tradición da biblioteca como factor de transformación social. Ímonos axustar aos obxectivos específicos das Bibliotecas Municipais da Coruña que se atopan explicados nun documento sobre a misión, a visión e as liñas estratéxicas da organización, e que reflicten o que é a organización e o que quere chegar a ser. Así podemos sublinhar:

Misión: As Bibliotecas Municipais da Coruña.... facilitan o acceso á información nos soportes tradicionais mediante as tecnoloxías da información e a comunicación.

Visión: As Bibliotecas Municipais da Coruña serán... líderes na oferta de servizos bibliotecarios de calidade, tanto tradicionais como innovadores, onde se favorecerá o intercambio de información e a participación en actividades comunitarias.

Liñas estratéxicas:

- A mellora da accesibilidade, adaptándoa ás expectativas e necesidades dos cidadáns.
- Desenvolvemento das bibliotecas como centros de información, como espazos que xeran información e coñecemento.
- Avance cara ao concepto de biblioteca como "punto de encontro" que favoreza a participación cidadá e a xeración de coñecemento, cultura e opinión.

Atendendo ao anteriormente exposto as bibliotecas municipais optaron polo deseño, implantación e desenvolvemento dun programa de alfabetización dixital que cumprise diversos obxectivos e fose quen de chegar aos cidadáns alleos á sociedade da información.

## CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROGRAMA DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL

### Definición do programa

O programa de alfabetización dixital é o conxunto de actividades e accións desenvolvidas nas bibliotecas municipais destinadas á formación dos cidadáns en novas tecnoloxías da información e a comunicación.

A súa posta en marcha comezou no ano 2003 aínda que existían experiencias anteriores na formación, mais dun modo non coordinado.

### Contidos do programa

Na actualidade existen 2 tipos de cursos: de iniciación a Internet e de tratamiento de textos. Os dous teñen a mesma estrutura:

- Cursos prácticos de 10 horas
- Prácticas tuteladas de 4 horas
- Manuais de formación de elaboración propia
- Asesoramento continuo dos bibliotecarios

### Elementos do programa

Axente promotor (Bibliotecas Municipais)

Son centros culturais de proximidade os que facilitan a difusión do programa no tecido social.

Titularidade pública, o que facilita a confianza e achegamento dos cidadáns ao programa.

Público obxectivo

- Pessoas con dificultades no acceso á información
- Pessoas maiores
- Amas de casa
- Organizacións específicas
- Outros..

Respecto ao público obxectivo temos que dicir que dende o principio houbo unha formulación de carácter xeral mais que eramos conscientes de que o noso sector prioritario resultaría ser o público adulto (de 35 anos en adiante) xa que xeracionalmente era o grupo onde a demanda e as necesidades de alfabetización eran más evidentes.

### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

Nun programa certamente ambicioso para as nosas dispoñibilidades e sen ningún prazo temporal marcado establecemos os seguintes obxectivos de carácter xeral:

- Contribuír a reducir a fenda dixital.
- Potenciar o uso das TIC para o desenvolvemento das actividades cotiás e sociais dos cidadáns.
- Posicionar as bibliotecas municipais como fiestras de acceso á información e ao coñecemento.

## RECURSOS E XESTIÓN DO PROGRAMA

### Recursos técnicos

As Bibliotecas Municipais da Coruña dispoñen dunha serie de recursos técnicos que lle permiten afrontar o programa cunha garantía mínima de éxito

- 51 terminais de acceso público con aplicacións informáticas e conexión a internet
- Programas ofimáticos (word, excel, etc.)
- 6 Accesos "Wireless"
- Impresoras
- "Scaners"

Estes recursos permiten ofrecer aos usuarios a posibilidade dunha mellora continua nos seus coñecementos. No entanto, a realización dos cursos precisaba de aulas de formación específicas de que dispoñíamos en tres dos nosos centros: Fórum Metropolitano, Monte Alto e Sagrada Familia. No conxunto os nosos recursos son:

- 3 Aulas de formación nas bibliotecas municipais
- 39 terminais informáticos

Tamén optamos por chegar a acordos con certas entidades da cidade que dispoñen de aulas informáticas para poder ofrecer os cursos naquelas zonas da cidade onde non dispoñímos de infraestrutura específica para a formación.

### Xestión do programa

A xestión integral do programa é levada a cabo por diversos elementos da organización.

#### Grupo de mellora en TIC nas bibliotecas municipais

- Participantes
  - 1 coordinador xeral
  - 1 membro representante de cada biblioteca do sistema (6 persoas)
- Funcións:
  - Coordinación
  - Elaboración dos calendarios
  - Formación de formadores; formación en cadoiro
  - Seguimento e avaliación

Persoal bibliotecario da organización: docencia e apoio

Persoal eventual: persoa do programa *Labora* e alumnos en prácticas

Colaboración con outros axentes da cidade con obxectivos similares: Deputación e Caixa Galicia

## AVALIACIÓN E RESULTADOS

A continua realización de cursos de formación e a non definición temporal do programa permítenos una dupla avaliación do programa:


### Avaliación cualitativa

- Revisión do material de formación
- Reunións periódicas do persoal formador para o intercambio de experiencias e elaboración de novas estratexias de formación e aprendizaxe


### Avaliación cuantitativa

- Elaboracións e análise de estatísticas (grupos de idade, sexo)


Froito desta avaliación podemos expoñer algúns dos resultados das nosas actuación dende o ano 2003 ata outubro do 2004.



É evidente o aumento de alumnado formado no ano 2004 que xa en outubro supón o 130 % das persoas formadas en 2003. Este aumento non se xustifica na demanda cidadá, que se mantién uniforme, senón na maior capacidade das bibliotecas para ofertaren cursos.



Como se pode comprobar a maioría das persoas que acoden á formación son mulleres. Nós avaliamos como moi positivo este dato xa que as estatísticas das nosas bibliotecas (e outras a nivel nacional) amosan que son os varóns os más habituais usuarios de Internet. En consecuencia, a nosa formación tende a corrixir esta situación.



O noso público maioritario son os adultos (mulleres como xa vimos) maiores de 35 anos. É dicir, persoas que por razóns xeracionais non tiveron formación nas TIC na escola. Os menores de 18 anos teñen unha presenza testemuñal e nunca constituíron o noso obxectivo. Por outra banda pensamos que ainda chegamos pouco aos maiores de 65 anos que probablemente sexan as persoas máis afastadas da sociedade de información por razóns xeracionais e socioeconómicas.

## CONCLUSIÓNS

Da análise dos nosos datos mais as experiencias nos distintos cursos podemos extraer as seguintes conclusións:

- Hai un grande interese polas novas tecnoloxías na sociedade local. Isto tradúcese nunha continua demanda de prazas para os cursos.
- O perfil do/a alumno/a que acode aos cursos é maioritariamente muller maior de 35 anos. Este perfil responde a un sector que nas nosas bibliotecas é un usuario pouco habitual; polo tanto concluímos que o programa chegou a un dos seus públicos obxectivos.
- Non chegamos aínda suficientemente á poboación maior de 65 anos (só un 8 % dos nosos alumnos) e que previamos coma un público prioritario.
- A formación nas novas tecnoloxías constitúe unha porta de acceso para coñecer o resto dos servizos dos centros bibliotecarios municipais aínda que non sabemos en que medida.
- As bibliotecas sitúanse ante os cidadáns, usuarios ou non dos servizos más tradicionais, como centros de formación e tecnoloxicamente vanguardistas.
- SEGUIR TRABALLANDO

*interea*

A V A L I A C I Ó N

# AVALIACIÓN


## Avaliación de Interea 2004

### PERFIL

O primeiro elemento a considerar é o do perfil profesional da persoa que cumprimenta o cuestionario. Discriminamos entre dúas opcións, responsables políticos e responsables técnicos. Dos 65 cuestionarios da mostra obtemos unha ampla presencia de responsables técnicos, ata un total de 57, fronte a unicamente 8 responsables políticos, que representan o 12,3 por cento.

Táboa 1: Perfil profesional

Perfil	N	%
Políticos	8	12,3
Técnicos	57	87,7
Total	65	100,0




## PARTICIPACIÓN EN INTEREA 2004

Para proceder á avaliación da edición de "INTEREA 2004" a información foi recollida en catro bloques principais: un primeiro relativo a aspectos facilitadores da participación dos asistentes, un segundo de valoración da organización e xestión, un terceiro de valoración das actividades temáticas realizadas, e un apartado final prospectivo de cara á realización de futuras edicións de Interea.

No primeiro destes bloques, preguntouse en primeiro lugar pola participación na edición anterior de Interea 2002, obténdose os resultados da táboa seguinte, que mostran que entre os asistentes que cumplimentan o cuestionario, o 41,5 por cento deles xa participaran na edición anterior, fronte ó 58,5 por cento que o fan este ano por primeira vez. Tamén queremos subliñar que os 8 responsables políticos que cumplimentan o cuestionario non participaran na edición anterior de Interea 2002, e fano agora por primeira vez.

Táboa 2: Participación en Interea 2002

Participou en INTEREA 2002	N	%
Si	27	41,5
Non	38	58,5
Total	65	100,0




## ¿Como chegou a coñecer a convocatoria desta edición de INTEREA 2004?

Entre os medios de comunicación que permitiron coñecer ós participantes a convocatoria desta edición de Interea 2004 destaca en primeiro lugar o tradicional correo postal para o 49,2 por cento deles. Sígueno co 36,9 por cento outras dúas opcións: a tamén tradicional comunicación a través doutra persoa (xefe, compañeiro de traballo, amizades), e mediante as páxinas web de internet que reflicten a emerxente presencia das novas tecnoloxías da información. O 21,5 por cento deuse por enterado mediante as mensaxes de correo electrónico (e-mail), e en último termo, só o 10,8 por cento o fixo a través dos anuncios na prensa. Para moitos participantes son múltiples os medios de acceso a esta información.

Táboa 3: Medio de coñecer a convocatoria de Interea 2004

Medio de comunicación	N	%
Mensaxes de correo electrónico	14	21,5
Correo postal	32	49,2
Internet	24	36,9
Comunicación persoal	24	36,9
Anuncios na prensa	7	10,8
Outros	4	6,2




**¿Cales son as súas motivacións para participar en interea 2004?  
(sinala as dúas máis importantes)**

Son dúas as motivacións principais que declaran os enquadrados, en primeiro lugar por interese persoal sobre os temas tratados, co 72,3 por cento, seguida da oportunidade que ofrece para a propia formación, co 64,6 por cento. En terceiro lugar percíbese como unha necesidade para a institución na que traballan, co 36,9 por cento, e xa en último termo, con un apenas irrelevante 3,1 por cento, os enquadrados venen como unha necesidade para mellorar o seu currículum profesional.

Táboa 4: Motivacións para participar en Interea 2004

Motivación	N	%
Por necesidade de currículum profesional	2	3,1
Por interese persoal sobre os temas tratados	47	72,3
Por necesidade da institución na que trabalho	24	36,9
Pola oportunidade para formarme	42	64,6
Outros	3	4,6




**Que facilidade obtivo por parte da institución á que pertence para participar en Interea 2004?**

Para que a participación dos profesionais en cursos e xornadas de formación sexa posible deben ofrecerse facilidades por parte das institucións ás que pertencen, e non só proporcionando o recurso básico do tempo dispoñible, senón tamén incentivando esa participación mediante axudas para o transporte, o aloxamento ou a manutención. En relación a estes aspectos, os enquadrados destacan dispoñer de tempo dabondo para participar ata un total do 84,7 por cento, dispoñen de tempo parcial un 8,5 por cento, e únicamente lamentan non dispoñer dese tempo un 6,8 por cento. En relación ás axudas para pagar o transporte, un 41,7 por cento afirma disfrutar desas axudas, fronte ó 50 por cento que non conta con elas. As axudas menos relevantes destináñanse para aloxamento, o 91,7 por cento dos participantes non dispuxo de ningunha axuda, así como tampouco as reciben en dietas para manutención co 78,9 por cento dos participantes. O escaso número de enquadrados que responden a estes dous ítems fan presumir que estas porcentaxes poden ser ainda maiores (só responden 36 e 38 enquadrados respectivamente, dun total de 65).

Táboa 5: Facilidades proporcionadas polas institucións nas que traballan

Tipo de facilidade	Si	%	Non	%	Parcial	%	N
Pagamento do transporte	20	41,7	24	50,0	4	8,3	48
Pagamento do aloxamento	1	2,8	33	91,7	2	5,5	36
Pagamento da manutención	6	15,8	30	78,9	2	5,3	38
Dispoñibilidade do tempo necesario	50	84,7	4	6,8	5	8,5	59
Outros							2



#### VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE INTEREA 2004 (VALORAR DE 1 A 5)

No seguinte bloque de análise presentouse no cuestionario unha escala Lickert de valoración con 11 ítems relativos a aspectos relacionados coa organización e xestión de Interea 2004, tal como se recolle na táboa 6. As puntuacións finais, unha vez obtidas as correspondentes medias aritméticas, sitúanse entre un máximo de 4,55 e un mínimo de 2,68. Destacan positivamente, con puntuacións superiores a 4 (sobre un máximo de 5), o proceso de inscrición (4,55), a existencia de momentos de encontro e relación (4,26), o deseño e calidade da Revista Interea Visual (4,15) aínda que alguma crítica apunta ó reducido tamaño da letra, os materiais achegados coa inscrición (4,12), así como o labor do voluntariado (4,05). Como aspectos menos valorados polos participantes destacan os seguintes: a adecuación do lugar da celebración (2,68), a data da súa celebración (3,72), a estructura horaria do programa de actividades (3,78), a presenza de stands complementarios (3,89), ou a calidade do xantar (3,96) que é o ítem que menos respostas recibe, só 53.

Táboa 6: Valoración da organización e xestión de Interea 2004

Aspecto	N	Media aritmética
O proceso de inscrición	65	4,55
A existencia de momentos de encontro e relación (pausa do café, xantar)	64	4,26
O deseño e calidade da Revista Interea Visual	60	4,15
Os materiais achegados coa inscrición	60	4,12
O labor do voluntariado que colaborou en aspectos organizativos	65	4,05
A atención e información facilitadas antes de iniciarse "interea 2004"	64	4,00
A calidade do xantar	53	3,96
A presenza de "stands complementarios"	65	3,89
A estructura horaria do programa de actividades	64	3,78
A data da súa celebración	64	3,72
A adecuación do lugar da celebración	63	2,68




#### VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES TEMÁTICAS DE INTEREA 2004 (VALORAR DE 1 A 5)

O terceiro bloque busca dar resposta á valoración que realizan os participantes das actividades temáticas de Interea 2004. Con ese propósito elaborase unha nova escala de Lickert con 8 ítems, os recollidos na táboa 7. De novo, as puntuacións obtidas figuran entre un máximo de 4,45 e un mínimo de 3,15. Os ítems más valorados son os seguintes: en primeiro lugar o panel interactivo "A voz da cidadanía" (4,45), seguido a unha significativa distancia polo interese na documentación achegada (4,06), a presentación do Plan formativo e o debate en grupo (4,06), e a idoneidade dos relatores conferenciantes (3,81). Como actividades menos valoradas destaca de modo negativo a presentación das iniciativas culturais da Deputación da Coruña (3,15), o Diálogo "a sociedade actual entre o local e o global" (3,40, e con só 45 respostas), a Mesa Redonda "Políticos e técnicos municipais" (3,61) e a presentación do Relatorio inaugural "Axenda 21 da Cultura" (3,61).

Táboa 7: Valoración das actividades temáticas de Interea 2004


Tipo de actividad	N	Media aritmética
Panel interactivo "A voz da cidadanía"	60	4,45
O interese da documentación achegada	63	4,06
A presentación do Plan formativo e o debate en grupo	61	4,06
A idoneidade dos relatores-conferenciantes	65	3,81
O interese do Relatorio inaugural "Axenda 21 da Cultura..."	64	3,61
Mesa Redonda "Políticos e técnicos municipais"	61	3,61
Diálogo "A sociedade actual entre o local e o global"	45	3,40
Presentación das iniciativas culturais da Deputación da Coruña	61	3,15



Ao final deste bloque figuran 2 novos ítems que pretenden recoller unha apreciación global por parte dos participantes de tódalas actividades realizadas así como da valoración final desta edición de Interea 2004. Desta maneira, a valoración que fan do conxunto das actividades sitúase en 3,92 puntos sobre 5. A valoración que fan do conxunto de Interea 2004 é de 4,08 puntos.

Táboa 8: Valoración global de Interea 2004

Aspecto	N	Media aritmética
Valoración do conxunto das actividades	64	3,92
Valoración global de interea 2004	65	4,08



#### DE CARA A FUTURAS EDICIONES DE INTEREA


O último bloco de preguntas trata de establecer o grao de aceptación dos participantes en Interea 2004, e anticipar as mellores condicións posibles para a celebración dunha nova edición, tanto relativo a aspectos organizativos como de temáticas a tratar.

#### Pensa volver a participar?

O elevado grao de aceptación de Interea 2004 queda corroborado cando unha gran maioría de participantes, o 90,6 por cento, afirma que en principio estaría disposto a participar nunha nova edición de Interea, e só o 3,1 por cento non estaría disposto a volver.

Táboa 9: ¿Pensa volver a participar?

Participación futura	N	%
En principio SI	58	90,6
En principio NON	2	3,1
Dependerá	4	6,2



#### Recomendaría a asistencia a outras persoas?

En consonancia coa percepción anterior, a totalidade dos participantes que responden ó cuestionario recomendarían a asistencia a outras persoas a unha futura edición de Interea.

Táboa 10: Recomendación da asistencia

Recomendación da asistencia	N	%
SI	62	100
NON	0	0
NC	3	

#### En que momento do ano (mes, período, etc...) é conveniente que se faga?

A este respecto hai unha gran diversidade nas respuestas, ánda que as preferencias se sitúan no período do outono, e máis precisamente nos meses de novembro e decembro. Ata tres opinións advirten da coincidencia na data de celebración desta edición de Interea 2004 coas actividades de nadal dos concellos e co peche do exercicio, o cal suxeriría adiantar algúns días estas datas de celebración. Tamén debe considerarse a súa non coincidencia con outros cursos de formación organizados pola Xunta de Galicia nas mesmas datas.

Táboa 11: Data de celebracións futuras

Memento do ano	N	%
Setembro	6	12,1
Outubro	8	16,3
Novembro	14	28,6
Decembro	15	30,6
Xaneiro	2	4,0
Febreiro	5	10,0
Marzo	6	12,1
Abril	3	6,0
Maio	4	8,0
Xuño	1	2,0
Xullo	2	4,0
Indiferente	8	16,1
NC	16	
N	49	

#### Os temas que lle gustaría que se tratassen en futuras edicións

Entre os temas que proponen os participantes para edicións futuras de Interea destaca de modo visible a demanda de intercambio de experiencias entre os profesionais dos distintos concellos e a creación de redes que faciliten a circulación de información e o traballo conxunto. Esta demanda ten unha componente fundamental de carácter práctico, onde os intercambios persoais e a atención ás necesidades concretas dos concellos prevalecen sobre outras consideracións de orde más académica ou teórica.

Outros temas propostos son:

- a) O coñecemento da lexislación e normativas do ámbito cultural
- b) Políticas culturais (ámbito europeo, estatal, autonómico; os pequenos concellos, etc.)
- c) Sectores público e privado na xestión sociocultural
- d) A acción cultural e o desenvolvemento local
- e) O patrimonio cultural
- f) Asociacionismo
- g) Planificación e evaluación
- h) Profesionalización dos traballadores da cultura

#### Suxestións

As suxestións dos participantes apuntan a que os contidos de Interea se acheguen o máis posible á realidade dos distintos concellos e que teñan un carácter máis práctico, que xire arredor do intercambio de experiencias.

- Temas moi teóricos: "moitas veces faiense demasiado teórico. Falar de teorías se non hai posta en práctica non soluciona a realidade. É máis unha idealización".
- Temas moi xenéricos: "temas más concretos. Non están mal as propostas pero son demasiado xenéricas e o tempo previsto de desenvolvemento non permite moita profundización. Non está próximo á realidade e ás necesidades".
- "Vir un día máis e non correr tanto".
- Temas más achegados á realidade do mundo cultural en Galicia.
- Valora en maior medida o intercambio de experiencias.
- Proporcionar lista de participantes para facilitar contactos.
- Evitar coincidencia de datas cos cursos que organiza a Xunta de Galicia.
- A data de celebración de Interea 2004 coincide cun período de grande actividade nos concellos: festas de Nadal e peche de exercicio. Súxese anticipar a data de celebración.

## Ficha evaluativa



Prezado participante, prezada participante:

Co obxectivo de coñecer a súa opinión sobre a convocatoria e desenvolvemento de interea 2004 temos a ben solicitarlle que dea resposta a este cuestionario mediante o que, ademais de realizar a súa avaliación, agardamos obter informacións que permitan mellorar as futuras edicións. Anticipadamente, grazas pola súa colaboración.

### 1. Perfil

- Responsable político
- Responsable técnico

### 2. Participación en interea 2004

Participou na edición interea 2002?

- Si
- Non

### Como chegou a coñecer a convocatoria desta edición de interea 2004?

- Por mensaxes de correo electrónico
- Por correo postal
- Por Internet
- Por comunicación doutra persoa: xefe, compañeiro de trabalho, amizades
- Por anuncios na prensa
- Outros (indicar).....

### Cales son as súas motivacións para participar en interea 2004? (sinalas as dúas máis importantes)

- Por necesidade de currículum profesional
- Por interese persoal sobre os temas tratados
- Por necesidade da institución na que trabalho
- Pola oportunidade para formarme
- Outros (indicar).....

### Que facilidades obtivo por parte de institución á que pertence para participar en interea 2004?

- |                                    |                             |                              |                                       |
|------------------------------------|-----------------------------|------------------------------|---------------------------------------|
| Pagamento do transporte            | <input type="checkbox"/> Sí | <input type="checkbox"/> Non | <input type="checkbox"/> Parcialmente |
| Pagamento do aloxamento            | <input type="checkbox"/> Sí | <input type="checkbox"/> Non | <input type="checkbox"/> Parcialmente |
| Pagamento da manutención           | <input type="checkbox"/> Sí | <input type="checkbox"/> Non | <input type="checkbox"/> Parcialmente |
| Dispoñibilidade do tempo necesario | <input type="checkbox"/> Sí | <input type="checkbox"/> Non | <input type="checkbox"/> Parcialmente |
| Outros (indicar).....              |                             |                              |                                       |



Nas seguintes cuestións realice a súa valoración indicando, de menor a maior grao, o xuizo que lle merecen os distintos aspectos sobre os que se pregunta, de xeito que:  
1 = valor mínimo / 5 = valor máximo

### 3. Valoración da organización e xestión de interea 2004

	1	2	3	4	5
A atención e información facilitadas antes de iniciarse "interea 2004"					
O proceso de inscrición					
O deseño e calidade da Revista Interea Visual					
A estrutura horaria do programa de actividades					
A adecuación do lugar de celebración					
A data da súa celebración					
Os materiais achegados coa inscrición					
A presenza de "stands" complementarios					
O labor do voluntariado que colaborou en aspectos organizativos					
A existencia de momentos de encontro e relación (pausa do café, xantar)					
A calidade do xantar					

### 4. Valoración das actividades temáticas de interea 2004

	1	2	3	4	5
A idoneidade dos relatores-conferenciantes					
O interese da documentación achegada					
A presentación do Plan formativo e o debate en grupo					
O interese do Relatorio inaugural "Axenda 21 da Cultura..."					
Panel interactivo "A voz da cidadanía"					
Mesa Redonda "Políticos e técnicos municipais..."					
Diálogo "A sociedade actual entre o local e o global..."					
Presentación das iniciativas culturais da Deputación da Coruña					

En relación ao seu interese e expectativas e persoais profesionais:

- Que valoración fai do conxunto das actividades?
- Que valoración fai do conxunto de interea 2004?

1 2 3 4 5

### 5. De cara a futuras edicións de interea:

Pensa volver a participar?  En principio SI  En principio NON  Dependerá  
Recomendaría a asistencia a outras persoas?  si  non

En que momento do ano (mes, período, etc...) é conveniente que se faga?

Que temas lle gustaría que se tratases en futuras edicións?

Agradecemos que nos faga chegar calquera suxestión. Grazas.

*interea*

A S I S T E N T E S

# ASISTENTES

## Listado de asistentes Interea 2004

### ASISTENTES

Yolanda Abelenda Pardiñas

Coordinadora ludoteca  
Dpto. Cultura.  
C.P. 15100. Carballo

Marina Álvarez Bustelo  
Concelleira de Educación e Cultura  
Praza Alcalde Rámón Dopico, nº1  
C.P. 15142. Arteixo.

José Javier Álvarez Costoya  
Praza de Galicia, nº 1  
C.P. 15173. Oleiros.

Alberto Álvarez Escudero  
R/ Carballeira de Santa Minia, nº5  
C.P. 15865. Brión.

Francisco Allegue Tenreiro  
Avda. do Concello, s/n  
C.P. 15500. Fene.

Natalia Balseiro Rodríguez  
Avda. Marqués de Figueroa, s/n  
San Sadurniño.

Jorge Blanco Cortés  
R/ Nueva, nº18-1º D  
A Coruña.

Isabel Blanco Pardo  
Xefa Servizo Bibliotecas  
R/Durán Loríga, nº 10  
A Coruña.

Pablo Bouza Súarez  
Xefe Servizo Cultura  
R/ Ramón Cabanillas, nº 14  
C.P. 15670. O Burgo- Culleredo.

Mar Bóveda López  
R/ Monte dos Postes, nº14- 4º C.  
C.P. 15703 Santiago.

M. Belén Caballo Villar  
Fac. CC. Educación. Campus Sur.  
Universidade de Santiago.  
C.P. 15782. Santiago.

Beatriz Cabanas Lozano  
R/ Campo da Feira, s/n.  
Carral. A Coruña.

María Jesús Cabo de la Fuente  
Avda. M. M. Gómez, nº1  
C.P. 15885. Vedra.

María Rosario Cal Dopico  
R/ Coirós de Arriba, nº 16.  
Coirós.

Belén Campos Díaz  
Praza San Gregorio, s/n  
C.P. 15293. Carnota.

Jesús Manuel Campos Díaz  
Praza San Gregorio, s/n  
C.P. 15293 Carnota.

María Dolores Candanedo Gunturiz  
Fac CC Educación. Campus de Elviña.  
Universidade da Coruña.  
C.P. 15071 A Coruña.

Gertrudis Capelán Seoane  
Praza Maestro Mosquera, nº 1  
Aranga.

José Antonio Caride Gómez  
Fac.CC Educación. Campus Sur. Universidade  
de Santiago.  
C.P. 15782 Santiago.

María del Mar Carro López  
Dpto. Cultura.  
Concello de Abegondo.  
C.P. 15318. Abegondo.

Ana Castaño Camejo  
Avda. do Concello, s/n  
C.P. 15500 Fene.

María del Carmen Castro Pombo  
Pazo da Cultura.  
R/ do Pau, s/n  
C.P. 15100. Carballo.

Susana Castro Rodríguez  
R/ Lois, nº33  
C.P. 15380. Oza dos Ríos.

Socorro Cea Vázquez  
Deputación da Coruña  
R/Alférez Provisional, s/n  
Portavoz do BNG  
A Coruña.

Alfonso Conde Miguélez  
R/ Forte, s/n  
C.P. 15881. Boqueixón.

Nieves Coto García  
Dpto.Cultura.  
Concello de Carballo  
C.P. 15100. Carballo.

Clara Cortés Méndez  
Cogami  
Avda. Joaquín Planells, ed. Milagrosa.  
A Coruña.

María Dolores Cousillas Sánchez  
Dpto.Cultura.  
Concello de Ponteceso.  
C.P. 15110. Ponteceso.

Francisco Javier Couto Castro  
Dpto. Cultura  
R/ Concello, nº18  
C.P. 15110. Ponteceso.

Pablo Chacón Souto  
Praza de España, nº1  
Curtis.

Jerónimo Díez Domínguez  
Praza de Galicia, nº1  
C.P. 15173. Oleiros.

María José Doporto Sabín  
R/ Carreira, nº98  
C.P. 15630. Miño  
A Coruña.

Mario Eijo Barro  
Casa do Concello  
Camiño Real, s/n  
C.P. 27780. Xove  
Lugo.

Marcelino Esmorís Rey  
Quinta Feira.  
A Laracha.

Xosé Ramón Fariñós López  
Centro Cultural e Xuvenil  
C.P. 15250. Muros.

Carlos Fernández Puyol  
R/ Edificio Serv.Multiples  
C.P. 15670. O Burgo- Culleredo.

Beatriz Figueira Ordóñez  
Casa da Cultura  
Praza Castelao, s/n  
Rianxo.

Raúl Fraguela Vale  
Facultade de Educación  
Universidade da Coruña  
C.P. 15071 A Coruña

Diego García Mella  
Praza de Galicia, nº1-  
C.P. 15173. Oleiros- A Coruña.

Diana García Olagorta  
R/ Paseo del Puerto, s/n.  
Sada- A Coruña.

Alberto García Sánchez  
R/ Principal, nº 77  
C.P. 15930. Boiro

Esther Garrido Pan  
Praza de Galicia, nº1  
C.P. 15173. Oleiros-A Coruña.

Susana Gómez Mourelle  
Concellaria de Educación,  
C.P. 15330. Ortigueira.

Rita Gradaílle Pernas  
Fac. CC. Educ. Campus Sur. Universidade de  
Santiago.  
C.P. 15782 Santiago.

Milagros Hermida Miser  
Avda. Rodríguez de Viguri, nº12-2ºA,  
C.P. 15703. Compostela.

María Luisa Iglesias Ares  
R/ Ramón Cabanillas, nº14.  
Culleredo.

Rosario Iglesias Iglesias  
R/ Forte, s/n  
C.P. 15881. Boqueixón.

Xabier Iglesias Oviedo  
R/ Adro, nº1  
C.P. 15660. Cambre- A Coruña.

Sonia Iglesias Recarey  
R/ Paseo Fluvial, s/n Arteixo  
A Coruña.

Raquel Jabares Fernández  
R/Visitación de Encina, nº7-4ºA.  
O Burgo- Culleredo  
A Coruña.

Fernando Ramón Lavandeira Suárez  
Casa da Cultura  
Praza Castelao, s/n  
C.P. 15920. Rianxo.

María Nieves Lema Vilariño  
Praza do Concello, nº6.  
Vimianzo.

Pablo M. Lista Suárez  
Dpto. Deportes  
R/ Emilio González, nº1  
C.P. 15113. Malpica.

Begoña Llamosas Albizu  
R/ Río Monelos, nº1.  
A Coruña.

María Isabel Longueira Mira  
R/ San Roque, nº 15-23-7º C  
A Coruña.

Víctor López Carbajales  
R/ Da Vesada, s/n San Lázaro  
C.P. 15703. Santiago.

Enrique Manuel López González  
Casa Cultura "Cuartel Vello"  
Praza Castelao s/n. Rianxo.

María del Pilar López Pérez  
Casa da Cultura, R/ de Lugo, nº1  
C.P. 27780. Foz- Lugo.

Josefina Maestu Almeida  
R/ Estrada Coruña, nº12.  
C.P. 15165. Bergondo.

Loreto Marcote Lago  
Dto. Cultura  
Concello de Fisterra.  
C.P. 15155. Fisterra.

Rosalino Mariño Rey  
Edif. Serv. Múltiple, R/ da Pataca.  
C.P. 15147. Coristanco.

Martín Martínez Rioboo  
R/ A Carballa, s/n  
C.P. 15115. Cabana de Bergantiños.

María José Martínez Veira  
Dpto.Cultura,  
Concello de Carballo.  
C.P. 15100. Carballo.

Manuel Monge González  
Praza María Pita, nº1.  
BNG  
A Coruña.

Pablo Montero Souto  
Avda. General Sanjurjo, nº254-256, 8ºC-  
C.P. 15006. A Coruña.

Carmen Morán de Castro  
Fac. CC. Educación Campus Sur.  
Universidade de Santiago.  
C.P. 15782. Santiago.

María Lucía Mosquera Miramontes  
Oficina Municipal do PP  
Concello de Santiago de Compostela

Juan Antonio Mouro Grille  
Centro Cívico Cultural, R/ Paseo Farral, s/n.  
Arteixo.

Santiago S. Nieto Romarís  
Concellaria Educación, Cultura e Xuventude  
Concello de Outes  
C.P. 15230. Outes.

Antón Lois Noceda Carballo  
R/ Santa Ana, nº12  
C.P. 15500. Fene.

Alba Nocide Amor  
Dpto.Cultura  
C.P. 15810. Arzúa.

José Manuel Nuñel Costa  
Rúa do Concello s/n,  
C.P. 15110. Ponteceso.

Vanessa Orol Gómez  
R/ Pena, nº 63 Vieiro-Viveiro  
C.P. 27869  
Lugo.

Ana Oteruelo Pérez  
R/ AlfonsoVII, nº1  
Culleredo.

Diego Parajó Naveira  
Avda. Rodríguez de Viguri, nº12-2ºA-  
C.P. 15703. Santiago.

Juan Ramón Paseiro Parcero  
Dpto.Xuventude  
C.P. 15670. Culleredo.

*María del Pilar Paz Delgado*  
R/Adro, nº1-  
C.P. 15660. Cambre-A Coruña.

*Julio Pesquero Murillo*  
R/Beiramar, nº3-1º E-  
C.P. 15172. Oleiros- A Coruña.

*Carlos Pereira Martínez*  
R/ Eladio Rodríguez, nº19-5º.  
A Coruña.

*Jesús Pérez Fernández*  
Avda.da Pasaxe, nº47-2ºA.  
A Coruña.

*Manuel Pérez Rúa*  
R/Casa do Concello, As Barcas, nº2  
Moaña  
Pontevedra

*Luz Picos Fernández*  
Museo do Pobo Galego  
Santiago

*Héctor M. Pose Porto.*  
Fac.CC. Educación, Campus de Elviña.  
Universidade da Coruña  
C.P. 15071 A Coruña.

*Celesino Poza Domínguez*  
R/ Alférez Provisional, s/n.  
Deputación de A Coruña.

*Irene Rama Nión*  
Dpto.Cultura,  
Concello de Carballo.  
C.P. 15100. Carballo.

*Fernando Regueiro Dequidt*  
R/ Nueva, nº18-1ºD.  
A Coruña.

*Jorge Rivera Correa*  
R/Armada, nº1 Vilarmaior.  
C.P. 15637. Vilarmaior.

*Fco. Javier Rivera Méndez*  
Centro Social, Alameda, s/n.  
C.P. 15330. Ortigueira.

*Xosé Manuel Rodríguez-Abella Gómez*  
Dpto. Educación e Mocidade do Concello de  
Santiago  
C.P. 15705. Santiago.

*Fco. Javier Rodríguez Díaz*  
Forum Metropolitano  
R/Río Monelos nº1  
C.P. 15006. A Coruña.

*Enrique Rodríguez Ordóñez*  
Forum Metropolitano  
R/Río de Monelos.  
C.P. 15006. A Coruña.

*Diego Rodríguez Piñón*  
R/ Felgosas, s/n.  
Cercido.

*Xoán Pastor Rodríguez Santamaría*  
Avda.da Atalaia, s/n  
C.P. 15995. Porto do Son.

*Mary Cruz Sabio Teijeiro*  
Dpto.Cultura do Concello de Ortigueira  
C.P. 15330. Ortigueira.

*María Salcines Martínez*  
R/ da igrexa, 4 4º-1º A  
C.P. 15100. Carballo.

*Fco. Javier Sánchez Alonso*  
Praza Catelao, s/n  
Casa da Cultura.  
Rianxo.

*Carolina Sánchez Blanco*  
R/ Polígono, nº7-3 esq.  
C.P. 15679. Temple- Cambre. A Coruña.

*Pilar Sánchez Ulloa*  
Dpto. Cultura e Asuntos Sociais.  
C.P. 15685. Mesía.

*Ana Isabel Santiago López*  
R/Camiño Grande, nº15, Limodre.  
C.P. 15627. Fene.

*María de los Ángeles Santos Botana*  
Dpto.Cultura e Educación  
Concello de Abegondo  
C.P. 15318. Abegondo.

*María Dolores Santos Maneiro*  
Centro Cultural e Xuvenil  
C.P. 15250. Muros.

*Silvia Sar Insua*  
Dpto. Cultura,  
Concello de Fisterra.  
C.P. 15155. Fisterra.

*Araceli Serantes Pazos*  
Fac. CC. Educación, Campus de Elviña,  
Universidade da Coruña  
C.P. 150071 A Coruña.

*María Beatriz Souto Espiñeira*  
C. M. De Formación e Emprego "Pablo  
Picasso".  
Culleredo.

*Miguel Suárez Fuentes*  
Pazo da Cultura, R/Pan, s/n  
C.P. 15100. Carballo.

*María Dolores Vales Hortas*  
R/ Consistorio, nº10  
C.P. 15314. Paderme.

*José María Varela Martínez*  
R/A Carballa, s/n  
C.P. 15115. Cabana de Bergantiños.

*María José Vázquez Bermúdez*  
Avda. San Campio, s/n  
C.P. 15230. Outes.

*Perfecto Vázquez Lema*  
R/A Carballa, s/n  
C.P. 15115. Cabana de Bergantiños.

*Xosé Lois Vázquez Pardo*  
R/Murillo, nº20-baixo  
C.P. 32001. Ourense.

*José Antonio Vázquez Sánchez*  
Praza do Portal, nº1.  
C.P. 15813. Sobrado.

*Marisa Vázquez Sánchez*  
Dpto. de Cultura e Deportes, Concello de  
Betanzos.  
C.P. 15300. Betanzos.

*Enma Sofía Vidal Súarez*  
Dpto. Cultura e Deportes,  
Concello de Ponteceso.  
Ponteceso.

*Natividad Villaamil Abad*  
Avda. Alxeciras, nº61.  
Neda.

*Jordi Pascual i Ruíz*  
Paseig de Sant Joan, 664 3r 2A  
E-08009 Barcelona

*Roberto Gómez de la Iglesia*  
C/ Mondragón, 11  
Polígono de BETOÑO  
E-01013 Vitoria-Gasteiz

*Luís Álvarez Pousa*  
Facultade de Xornalismo  
Universidade de Santiago  
Santiago de Compostela  
A Coruña

*Aina Calvo*  
AECI  
Avda. Reyes Católicos, 4  
28040 Madrid

*Mercedes Rosón*  
Concelleira do Casco Histórico  
Concello de Santiago de Compostela  
A Coruña

*Carlos López Crespo*  
Alcalde de Serra de Outes  
Serra de Outes  
A Coruña